

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 111

Sesión plenaria
25 de xaneiro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Proposicións non de lei

3.6 46720 (11/PNP-003901)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 435, do 11.01.2023

Punto 4. Interpelacións

4.2 45218 (11/INT-002234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis

Sobre a situación macroeconómica de principios de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

4.3 45499 (11/INT-002247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis

Sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 47241 (11/POPX-000091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás necesidades das galegas e dos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

5.2 47242 (11/POPX-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a valoración das subidas dos prezos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 45605 (11/POP-006725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificar o Código penal para derrogar o delito de sedición

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.2 45631 (11/POP-006738)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis

Sobre a entrada en funcionamento da nova estación de autobuses de Vigo o pasado día 17 de decembro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.3 46258 (11/POP-006994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender as alegacións do Concello de Cambre respecto do trazado da vía Ártabra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

6.4 45647 (11/POP-006747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir a avanzar na mellora da formación profesional básica en Galicia nos vindeiros cursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.5 46158 (11/POP-006944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación das infraestruturas deterioradas no IES Concepción Arenal, en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

6.6 47211 (11/PUP-000298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre o sistema e criterios escollidos para acceder ás axudas do programa Impacto Autónomo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023



6.7 45641 (11/POP-006742)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a planificación dos recursos humanos establecida para o traslado e desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 431, do 04.01.2023

6.8 46952 (11/POP-007185)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre o suposto déficit de prazas MIR habilitadas polo Goberno central e a renuncia do Goberno galego a convocar a totalidade das que dispón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

6.9 46842 (11/POP-007158)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o sector do cerco de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás necesidades das galegas e dos galegos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración das subidas dos prezos en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Alteración da orde día

O señor presidente anuncia unha modificación no desenvolvemento da orde do día pola que se adianta a formulación de tres das preguntas ao Goberno. (Páx. 21.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir a avanzar na mellora da formación profesional básica en Galicia nos vindeiros cursos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 21.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 22.)

Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 23.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 24.)



Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación das infraestruturas deterioradas no IES Concepción Arenal, en Ferrol. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 25.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 26.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 28.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 28.)

Pregunta de D. Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o sistema e criterios escollidos para acceder ás axudas do programa Impacto autónomo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 30.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 31.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 32.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Promoción de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 33.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candía López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 37.) e *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 41.)

Nova intervención da señora Egerique Mosquera (P). (Páx. 44.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno español en relación coa alta velocidade: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza e a exclusión social das mulleres: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a xestión das axudas para a dependencia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos provocados polas riadas en diferentes concellos galegos: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candía López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia: *aprobada por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 48.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional relativa á conmemoración anual do Día en Memoria das Vítimas do Holocausto, que se aproba por asentimento. (Páx. 48.)

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 52.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 56.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 58.)

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 63.)

Réplica da autora: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 68.)



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificar o Código penal para derrogar o delito de sedición. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 69.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 73.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a entrada en funcionamento da nova estación de autobuses de Vigo o pasado día 17 de decembro. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 76.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender as alegacións do Concello de Cambre respecto do trazado da vía Ártabra. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 80.)

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación dos recursos humanos establecida para o traslado e desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 84.)



Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o suposto déficit de prazas MIR habilitadas polo Goberno central e a renuncia do Goberno galego a convocar a totalidade das que dispón. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 86.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 88.)

Remata a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto quinto da orde do día, que son preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás necesidades das galegas e dos galegos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Rueda, os grandes logros de Galicia no ano 2022, non segundo o PSdeG, senón os organismos oficiais, poden resumirse moi sucintamente do seguinte xeito.

Mire, segundo o Instituto Galego de Estatística, ao longo do ano 2022 incrementouse en 4 puntos o número de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, o cal ademais afecta con máis intensidade fogares unipersoais e monoparentais. Multiplicouse nada menos que por 4 o número de fogares que tiveron que modificar os seus hábitos de compra e incrementáronse en 16 puntos os que tiveron que renunciar a gastos comúns como roupa, calzado, gas, electricidade, etc.

En Galicia o incremento do IPC é superior ao do Estado, á media do Estado, que, por certo, é a menor de toda a Unión Europea. E todo isto, evidentemente, afecta os colectivos de menor renda, que, por certo, sabe vostede que son aqueles que nunca se van ver beneficiados pola redución do imposto do patrimonio.

Se descoñece estes datos, mal; se os coñece e non está moi preocupado, peor.

Pero é que o índice de produción industrial en Galicia no que vai de ano baixou 2 puntos, mentres a nivel estatal superou os 3 puntos; 5 puntos de diferenza. E, segundo o informe do Foro Económico de Galicia que coñecemos onte, o incremento do PIB en Galicia é a metade do Estado. En palabras literais: estamos desacoplados do resto do Estado, abandonamos a axenda de converxencia do noso produto interior bruto, e iso, evidentemente, fala do desacerto das súas políticas económicas.

Somos cada vez menos: 107.000 persoas menos que no ano 2010. Producimos menos, temos menos renda familiar. En definitiva, somos unha comunidade autónoma minguante. Non hai neste momento colectivo que non teña motivos de preocupación, ningún colectivo que non estea ameazado ou ben pola incerteza do seu futuro ou pola certeza de que o seu Goberno, o Goberno que vostede preside, non vai estar ao seu lado.



E voulle poñer soamente uns exemplos. As súas políticas son letais para os traballadores autónomos; ¿como, se non, cabe explicar que haxa 3.000 menos no ano 2022? En materia de vivenda, de servizos públicos, en definitiva conectados directamente co Estado do benestar, vostedes non teñen practicamente executado nada dos 54 millóns destinados a favorecer o acceso á vivenda. Así que ¿cando teñen pensado vostedes pagarlles ás persoas que precisan axuda para poder costear a súa vivenda?

Para as persoas maiores que agardan por un centro de día ou unha praza nunha residencia, ¿que resposta lles pode dar vostede hoxe, 25 de xaneiro?

En materia de protección social, ¿que medidas de alcance anunciaron, que medidas para que esas 700.000 persoas que temos nesta comunidade autónoma en situación de risco de exclusión social, ou as 170.000 que están en situación de privación material severa, poidan ter un futuro mellor?

E podería seguir, podería seguir coa xente do mar, do agro, pero, evidentemente, non dispoño de tempo.

Señor Rueda, ¿que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás necesidades de Galicia, das empresas, dos autónomos, das persoas, etc.? Señor Rueda, explique aquí hoxe que medidas vai adoptar o seu Goberno. Supere a fase das vaguidades, dos anuncios, na que ten convertido o seu Goberno, máis semellante a unha empresa de publicidade que a un goberno dunha comunidade autónoma. Díganos medidas concretas para que, polo menos, as coñezamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señor Álvarez.

Celebro, ante todo, despois deste mes tan apaixonante que vostedes tiveron no seu partido, encontralo outra vez nestas preguntas e encontralo igual que sempre. Mire, fai vostede unha pregunta, formula unha pregunta moi xeral: ¿cales son, como queremos atender as necesidades dos galegos?, que é certo que son moitas e variadas, e, polo tanto, ten que entender que a resposta ou tería que entender que puidera ser xeral, pero non o vai ser. Eu voulle dar datos moi concretos.

Por suposto que coñezo os datos que vostede dá. Estou acostumado tamén a que os terxiverse. Hai outros moitos datos que vostede tamén coñece pero que, dende logo, non vai dicir.



E, dende logo, eu voulle contestar con iso. Decía: non diga vaguidades, diga cousas concretas. Non se preocupe, que vai ter unha resposta concreta.

¿E como a vai ter? Pois a través do instrumento co que actúa o Goberno da Xunta de Galicia, co que debería de actuar calquera goberno serio para solucionar as necesidades das persoas ás que se debe, que son os orzamentos. Nós xa o fixemos, xa sabemos para que aprobaron vostedes os orzamentos, o seu Goberno en Madrid: para cubrir as necesidades de certas persoas moi concretas que os apoian electoralmente. Nós, en cambio, facémolo para apoiar as necesidades dos galegos. E, polo tanto, non se preocupe, que mentres este goberno da Xunta de Galicia teña responsabilidades, imos atender os problemas reais da xente, as necesidades da xente, apoiar as persoas e as familias, coidar de que teñan un presente e un futuro laboral, o futuro dos máis novos, servizos públicos de calidade. Esas son as necesidades reais.

E, polo tanto, mire, creo que atender ás necesidades reais é conseguir que nesta declaración da renda os galegos vaian pagar de media 450 euros menos do que pagaban con vostedes. (Aplausos.)

Atender ás necesidades reais da xente, señor Álvarez, por moito que lle fastidie, é seguir construíndo novos centros para maiores e seguir ampliando as prazas. Estámolo facendo, está nos orzamentos.

Incrementar os avais para que os máis novos poidan acceder á súa primeira vivenda. Vostedes convérteno case en imposible. ¿Como me pode dicir que non executamos axudas para vivenda que vostedes nos traspasaron, o seu Goberno amigo en Madrid, no último trimestre do ano, cando tiveron todo o ano pasado para facelo? Ou sexa, hai unha lentitude tamén no traspaso das axudas de vivenda, porque ao final son Next Generation e vostedes co Next Generation todo o mundo sabe que teñen un problema, e dinos que nós empezamos tarde a executalas; en canto nolas traspasaron, señor Álvarez. Informe diso tamén.

Mire, maior investimento público en materia de axudas enerxéticas para axudar máis de 85.000 fogares que van necesitar esa axuda, para pagar os recibos de electricidade, de calefacción, de auga quente. Conxelamos os prezos das autoestradas autonómicas —non como vostedes—. As taxas universitarias van catorce anos xa conxeladas, as máis baixas de España. Primeira comunidade autónoma onde as escolas infantís son gratuítas: 55 millóns de euros; 25 millóns de euros para libros escolares; 50 millóns de euros para comedores.

Máis de 60 millóns en axudas directas para autónomos. Decía vostede que hai que axudar os autónomos; por suposto. Onte decía o seu supoño que líder, señor Formoso, que está ben, pero non é dabondo. Pois mire, son 60 millóns de euros máis dos que destina o Goberno central para axudar os autónomos. Todas as axudas que teñen os autónomos son axudas da Xunta de Galicia.

Incrementamos substancialmente as liñas de avais do Igape, as axudas para investimentos, para I+D. Aumentamos as axudas ao noso sector primario, anticipamos as que lle teñen que chegar da Unión Europea. Aumentamos os bonos alugueiro tanto ás familias desfavorecidas como á xente máis moza. O gasto sanitario máis alto da historia.



En definitiva, señor Álvarez, aplicamos para tempos difíciles receitas para intentar cubrir as necesidades dos galegos. Iso é o que hai que facer, iso é o que realmente é unha política útil. Estas son medidas concretas e non vaguidades. Se queren unirse a isto, perfecto. Se queren, pois, en fin, como estiveron este mes, dicindo que se Messi sae a xogar ao campo ou non, se segue o suplente, iso son cousas súas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, a verdade é que eu tamén me alegro. Ben, en realidade non me alegro, alégrome por vostede, pero láméntoo por Galicia, que vostede está igual que o ano pasado, igual. (*Aplausos.*)

Mire, se quere vostede facer oposición ao Goberno do Estado, ten vostede dúas vías. Unha máis inmediata: se quere, podémolo mandar ao Senado, podemos quitar o señor Feijóo ou o señor Tellado, que para o que fan por Galicia a diferenza non se vai notar moito, ou ben pode presentarse vostede ás próximas eleccións xerais.

Pero parece mentira que fale vostede de orzamentos de entrega a non se sabe moi ben quen, cando neses orzamentos vai un incremento das pensións do 8,5 por cento, vai un incremento do 15 por cento do ingreso mínimo vital e das pensións non contributivas, vai a redución ao 4 por cento dos alimentos cunha eliminación do IVE nos produtos básicos, van 20 céntimos de desconto para o sector profesional do transporte, agricultores e pescadores, un límite ás medidas de incremento do alquiler do 2 por cento, gratuidade de cercanías e de media distancia, redución do IVE da electricidade ou do gas ou unha axuda de 200 euros para máis de 4 millóns de familias. Esas son medidas concretas.

A súa medida concreta estrela, que vostedes cifran permanentemente nun aforro de 400 euros, ¿sabe que supón na realidade, segundo os técnicos? Entre 35 e 90 euros, por deflacción do tramo do IRPF. ¿Iso son medidas concretas? Si. ¿Son medidas exiguas? Tamén. Esa é a realidade da súa política.

Pero mire, despois de escoitalo, podemos concluír que non hai nada novo. Pero vostede, señor Rueda, é o presidente da Xunta de Galicia e ten que responder sobre a actuación do Goberno galego. Mire, eu creo que nin a mocidade nin os maiores nin a xente do rural nin dos ámbitos urbanos, nin os agricultores nin a xente do mar nin os traballadores por conta allea nin os autónomos nin os homes nin, por suposto, as mulleres reciben as respostas que necesitan.

Sabe vostede cales son as medidas que ten que implementar. Pero voulle dicir que, en primeiro lugar, debера ser quen vostede, porque é o presidente do Goberno desta comunidade



autónoma, de recuperar de forma inmediata a axenda de converxencia que nos leva a que neste momento esteamos desacoplados economicamente do resto do Estado en cuestión de crecemento económico.

E xa que ao señor Núñez Feijóo lle gusta tanto o «triplo a» —el saberá por que—, eu tamén lle vou dar un «triplo a» para que oriente vostede as súas políticas.

En primeiro lugar, adapte as medidas políticas que necesita esta comunidade autónoma. En segundo lugar, plasme esa adaptación en axudas —que é o segundo «a»—. E o terceiro é que sexan áxiles na adopción desas medidas. Porque ¿sabe cal é o problema? Que mentres a Comunidade Autónoma está vendo e oíndo no seu reloxo tic-tac, tic-tac, mentres espera polas súas medidas, o Goberno galego ¿que fai? TikTok.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, non se equivoque: as medidas que vostede anuncia dicía que como Goberno central non estaban nos orzamentos; nos orzamentos sería facer unha política seria, unha política planificada. Por suposto, os orzamentos eran para outra cousa, era para seguir manténdose no poder un pouco máis o señor Sánchez e todo o meteu ao final nese decreto de última hora, que perdoe que lle diga: ¡oia!, ten medidas que nós dixemos que estaban ben, entre outras cousas, porque as pedira o Partido Popular durante moito tempo, e díxosenos que iso non valía de nada, pero está incompleto.

Agora entendo a postura do Partido Socialista. Vostede acaba de dicir que se baixa o IVE dos produtos alimentarios básicos. A vostede dálle igual, pero eu dígolle que a Galicia lle importa moito e para a xente en Galicia falta o IVE do peixe e da carne. (*Aplausos.*) Que lle quede claro.

Igual que vostede di que as medidas que tomamos nós non teñen impacto. Ao mellor podía dicirlle que esa axuda que ao final son 16 euros ao mes para as familias desfavorecidas, a que vostedes aprobaron a bombo e platillo, esa baixada do IVE no que lle acabo de dicir, e que supón de media, como moito, 6 euros ao mes para cada familia, se vostedes cren que con iso cumpriron, eu dígolle que non. Cúmprese planificando nos orzamentos e non a golpe propagandístico, señor Álvarez.

Eu xa sabía que as medidas concretas que lle ía dicir non lle ían servir, ía descualificalas, vostede xa as coñece de sobra pero nunca as vai recoñecer; entón, vouno intentar con medidas novas; a ver se, como non as coñece, non as pode descualificar; a ver se escoitándoas por primeira vez lle parecen ben. Ademais, voulle falar dunha necesidade fundamental; hai moitas, pero eu creo que a saúde é a primordial, e, polo tanto, é a que máis hai que coidar.



Creo que se Galicia se caracteriza por algo é por ter unha saúde preventiva, por coidar moito todo o que ten que ver coa prevención da saúde, que evita moitos males maiores, e recoñecerá vostede polo menos, porque o fan todos os expertos, que por exemplo en vacinación estamos á cabeza do Estado, e hai moitas vacinas que están aquí no calendario que se están poñendo polo Servizo Galego de Saúde que noutras comunidades autónomas nin se plantexan e que teñen que seguir pagando as familias. Avanzamos moito. Por exemplo, este mesmo ano vaise levar a todas as áreas sanitarias o programa de detección do cancro de cérvix.

E algo moi importante que lle quero dicir: mire, xa se vai implantar un programa pioneiro en Galicia —que logo se xeneralizou noutros sitios— que é o programa de prevención do cancro de mama. Imos ampliálo a 200.000 mulleres máis. *(Aplausos.)* Non, non poña esa cara. 200.000 mulleres máis, un 50 por cento máis; báixase a idade mínima de 50 a 45 e sóbese a máxima para facer o programa, para entrar no programa, de 69 a 74. É lamentable a cara que acaba de poñer vostede, pensando que iso non é unha necesidade; é unha necesidade para moitísimas mulleres. *(Aplausos.)* Non me estraña esa desconexión.

Mire, hai outras moitas necesidades. A min gustárame que vostedes viran como unha necesidade que, mentres se lles dá a través dos fondos Next Generation e sen convocatoria a outras comunidades autónomas o que se lle nega a Galicia, mentres o Ministerio de Fomento, o Goberno de España, nos di que non se pode falar de prazos para os trens de alta velocidade que teñen que chegar a Galicia, porque iso compromete a seguridade, vemos anuncios institucionais —iso si que é propaganda— dicindo que van chegar antes do mes de xuño os novos trens de alta velocidade, que van facer o percorrido entre Madrid, Barcelona e Francia; para iso si que hai prazos; para nós, non.

En fin, estes son exemplos claros do trato. Contra o que vostede dicía, eu non lle quero facer oposición ao Goberno central, quérolle dicir que a Galicia lle ten que dar o que merece, simplemente, señor Álvarez.

Polo tanto, mire, van ter vostedes unha nova oportunidade. Este venres vai estar aquí o presidente de Castela-León, do Partido Popular, e o presidente de Asturias, do Partido Socialista. Mire, veñen a algo moi evidente e moi fundamental, que é dicirlle ao Goberno central, ao seu Goberno central, ao seu presidente, tamén o meu —pero non o parece, polo menos de Galicia—, que non queremos quitarlle nada a ninguén pero non queremos que nos quiten nada a nós. E, polo tanto, algo tan fundamental como o corredor de mercancías atlántico ten que ser unha realidade canto antes. Non pode ser que teñamos 30.000 euros para todas as infraestruturas ferroviarias en Galicia e que vexamos —aí si— consignados e licitados centos de millóns para outras zonas de España.

Polo tanto, teñen vostedes unha oportunidade. Iso tamén son necesidades da xente. Están vostedes invitados, como segundo partido nesta cámara. Veremos se por unha vez son capaces de desairar a Ferraz, de desairar a Moncloa e de dar a cara por Galicia. Verémolo o venres.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración das subidas dos prezos en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas. Señor Rueda.

Seguimos en plena crise de prezos e hoxe os galegos e as galegas soportan unha subida do IPC do 6,4 por cento, cunha inflación que mes tras mes segue sendo máis alta aquí que na media do Estado. E a situación é moito peor cando falamos de produtos básicos de alimentación. Estamos falando de incrementos do 30 por cento, do 40 por cento e até do 60 por cento. Sobe a cesta da compra, soben as hipotecas, sobe a factura da luz. E ¿que fai o Goberno do Partido Popular para axudar a xente deste país? Nada de nada. O que vostedes lles ofrece aos galegos e ás galegas son recortes e privatizacións na sanidade pública e vender Galiza a prezo de saldo ás eléctricas, que están gañando diñeiro a mans cheas mentres o país vai a menos, mentres Galiza queda atrás. E aí están os datos, que son claros e rotundos.

Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque os prezos soben máis que a media do Estado. Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque o índice de produción industrial aquí baixa 1,9 por cento mentres no Estado subiu o 2,8 por cento. Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque temos 28.400 persoas menos traballando que hai trece anos, temos menos taxa de actividade e temos menos taxa de ocupación. Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque perdemos autónomos e autónomas, 22.800 menos; só no último ano perdemos 3.000 e no Estado sumaron 108.000. Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque o PIB, é dicir, a riqueza deste país, medra cinco veces menos que no Estado. Co Partido Popular Galicia está quedando atrás, porque as nosas exportacións van peor e baixa o consumo das familias e tamén das empresas mentres sobe no Estado. Co Partido Popular Galiza está quedando atrás, porque o seu Goberno vota en contra das medidas a favor da maioría; faino cando veta a proposta do BNG para ter unha tarifa eléctrica galega, mentres lle está dando barra libre ao espolio eólico deste país. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, mentres vostede traballa para as eléctricas, Galiza está quedando atrás e desde logo as solucións non van vir nin da propaganda nin de votar... *(Murmurios.)*—cando acaben a conversación, remato, grazas— *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, claro. Non sei se o señor vicepresidente quere ocupar o lugar do presidente, pero en fin...

Señor Rueda... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando me permitan os deputados do PP continuar. Non, xa. Xa sabemos como lles gusta a democracia. Interromper cando falan *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* os deputados do BNG e esta portavoz *(Aplausos.)* é a súa especialidade.

¿Podo continuar, presidente?

Moitísimas grazas.



Ben, señor Rueda, ¿ten previsto facer algo para axudar os galegos e as galegas a saír desta crise ou vai seguir cruzado de brazos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede, que pasa a metade do tempo cando eu estou respondendo normalmente —ao mellor hoxe non o fai— falando coa súa compañeira de escano, ten esa pel fina da que fai gala sempre ata para dicir que eu non podo nin falar co meu compañeiro. Que lle vou dicir o que me estaba dicindo: que é increíble que vostede teña dito aquí que as exportacións galegas van en picado cando este último trimestre se acaba de bater o récord de todos os tempos. (*Aplausos.*) Síntoo moito, síntoo moito. E así, todo, señora Pontón.

Vostede fálame de espolio eólico. Onte non foron capaces de opoñerse a un decreto que di que non hai que facer declaración de impacto ambiental en Galicia dende o Goberno central para autorizar instalacións eólicas. (*Murmurios.*) Pero ¿que me está contando, señora Pontón?, ¿que me está contando? Ao mellor non o sabe, claro, ten esa desconexión cando lle interesa do señor Rego, deputado que teñen en Madrid, e, polo tanto, o que fai faino por libre, e aquí pode facer unha cousa e alí facer outra e a contraria e non pasa nada. Pois si que pasa, señora Pontón, si que pasa. O que se fai alí inflúe en Galicia, e moito, e normalmente nunca para ben. E aquí intentaremos facer o posible para contrarrestar todo iso e para preocuparnos dos problemas reais.

Faime unha pregunta concreta: ¿que opino da suba dos prezos? Pois estamos moi preocupados, igual que as familias, igual que as pemes, igual que os autónomos. Non entendo de que saca peito o señor Sánchez; sacábao onte da inflación. A inflación é un problema en Galicia e en toda España. Outra cousa é como o podemos afrontar; é un asunto moi serio, dende logo, e nós queremos afrontalo moi seriamente. Aquí hai que falar das medidas de cada un. Non llo vou repetir, porque xa llo fixen ao señor Álvarez, como estamos loitando para atender as necesidades da xente e, polo tanto, para loitar contra a inflación.

Vostede, que leva vinte anos en política profesional, sen manexar un so euro público, ao mellor cre que isto se fai doutra maneira; ao mellor non, creo seguro. Isto non vai de facer bos cortes para despois colgar no twitter nin de soflamas nin de consignas. Mire, non hai máis que ir —perdoe que llo diga, porque aquí estamos confrontando modelos e tamén ten dereito a facelo— á parte económica deste documento aprobado hai un ano, (*O señor presidente da Xunta de Galicia mostra un documento.*) «Gañar unha nova Galiza», onde, nun momento en que para loitar contra a inflación todo o mundo está de acordo en que a Unión Europea é fundamental como colchón para moitísimas cousas, vostedes din neste documento —que supoño que é ou será o programa da campaña electoral cando sexa— que a Unión Europea é unha estrutura xurídico-política ao servizo do gran capital e contrario aos intereses das clases populares. (*Murmurios.*) Isto é o que din vostedes da Unión Europea, que nos está axudando claramente.



Pero mire, si, os fondos Next Generation, que, ben manexados —iso si, porque hai que saber manexalos, non como está facendo o Goberno central—, son unha oportunidade para crear miles de postos de traballo cando máis se necesita, ¿vostedes que din deles? Que Galicia non os necesita, que son fraudulentos e reaccionarios. E, por suposto, esa España que ten que ser solidaria, que é o que reclamamos para o cumio do venres, vostedes din que non a necesitamos para nada e dende a presidencia da Xunta de Galiza loitarán por unha República galega e soberana. E isto ten que sabelo a xente tamén, que supoño que o primeiro que fará é aprobar esa tarifa eléctrica galega, da que vostedes sempre están falando e sobre a que todos os expertos, incluídos os seus, cando o poden dicir, vaticinan que o que vai pasar é que suporá un 30 por cento mínimo de aumento automático da factura da luz, señora Pontón.

Estas son as cousas que vostedes defenden. E así, polo tanto, con esa falta de seriedade, sen ese rigor, non se loita contra a inflación; polo tanto, eu pídolle un pouco de rigor. E proclamas, soflamas e ocorrencias están moi ben, pero axudan moi pouco.

Preocupación máxima; medidas para facelo posible, tamén. Se vostedes queren estar con todo iso, de acordo, pero supoño que non ter xestionado nunca diñeiro público leva a este tipo de cousas, e os galegos teñen que saber o que os espera se isto depende de vostede.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, teña coidado cos consellos que lle dá o vicepresidente que ten sentado dúas sillas despois, máis que nada porque que as exportacións van peor que no Estado é que non o di o BNG, acaba de publicalo o Foro Económico de Galiza no seu último informe. A ver se é que lle está dando datos falsos. (*Aplausos.*) Busque mellores asesores en materia económica.

Pero fíxese, señor Rueda, o máis triste é que a súa intervención de hoxe o que nos vén corroborar é até que punto vostedes son un goberno rutinario, instalado na inercia, que lle preocupa moi pouco o sufrimento que está tendo a maioría social deste país e que non teñen absolutamente nada que ofrecerlles aos galegos e ás galegas. O único que está conseguindo o Partido Popular é que Galiza quede atrás. É que con este balance é normal que vostede queira fuxir dun debate do estado da nación, porque sabe que é demoledor o que están facendo con este país.

Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta: ¿que van facer ante a crise de prezos? Que todos os deputados e deputadas puideron escoitalo: nin unha soa proposta, nin unha soa medida, cando temos a inflación por riba da media no Estado.

Soben as hipotecas; hai 225.000 persoas neste país que teñen hipoteca, que están xa pagando entre 150 e 200 euros máis cada mes. ¿Cales son as propostas do Partido Popular? Ningunha,



porque, claro, non vaia ser que se moleste a banca. O BNG si que ten propostas: un fondo de rescate hipotecario para axudar as familias que o están pasando mal e que un 75 por cento teñan que sufragar os bancos. Porque é o mínimo que lle deben á sociedade, despois dun rescate bancario que nos custou 90.000 millóns de euros. ¡Atrévase, señor Rueda! (Aplausos.)

Soben os alimentos, a cesta da compra. ¿Cal é a proposta do señor Rueda? Ningunha. Porque, claro, non vai ser que a distribución se enfade. Pero o BNG si que ten unha proposta: poñamos en marcha un observatorio de prezos para detectar onde se está producindo especulación cos alimentos e freémolo. ¡Atrévase, señor Rueda, a facelo! (Aplausos.)

Sobe a factura da luz, nun país rico en electricidade. ¿E cal é a proposta do Partido Popular? Seguir vetando unha tarifa eléctrica galega para que se lles abarate a luz ás empresas e ás familias. Iso si, vostedes, onte, barra libre para o espolio eólico deste país para que as eléctricas sigan forrándose (Aplausos.); están vendendo Galiza a prezo de saldo ás eléctricas.

Así goberna o Partido Popular e as consecuencias o grave é que a pagan as maiorías deste país. E Galiza non ten por que quedar atrás, porque Galiza é un país rico, con potencial, con capacidade, con xente traballadora para saír a adiante, pero necesita un goberno de verdade, non un goberno de repostos, señor Rueda. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, isto acábanmo de pasar, noticia de onte: «Alemania y Portugal tiran de las exportaciones gallegas, que alcanzan cifras nunca antes vistas». (Murmurios.) Pero, ben, xa vostede no seu turno pode dicir o que queira, non sei se é o que lle gustaría, o que imaxina, fastídiua que as exportacións e outras cousas vaian ben. Non o sei, sinceramente, non o sei.

Dime que non dixen ningunha medida. ¡Oia!, comprendo que vostede nin sequera ten por que sabelo, porque, xa digo, leva vinte anos e non manexou un só euro público nunca. É sempre en contra, nunca a favor. Pero todas esas medidas que lle dixen ao señor Álvarez son as que ten que executar un goberno a través dos orzamentos; o demais son ocorrencias, o demais son consignas. Por suposto que temos moitísimas medidas.

Mire, vostede se cre que o xeito de loitar contra a inflación... Fálame de que non queremos enfadar as grandes distribuidoras. Mire, vandalizando supermercados, como vostedes fixeron —este é un exemplo de moitos que hai (O señor presidente da Xunta de Galicia mostra unhas fotografías.)— (Risos.) (Murmurios.)... Si, rinse, pero é moi valente ir aos supermercados e enchelos de folletos, de pancartas, de papeis, que despois teñen que recoller os empregados dos supermercados, e dicir que vostedes fixeron unha valente e progresista acción contra a inflación. (Aplausos.) Iso é o que fan vostedes, señora Pontón. (Aplausos.) (Murmurios.)



Como dicía, estas medidas van contidas nos orzamentos. É que os gobernos serios facemos iso: aprobar orzamentos, prever medidas para atender ás necesidades da xente, para loitar contra a inflación e executalas. Por iso é tan importante ter os orzamentos en tempo e forma. Por iso é tan importante —debería selo para vostedes— facer emendas con sentidiño, non vir agora con medidas que nin sequera meteron nas emendas dos orzamentos moitas delas; ocórreselles sobre a marcha e dino e hai que facelo; total, non teñen que executalo. Pero nós temos que executalo e, polo tanto, ano a ano seguiremos, levamos moitos anos facendo estas cousas e vostedes sempre votando en contra.

Mire, nos últimos anos o paro baixou en Galicia, 75.000 persoas menos; a riqueza per cápita incrementouse en 1.600 euros; a renda media dos galegos aumentou un 14 por cento, 6 puntos por certo máis que a media nacional; pasamos de estar 2 puntos por enriba da media nacional na taxa de risco da pobreza a estar a gora 1,5 puntos por debaixo; fomos a comunidade autónoma que menos se endebedou dende o ano 2009, e isto é moi importante agora que subiron tanto os xuros. E teremos que seguir por esa senda. E vostedes seguirán facendo o de sempre —proclamas, ocorrencias, votar a todo en contra—, pero así non se axuda nin as familias nin os autónomos nin as empresas, señora Pontón.

O que hai que facer é arroupar, que a economía creza; se crece a economía, crece o país. E, polo tanto, mire, fronte a tantas cifras mentirosas, fronte a tanta demagogia, fronte a todo o que vostede terxiversa —colle a parte do informe que lle interesa; a parte que non, mestúrao, ignora as noticias que non lle conveñen—, ese mesmo informe do Foro Económico —vostede iso non o vai anunciar, por suposto— di que xa neste mes de xaneiro Galicia alcanzará o PIB que tiñamos antes da pandemia, (*Aplausos.*) moito antes do que vai facer a media nacional. Pero iso non o conta, iso non lle interesa, non lle interesa na súa terxiversación da realidade.

Mire, señora Pontón, se o BNG quere ser útil, pois ese deputado influínte que lle ía torcer o pulso ao señor Sánchez en Madrid, ese que ía cambiar o curso dos ríos, que faga algo útil para Galicia. Teñen moitísimas oportunidades. Mire —vostede non o nomeou e faille a mesma graza e ten a mesma falta de interese, polo visto, que o Partido Socialista— ¿por que non presionan para que se baixe o IVE do peixe e da carne, que é fundamental? Iso parece ser que non lles importa demasiado. ¿Por que, en lugar de desprezar e ignorar os fondos Next Generation, non presionan con nós para dicir que temos dereito como mínimo ao mesmo que lles están dando a outras comunidades autónomas onde hai independentistas, que inflúen bastante máis que vostedes? ¿Por que non fai todo iso?

Pode ser, señora Pontón: moi feros en Galicia e moi mansos fronte á Moncloa, e así non se vai a ningunha parte. Polo tanto, mire, se quere traballar cun goberno que non ten máis hipotecas porque ten o apoio suficiente que traballar polos galegos, non ten máis necesidades que intentar cubrir as necesidades dos galegos, loitar contra a inflación, pero loitar en serio; se quere estar contra todo iso... Si, ben, ponme esa cara porque, claro, a vostede este tipo de linguaxes non lle valen, porque nin son soflamas, nin son consignas, nin son propaganda; son cousas certas e serias. (*Aplausos.*) Polo tanto, se vostede quere estar neste lado, aquí nos ten; se non, pois siga; levan vinte anos votando a todo que non, opoñéndose a todo, plantexando cousas como a República independente galega, como dicindo que Europa non vale



para nada, como dicindo que os fondos Next Generation son fraudulentos e non os necesitamos. Esa é a liña do BNG.

Polo menos, agradézolle, iso si, que por unha vez...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...me escoitara, igual que a escoito eu sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde día

O señor PRESIDENTE: Imos substanciar agora tres alteracións da orde do día, que son tres preguntas.

Comezamos coa pregunta de don Ovidio Rodeiro, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir a avanzar na mellora da formación profesional básica en Galicia nos vindeiros cursos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, moi bo día.

A Xunta de Galicia, señor conselleiro, ten unha aposta dende logo que moi clara pola formación profesional, tal como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular. A posta en valor da formación profesional en Galicia foi e segue sendo unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á formación profesional dende a Xunta de Galicia e tamén dende este grupo parlamentario a través de distintas iniciativas tense materializado en moi diversas accións e medidas tanto dende o punto de vista normativo como organizativo. A oferta de titulacións de formación profesional en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado galego.

Hoxe podemos dicir que, grazas a este esforzo, se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, que durante os catro anos de Goberno bipartito houbo unha diminución de 3.000 alumnos matriculados na formación profesional, situación



que se reverteu a partir do 2009, ata o punto de que as matrículas en formación profesional superan as de bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual, que se está desenvolvendo con razoable éxito de colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego. A formación profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas melloraron significativamente.

Témolle escoitado a vostede en moitas ocasións que a formación profesional en Galicia está vivindo unha revolución silenciosa, pero sobre todo porque sempre estivo orientada a outorgar prestixio, confianza e innovación a estas ensinanzas. Neste avance foi fundamental a aposta decidida pola formación profesional básica, que xogou e segue xogando un papel moi importante.

Por todo isto, señor conselleiro, queríamos preguntarlle: ¿que medidas vai impulsar a súa consellería para seguir avanzando na mellora da formación profesional básica en Galicia nos vindeiros anos?

Máis nada, presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer a flexibilidade da Mesa para posibilitar esta alteración da orde do día. E tamén a pregunta do señor deputado, xa que a mesma, esta mesma pregunta, enlaza con dúas cuestións que en certa medida centran a acción política, o impulso político da consellería. Para nós é moi importante a aposta que levamos facendo nos últimos anos pola formación profesional como unha liña estratéxica de acción de goberno da Xunta de Galicia. E tamén ten moito que ver todo o que vostede preguntou co avance que temos logrado contra a redución do fracaso escolar. E ambas as cuestións están orientadas basicamente a dar oportunidades ás persoas mozas e tamén posibilitar que os sectores produtivos teñan profesionais ben formados que poidan nutrir as plantillas empresariais e avanzar desde a perspectiva económica e desde a perspectiva do emprego.

Nos últimos anos levamos un crecemento constante das matrículas de formación profesional. Temos máis de 61.000 alumnos —un tope da historia— e destes 61.000 alumnos cerca de 5.000 están matriculados en máis de 250 ciclos de formación profesional de grao básico, que se oferta, por certo, en máis de 150 centros educativos, en concreto en 151 centros educativos.



Estamos a falar dunha modalidade da formación profesional tremendamente positiva. Estamos a falar de que posibilita a formación profesional básica que os alumnos que a cursan poidan graduarse cando rematan a formación profesional básica en secundaria, rematar os estudos obrigatorios e se desexan poder seguir traballando e estudando no propio sistema educativo, enganchalos co sistema educativo. E tamén, conxuntamente, o que posibilita a formación profesional básica é dar un título profesional, un título competencial que lles permite a estes alumnos —cerca de 5.000— exercer unha profesión. Estamos, polo tanto, ante unha vía para continuar no sistema educativo e estamos tamén ante unha vía que de xeito paralelo posibilita adquirir competencias para insertarse no mundo laboral.

Somos tamén unha comunidade autónoma onde os alumnos deixan menos, temos o menor fracaso escolar de España, xunto a outras dúas autonomías. Creo que iso é tremendamente positivo desde a perspectiva social para os alumnos que cursan esta formación. Co cal, esa dobre consideración (continuar no sistema educativo, conseguir titularse e conseguir formarse, adquirir competencias para adquirir un emprego) falan tremendamente ben da formación profesional básica. E é, sen dúbida, unha aposta de futuro para estes alumnos, para estes mozos e mozas, e é tamén unha liña de traballo que favorece claramente a igualdade de oportunidades.

Temos tamén en Galicia algo que temos que destacar e que é a taxa de éxito desta formación profesional: practicamente o sesenta por cento dos alumnos que a cursan, remátana. Somos a terceira comunidade autónoma de España, despois de Navarra e do País Vasco. É tremendamente positivo este ámbito, e nós imos seguir traballando cunha liña de traballo prioritaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas. Ten outra rolda despois, conselleiro. Grazas. (*O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Falou vostede, conselleiro, de que a formación profesional básica é un instrumento de grande importancia de cara a reducir o abandono escolar, de cara a reducir esa taxa de fracaso escolar. O certo é que Galicia conta neste momento coa taxa de abandono escolar —como dicía vostede— máis baixa da súa historia. Unha situación que foi revertida, evidentemente, a partir do ano 2009, porque a situación que se estaba dando en Galicia, desde o ano 2005 ata o ano 2009, era que a taxa de abandono escolar subía do vinte e dous por cento a case o vinte e seis por cento; é dicir, subía un punto de media por ano durante o Goberno bipartito. Esta situación reverteuse a partir do ano 2009, baixando un punto e medio por ano de media. En definitiva, dezaioito puntos de baixada nos últimos doce anos. Isto, por certo —como dicía vostede—, ten moito que ver coa implantación da formación profesional básica. Esta implantación, por certo —e hai que recordalo—, foi moi atacada polos grupos parlamentarios que hoxe están na oposición nesta Cámara.

Polo tanto, señor conselleiro, gustaríame tamén preguntarlle e pedirlle se pode afondar un pouco máis en como a formación profesional básica pode chegar e pode estenderse, máis e



mellor, no medio rural galego e tamén en como pode atender e dar cobertura aos determinados colectivos específicos que a cursan.

Máis nada, presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Como dicía na anterior intervención, nós temos unha aposta clara, decidida e moi consciente pola formación profesional básica. Entendemos —e valla a redundancia— que é tremendamente básica e fundamental para moitísimos mozos e mozas —ao redor de cinco mil— que, de non ter este camiño educativo, estarían fóra do sistema educativo, estarían na rúa sen ningún tipo de titulación, con moi poucas competencias profesionais, e terían dificultades para reinserirse no sistema produtivo, no sistema laboral e, por extensión, para ter unha vida plena como calquera cidadán.

Cremos que é un instrumento fundamental —como ben se dixo— para reducir o fracaso escolar, para mellorar a empregabilidade en Galicia, para aumentar tamén o alumnado que posteriormente pode inserirse e continuar no sistema educativo. Tamén cómpre mencionar dúas cuestións moi importantes que non puiden referir anteriormente: primeira, a presenza que ten a formación profesional básica no medio rural e, segunda —un camiño tamén moi importante—, a posta en marcha de orientacións, de ciclos específicos, pensando nos alumnos con necesidades educativas especiais ou que teñen dificultades de aprendizaxe, para garantir unha realidade e unha igualdade de oportunidades plena.

Respecto do ensino de FP básica no rural, cómpre mencionar que temos cincuenta e seis centros educativos que imparten esta modalidade, e temos practicamente mil douscentos alumnos nesta modalidade nas zonas rurais, o cal é tremendamente significativo. Estamos a falar de que a FP básica posibilita dar novas oportunidades a este alumnado. Pero tamén son tremendamente importantes —e temos xa algún ciclo que está experimentándose neste momento como un avance moi substancial e da perspectiva social— os ciclos orientados ao fomento da igualdade de oportunidades nos alumnos con necesidades educativas especiais ou que teñen dificultades concretas de aprendizaxe. Son colectivos entre os cales impartimos módulos adecuados á súa situación, que lles permiten ter unha competencia profesional e que lles permitirán no futuro reinserirse dun xeito real no mundo laboral.

Esta formación profesional básica témola, por exemplo, de xeito inicial —exemplo practicamente único no conxunto de España—, no Paseo das Pontes, onde damos oportunidades aos alumnos con necesidades educativas especiais e, algo tremendamente significativo, melloramos a autoestima destes mozos e destas mozas e favorecemos a súa integración social e laboral.



Temos feito moito. Obviamente quedanos ¡moitísimo, moitísimo!, por facer. Temos que seguir traballando na implantación no rural; temos que seguir implantando —moi importante— as FP básicas duais. A este respecto, temos xa tamén dúas en marcha: unha aquí moi cerca, no Politécnico de Santiago, e outra no IES de Vilalonga, en Sanxenxo, que dan oportunidades reais a aqueles alumnos con maiores dificultades de aprendizaxe e que, de non ser por esta liña educativa, poderían encamiñarse a itinerarios vitais realmente complexos.

Imos seguir traballando nesta liña. Temos unha estratexia de formación profesional moi clara, na cal a aposta pola FP básica é un eixo significativo, e pensamos que estamos contribuíndo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, xa terminou o seu tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación das infraestruturas deterioradas no IES Concepción Arenal, en Ferrol

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día.

Obrigado, señor presidente.

O instituto Concepción Arenal de Ferrol, antigo instituto masculino, é dos centros educativos con máis historia da comarca. É un centro que en poucos anos celebrará o seu centenario.

O Concepción Arenal foi durante moitos anos o único instituto e concentraba, polo tanto, moito alumnado de toda a comarca. Nel impártese tamén, desde os anos sesenta, o ensino para adultos, coñecido como nocturno, que, por certo, está hoxe na picota por decisión da súa consellaría.

Nos anos oitenta e noventa, o número de alumnos e de alumnas do centro era habitualmente superior ás mil persoas. Trátase, señor conselleiro, dun centro emblemático para a cidade, que fai parte da memoria vital e sentimental de moitísimas persoas de Ferrol e comarca que cursaron alí os seus estudos ou impartiron aulas. Hoxe, o alumnado do centro é de 875 persoas, ás que hai que sumar noventa e cinco docentes que estudan e traballan diariamente nunhas instalacións que na súa maior parte teñen setenta anos e que se atopan nun estado de abandono máis que evidente para calquera.

O certo é, señor conselleiro, que o instituto masculino e a cidade de Ferrol viviron tempos mellores. E a Xunta de Galiza, o Goberno galego, non está á altura das circunstancias. De feito, a falta de implicación da Xunta co instituto pode ser reflexo dalgún xeito da falta de implicación da Xunta coa cidade de Ferrol. Nel hai fendas moi visibles en diferentes lugares da fachada que provocan humidades; hai cubertas deterioradas; todas as portas das aulas e



doutras dependencias están en moi mal estado —algunha con grandes furados—, igual que o chan, os zócolos, as escaleiras, as fiestras ou o salón de actos.

E aínda hai outra necesidade urxente que hai pouco tempo foi obxecto de atención da prensa local: o insuficiente espazo do pavillón deportivo para impartir as aulas de Educación Física. De feito, a prensa publicou fotografías de rapaces e de rapazas facendo Educación Física nos corredores do centro, o que provocou, a partes iguais, sorpresa, indignación e vergoña allea na cidade de Ferrol. Non sabemos que tipo de reacción causaron na consellaría estas imaxes. Desde logo, sorpresa non puideron causar porque son vostedes ben coñecedores da insuficiencia do pavillón, do mesmo xeito que coñecen todas as demais deficiencias do centro, xa que o Consello Escolar se preocupou de elaborar un informe ao respecto e de envialo á Xefatura Territorial xunto cunha solicitude de entrevista. ¿E sabe que, señor conselleiro? Non tiveron resposta nin dunha cousa nin da outra. Parece que a educación non é o forte da súa consellaría.

En todo caso e infelizmente, xa non causa sorpresa ningunha porque —como lle dicía— non é máis que outro caso, outro reflexo do que é o comportamento habitual da Xunta de Galiza coa cidade de Ferrol.

Desde o BNG pedímoslles que rectifiquen, que reciban a dirección do centro na consellaría e que aquela poida marchar desa reunión cun compromiso claro de comezar este mesmo ano unha renovación profunda do centro, incluída a dotación de máis espazo para as aulas de Educación Física.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Compartimos co deputado do BNG que estamos ante un centro tremendamente emblemático para a cidade de Ferrol. É o instituto masculino. É un centro histórico que ten moitísimos anos e un lugar de referencia para moitísimos ferroláns, con moitísima historia e cunha ubicación tremendamente céntrica, na praza de España, que condiciona, en parte, o que imos dicir a continuación. Estamos a falar —como xa digo— dun centro histórico e compartimos esa referencia e esa reflexión con vostede.

Non podemos compartir con vostede a idea de abandono porque falta á verdade. E falta á verdade porque nos últimos anos se investiron practicamente seiscentos mil euros en diferentes accións: nas caldeiras, na instalación eléctrica, en reformas para novas aulas... Investíronse seiscentos mil euros en moitísimas cuestións nos últimos anos, polo que non se pode falar de abandono, cando se fala desas cifras.



É certo tamén que vostedes, como formación política, neste curso empezaron a trasladar unha mensaxe de que o centro está practicamente na ruína, de que o centro ten grandes deficiencias e que fai falta unha reforma integral. Bueno, é o seu criterio; é o seu criterio político. Obviamente hai que poñer en escala o que está a dicir. A Consellería de Educación ten máis de mil seiscientos edificios e mil cento e pico centros educativos, e obviamente hai moitísimas necesidades que cubrir, hai moitísimas prioridades. Sería inútil negalo. Hai moitísimas cuestións que facer.

Agora, vostedes teñen un criterio e permítame que nós nos fiemos máis dos criterios técnicos das unidades técnicas da consellería que dos criterios do BNG, que fai bandeira política da necesidade dunha reforma integral neste caso.

Tamén falta vostede á verdade cando di que non houbo resposta ás demandas que plantexou o centro. E digo que falta á verdade porque o 9 de novembro —non hai tanto tempo— a propia Unidade Técnica da Xefatura Territorial estivo no instituto. Estivo no instituto avaliando as carencias e as necesidades, todo aquilo que se pode facer, e tamén buscando solucións para unha realidade, que é que en segundo de bacharelato se incrementa unha hora a Educación Física porque a meteu Galicia nos seus currículos. A análise dos técnicos plantéxanos unha serie de conclusións que non están pechadas. Cando se fala dun novo espazo para a Educación Física, hai que ter en conta as características urbanísticas deste centro, a súa ubicación e tamén as posibilidades, dende a perspectiva urbanística, dende a perspectiva municipal, de ver se é viable ou non e de ver tamén o impacto que pode producir cubrir, neste caso, unha pista nun espazo tan emblemático e o seu impacto, no que pode ser, a paisaxe urbana.

E vostede tamén fala de queixas por obras que se poden considerar de menor envergadura. Obviamente, o centro educativo ten uns recursos e remanentes significativos para cuestións que vostede citou e que poden ser pequenas reparacións que se poden facer.

En definitiva, temos que pechar o estudo técnico, temos que ver que alternativas hai e temos que plantexar solucións.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E obviamente non anunciamos máis...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...dos criterios da unidade técnica... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Fernández Alfonso.



O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señor conselleiro, é vostede moi atrevido cando me acusa de faltar á verdade. Hai 875 alumnos e alumnas e noventa e cinco docentes que acoden todos os días ao centro de ensino, e todos e cada un deles e delas teñen perfecta consciencia do estado dunhas instalacións que —como lle dicía— teñen máis de setenta anos, que están visiblemente deterioradas e que son insuficientes e inaxeitadas.

Ademais da ampliación do pavillón deportivo, que, efectivamente, haberá que facer, hai que facer unha renovación das instalacións profunda. E isto é o que demanda o Consello Escolar. Nós trasladamos esta demanda do Consello Escolar. E, loxicamente, quere reunirse coa consellaría, reunirse coa consellaría para tratar esa demanda, poñer en común o informe que se molestou en elaborar e conseguir da consellaría un compromiso, ou, cando menos, contrastalo cos informes oficiais da consellaría, se é que os ten.

Non é tan difícil nin debera resultar insólito, atrevido ou ofensivo que a representación legal e lexítima dunha comunidade escolar —un organismo democrático como é o Consello Escolar— se reúna coa representación do Goberno para dialogar e para intercambiar opinións, demandas e explicacións, a non ser que o seu Goberno desprece os organismos democráticos de representación establecidos na lei.

Señor conselleiro, reúnase coa dirección do centro e coa representación do Consello Escolar e comprométase a comezar esa renovación das instalacións do instituto Concepción Arenal este mesmo ano, incluída a dotación de máis espazo para Educación Física.

Trátase, efectivamente —¡xa vexo!, alégrome de que coincida—, dun centro emblemático para a cidade de Ferrol que debera estar entre as súas prioridades de goberno ou, cando menos, merecer outro tipo de atención.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, digo que falta á verdade e ratifícome. Vostede fala de abandono dese centro: seiscentos mil euros investidos nos últimos anos. Fala vostede de que non houbo resposta ás demandas dese centro, pois a Unidade Técnica da Xefatura Territorial estivo aí traballando. E a Unidade Técnica é a Consellería, igual que a Consellería, ou o propio centro educativo, e estivo traballando e está traballando dende novembro nese ámbito. E falta tamén vostede á verdade cando di que hai un abandono educativo da cidade de Ferrol. En Ferrol temos agora mesmo en marcha proxectos, por máis de cinco millóns de euros, que vostede coñece perfectamente. Vostede sabe que estamos investindo, por exemplo, no colexio Juan de Lángara, case un millón e medio de euros; no instituto de Catabois, oitocentos mil euros; temos en previsión e en proxecto a ampliación do Leixa,



a ampliación do Ferrolterra... E vostede di que estamos abandonando a cidade de Ferrol e abandonando este centro. Investimos seiscientos mil euros neste centro, en concreto, e máis de cinco millóns noutros centros, na cidade de Ferrol.

E vostede falta á verdade porque está intentando trasladar unha mensaxe política —lexítima, pero unha mensaxe política— de abandono, cando non é certo. Por iso digo e ratifícome que vostede falta á verdade.

Vostede plantexa un criterio político de que é necesario facer unha obra. ¿En que se basea vostede?, ¿en que criterios técnicos se basea vostede?, ¿en que alternativas se sustenta vostede para poder afirmar tan claramente o que está dicindo? Eu estoulle dicindo que a Unidade Técnica estivo aí. Estoulle dicindo que houbo investimentos concretos.

A min gustaríame que esa preocupación política e lexítima que vostedes teñen como formación política servise tamén para apoiar unha iniciativa que vai vir a este Parlamento. É unha iniciativa na cal nós, o Partido Popular, imos demandar que o Estado —aquel Estado que vostedes apoian en todos os gobernos nos que poden e o van seguir facendo onde poidan; aquel Estado ao que lle sae o diñeiro polas orellas, como dixo unha ministra— poña en marcha un plan específico e concreto para a mellora das infraestruturas educativas no conxunto do Estado español e, por suposto, en Galicia. Aí manifestarían unha auténtica preocupación e farían algo útil, neste caso, pola renovación das infraestruturas educativas. Se vostedes só me plantexan un caso concreto, con base en criterios políticos interesados... Tamén hai que ter en conta o momento político no cal estamos, que a ninguén se lle escapa, e estou seguro que este particular momento político está detrás do que vostede está plantexando. Pero, se vostedes teñen unha preocupación real, apoiem esta iniciativa cando se debata e axúdenos a poder orientar fondos europeos, que nos van sobrar —como ben dixo unha ministra seria do Goberno do Estado—, a poder mellorar as infraestruturas educativas deste país.

Non pode seguir dicindo que non hai un apoio importantísimo á cidade de Ferrol no ámbito das infraestruturas educativas. Díxenlle varios exemplos: investimos máis de seis millóns neste momento en obras educativas e neste centro, en concreto, seiscientos mil euros nos últimos anos. ¿Que hai que facer melloras e continuar reformando? Sen dúbida ningunha, pero, en todo caso, non se pode faltar á verdade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...de xeito tal alegre e cunha perspectiva política...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Terminou o tempo. Grazas.

(Aplausos.)



Hoxe visítannos alumnos de dous centros. En concreto, son alumnos de quinto e sexto de primaria do centro plurilingüe Virxe do Mar, de Narón, e alumnos de terceiro da ESO do colexio Compañía de María, de Santiago de Compostela.

Todos sodes benvidos ao Parlamento e quero dar un saúdo tamén aos vossos profesores e a quen vos acompaña.

Pregunta de D. Daniel Pérez López, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o sistema e criterios escollidos para acceder ás axudas do programa Impacto autónomo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, señor Pérez.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Nos primeiros días deste mes publicouse no *DOG* a convocatoria das axudas directas do programa Impacto autónomo, cuxo obxectivo, segundo a Consellería, era minimizar o impacto da subida dos custos das materias primas e dos custos enerxéticos para as persoas autónomas, dotado cun orzamento de trinta millóns de euros e co obxectivo de beneficiar a trinta mil profesionais.

O presidente da Xunta, o señor Rueda, cualificou esta liña de axudas como «un éxito de solicitudes». E é certo: foi un éxito de solicitudes, pero un auténtico despropósito no restante. Por un lado, este programa, dende o punto de vista cuantitativo, amosábase como raquítrico, e así o denunciámos dende o BNG. É raquítrico porque o noso país conta con máis de dúascentas mil persoas autónomas e o obxectivo eran trinta mil; é raquítrico porque falamos dun colectivo que sufriu especialmente as consecuencias da pandemia e, xusto despois, o encarecemento exponencial das materias primas e o fenómeno inflacionista dos anos 2021 e 2022; é raquítrico porque falamos dun colectivo que viu como cerramos o ano pasado con case tres mil cotizantes menos no RETA, ao contrario da tendencia estatal, onde aumentou a afiliación.

Nesta situación, o sector precisaba dun auténtico plan de choque con maior orzamento e cuns criterios que permitisen acceder ás axudas a todas as persoas autónomas que o precisasen, especialmente a aquelas que, pola tipoloxía do seu negocio, están a sufrir dun xeito máis grave a subida dos prezos da enerxía e das materias primas. Non precisaban dun programa que, polo seu orzamento, non chegará nin ao vinte por cento do total das traballadoras e dos traballadores autónomos da Galiza, e que, en canto ás exixencias para concorrer a estas axudas, require ter un rendemento neto superior a dez mil euros no exercicio do ano 2021, de tal maneira que, directamente, setenta mil autónomos deste país, precisamente os que teñen os rendementos máis baixos, quedaron excluídos destas axudas. É un programa que non discrimina atendendo ao maior ou ao menor impacto nos negocios da subida dos custos das materias primas e dos custos enerxéticos, e que non afecta igual a un profesional do pladur, por exemplo, que a una panadería familiar.



Optouse, ademais, por unha convocatoria da subvención en concorrencia non competitiva ou, o que é o mesmo, por orde de chegada, isto é, a lei do máis rápido. Se á escaseza do orzamento, atendendo ao obxectivo perseguido, lle sumamos a lasitude dos requisitos, que unicamente exixían ter eses rendementos, entre os 10.000 e os 30.000 euros, era previsible o aluvián de solicitudes. Sendo mal pensados, poderíamos pensar que se articulou este programa para que se esgotase rápido o crédito, e así vendelo como un éxito ou para quedar ben sen gastar moito, para calar o malestar do sector pola falta de axudas directas. Pero a ansia de titulares de prensa fíxolles esquecerse de algo importante: o apartado técnico. Por iso o portal habilitado para estes trámites colapsou, provocando a desesperación de milleiros de solicitantes, que quedaron á cola cun tempo de espera de varias horas. Isto forzounos a habilitar un segundo portal para corrixir o caos provocado por vostedes mesmos. A forma de concorrencia, o feito de deixar fóra os profesionais con menos ingresos e o caos técnico para solicitar as axudas recibiron fortes críticas do sector.

Ante esta situación preguntámoslle, señora conselleira, se considera que o sistema e os criterios escollidos para acceder ás axudas do programa Impacto autónomo, así como o funcionamento do portal habilitado para tal efecto foron os correctos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Resposta da conselleira de Promoción de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bo día.

Señor Pérez, en primeiro lugar quería dicir, porque xa escoitei —e acábao de reiterar vostede antes— a señora Pontón falar de que España gañou autónomos no ano 2022, e mesmo dixo —creo— que gañara 108.000 autónomos. España perdeu 1.204 autónomos de media. Todas as comunidades autónomas perderon autónomos, salvo as que —digamos— teñen maior incidencia turística, a saber, as illas, Andalucía, Valencia e Madrid, de modo que Galicia está na media nacional, isto é, perde autónomos, efectivamente, como todas as comunidades autónomas, pero é a segunda comunidade autónoma co maior peso, despois das illas Baleares, en relación coas afiliacións sobre o total, xa que o 20,65 por cento das afiliacións en Galicia son de autónomos. Polo que ese dato non é correcto e creo que o deberían corrixir.

Despois di na súa pregunta que en setembro propuxeron unha axuda inmediata para persoas traballadoras autónomas. Mire: en novembro cando se estaban a tramitar os orzamentos da comunidade autónoma, vostedes propuxeron exactamente as seguintes emendas parciais: cero emendas ao programa de Impacto autónomo, unha emenda de dous millóns de euros no marco da Estratexia de autónomos e outros dous millóns de euros para o Bono eléctrico, fronte aos trinta millóns do programa Impacto autónomo e 4,2 millóns previstos para o Bono de enerxía peme no ano 2023. ¡E agora vénme dicir...! Iso teríao que facer vostede cando



se presentaron os orzamentos porque o programa Impacto autónomo estaba claramente orzado na proposta de orzamentos que aquí se presentou, e nada dixeron sobre o programa.

O programa está articulado sobre a base da experiencia. Non estamos innovando absolutamente nada. Fixéronse catro plans de rescate con estes mesmos criterios. ¿Cal é o obxectivo? O obxectivo non é outro que a axilidade e a eficacia e que os cartos cheguen aos autónomos do xeito máis rápido posible. Non é unha orde que estea deseñada para chegar aos máis de douscentos mil autónomos que hai en Galicia, e vostede sabe moi ben que dentro deses autónomos hai propietarios de grandes empresas. É unha orde cuns criterios moi claros coa que se pretende chegar a quen vive da actividade: a aqueles que viven con máis de dez mil euros ao ano de rendemento e a aqueles que viven con renda media-baixa, con menos de trinta mil euros. Estes son os autónomos destinatarios do programa.

Vostede fala de discriminar actividades económicas por custo enerxético. De verdade, se o BNG é capaz de facer polo IAE unha discriminación de actividades e unha ponderación dos custos enerxéticos, eu estarei aquí para recibila e para a seguinte orde facela dese xeito. Ningunha das tres asociacións de autónomos nin os servizos internos, dende logo, da Consellería de Industria nin da Consellería de Emprego fomos quen de articular un sistema máis áxil, máis rápido e máis eficaz, tendo en conta as dificultades que agora mesmo está pasando o colectivo. E, por suposto, o diñeiro ten que chegar o máis rápido posible.

Polo tanto, non entendo a crítica. Sinceramente, creo que é facer ruído, creo que é non coñecer as dificultades que ten a tramitación deste tipo de axudas e, dende logo, creo que os trinta mil autónomos que van recibir a axuda non están para nada de acordo con vostede.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señora conselleira, eu preguntáballe se estaba contenta co resultado do programa Impacto autónomo, e non observo na súa contestación atisbo de autocrítica, máis ben observo todo o contrario: observo soberbia. Esa soberbia propia do Partido Popular que o levou a votar en contra, en novembro, desa iniciativa do BNG, na que solicitabamos —como vostede di—: axudas directas para paliar, no inmediato, os efectos do prezo da enerxía; un plan de choque consensuado coa totalidade do sector que recollese orzamentos suficientes; uns criterios que facilitasen o acceso a aquelas persoas, a aquelas pequenas empresas e medianas empresas, a autónomos especialmente afectados polo incremento do prezo da enerxía das materias primas. Pero vostedes optaron por unha liña de axudas que se pode definir como «un café para todos», para apaciguar o malestar do sector pola falta de axudas. Pero, curiosamente, un café para todos, menos para setenta mil persoas autónomas, con ingresos máis baixos, que non acadan os dez mil euros de rendemento neto anual, no ano 2021; un café para todos que discrimina o colectivo de profesionais por conta propia no rural, por un lado, por causa deses rendementos netos anuais mínimos exixidos e, polo outro, por causa da forma de concorrência non competitiva elixida. Ao ser esta por orde de



chegada e ata esgotar o crédito, o acceso a unha Internet de calidade é vital para ter opcións para acadar a axuda. Algo obvio que vostedes non tiveron en conta.

Despois falan dun rural vivo. Vostedes non cren no rural e cousas como estas o demostran. Amosan cero respecto pola conciliación laboral e polo dereito á desconexión dixital das persoas traballadoras ou por obrigar as xestorías a tramitar as solicitudes de madrugada. Isto é facer caso omiso á petición de que se abra a convocatoria ás oito da mañá e non ás doce da noite.

E agora queren tapar a súa falta de planificación e mala xestión con outros dous programas, que seguramente me sacará vostede agora, que veñen confirmar o que dicíamos en novembro, isto é, que era necesario un auténtico plan de choque para socorrer o sector e que o Impacto autónomo era manifestamente insuficiente. Polo medio, dende novembro ata que eses novos programas se efectúen, seguirá a sangría de destrución de emprego autónomo. Na Galiza —reitero— perdemos tres mil autónomos durante o ano pasado. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, conselleira de Promoción de Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Reitero que eu estou conforme. É a realidade. Estou conforme cos criterios que se escolleron, tendo en conta que se tiñan que xestionar trinta millóns de euros de fondos propios do xeito máis eficaz posible.

Vostede está falando de cousas creo que sen coñecemento. Sobre a discriminación do rural, o primeiro autónomo que cobrou a axuda esta semana foi un gandeiro. ¿Tan excluídos están? *(O señor Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)* Respecto do tema das solicitudes, ninguén dos que solicitou a axuda no primeiro día quedou excluído da solicitude, polo que non houbo absolutamente ningunha discriminación polo feito de que se solicitase a axuda ás cero horas ou ás dez horas da noite dese día.

Ademais de todo isto —digo—, vostede creo que está intentando facer ruído, xa que as dificultades informáticas foron as propias de calquera plataforma cando se está tramitando tal cantidade de solicitudes. As dificultades foron durante escasos minutos. E todo o mundo que intentou solicitar a axuda o primeiro día o puido facer. Polo tanto, eu reitero a conformidade da Consellería e do Goberno da Xunta cos criterios que, ademais, —quero volver reiterar— están completamente consensuados coas tres asociacións de autónomos. *(O señor Pérez López nega coa cabeza as palabras da conselleira Lorenzana Somoza.)* ¡Si, iso é así!

Sobre os programas que acabamos de sacar. Estes programas non están feitos pensando en que non chegaban os trinta millóns de euros. Tanto o Bono autónomo como o Programa de promoción autónoma, que agora se chama Xempre autónomo, son os programas ordinarios



que están na axenda da consellería. Vostede di que non son suficientes os fondos que se destinan —dio na pregunta— aos autónomos para o emprendemento. Mire: en total son sesenta millóns de euros, máis dezaioito millóns destinados exclusivamente a emprendedores, polo que eses setenta e oito millóns de euros constitúen un vinte por cento do orzamento da totalidade da consellería, comprendendo a Área de Igualdade, e máis do corenta e catro por cento do orzamento da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego e da Dirección Xeral de Emprendemento —dedicada exclusivamente aos autónomos—. Por tanto, non entendo moi ben, exactamente, por que falan de que non existe unha rede de apoio por parte da Xunta de Galicia aos autónomos, cando precisamente é todo o contrario.

Levamos traballando en programas específicos para atender precisamente as situacións de crise xa dende o ano pasado, por exemplo, coa Orde de axudas Xempre emprendemento, coa que se atendeu, por certo, o cento por cento das solicitudes, precisamente para autónomos que se constituíron dende o ano 2020, é dicir, durante toda a época da crise, para atender os custos que levaron a cabo ata finais do ano 2021. Polo que a totalidade —como digo— da rede de apoio non é soamente esta orde de axudas de impacto autónomo.

Reitero a conformidade dos criterios. Reitero que son trinta millóns de fondos propios e que é moito máis do que vostedes no seu momento propuxeron nas emendas a este programa, que foron cero emendas ao programa de Impacto autónomo proposto nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Retomamos a orde do día. Volvemos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia

O señor PRESIDENTE: Neste caso é unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular.

Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Despois de tantos meses sufrindo as consecuencias da invasión de Ucraína, cuxa afectación supuxo efectos a nivel xeral dos prezos e, en especial, de certos bens fundamentais como o caso dos alimentos, o Goberno de España decidía comezar o 2023 cunha redución do imposto



do valor engadido, que, ademais de chegar tarde e erixirse como unha iniciativa puramente electoralista, resultou desde un primeiro momento unha medida totalmente discriminatoria co sector primario.

Neste contexto, o Goberno de Pedro Sánchez puña en marcha esta rebaixa tributaria o pasado 1 de xaneiro coa pretensión de mantela activa ata o vindeiro 30 de xuño de 2023. Así mesmo, a devandita rebaixa aplicouse desde o momento da súa posta en práctica, segundo a propia definición da iniciativa, aos produtos alimentarios básicos, pero excluindo alimentos de primeira necesidade como son a carne e o peixe. Ao respecto, estes produtos manteñen inalterado o IVE, mentres baixan —por poñer dous exemplos— o aceite ou a pasta, o que supón, sen lugar a dúbidas, unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo para ambos os dous sectores: o do mar e o da carne.

Xa nesta altura e neste sentido todos concordamos en que, dadas as circunstancias actuais e a inflación rexistrada en España, é necesario aliviar a situación das familias, especialmente a daquelas con baixos ingresos. Non obstante, débese avogar por unha redución inclusiva de todos os alimentos que non só sexan considerados de primeira necesidade, senón que ademais contribúan á alimentación equilibrada da nosa cidadanía, como é o caso da carne e do peixe. Para estes efectos, defendemos que estes produtos básicos se consideren tamén por parte do Goberno central como que son alimentos de primeira necesidade e que acaden o IVE máis baixo, tal e como xa exixiu a Xunta de Galicia noutras ocasións e tal e como apoian as instancias europeas.

Non é posible que, como ocorreu coas declaracións desafortunadas do ministro Garzón, se continúe discriminando o sector gandeiro español por parte do Goberno de España, sobre todo se temos en conta a forte aposta deste tipo de produción alimentaria de calidade a prol do medio ambiente, a prol do benestar animal ou da recuperación da terra agraria.

No relativo aos sectores gandeiros produtores de carne, o conflito bélico entre Ucraína e Rusia acabou por empeorar unha situación complicada que xa se estaba atravesando meses antes. Estas repercusións caracterízanse polo incremento sostido dos custos de produción derivados do encarecemento das materias primas para a alimentación animal e dos prezos da enerxía e dos combustibles.

Os produtores dos sectores vacún, ovino, caprino, avícola e cunícula están a ter graves dificultades para trasladar este incremento de custos ao longo da cadea, polo que as súas marxes de beneficio están a verse seriamente comprometidas, o que fai perigar o mantemento do tecido produtivo destes produtos nas zonas rurais. A este respecto, lamentamos a falla de empatía do Goberno central co sector produtor da carne, ao publicar a finais de ano todo un paquete de novidades normativas que incidirán directamente na súa conta de gastos, tendo en conta a suba de custos de produción pero deixando a carne fóra da rebaixa do IVE para alimentos de primeira necesidade. Polo tanto, lamentamos esa falla de empatía —insisto— porque sempre queda excluído neste caso o sector primario.

Do mesmo xeito, inexplicablemente, peixes, mariscos e conservas procedentes do mar, a pesar de ser produtos altamente saudables e imprescindibles para unha dieta completa, están ex-



cluídos desta iniciativa do Goberno de Pedro Sánchez, que tampouco tivo en conta o impacto que neste sector está provocando o incremento de prezos da cesta da compra e que se traduce nunha progresiva diminución do consumo destes alimentos por parte de moitas familias.

O Grupo Parlamentario Popular coincide nas múltiples voces que dun xeito unánime desde o sector pesqueiro e marisqueiro piden unha ratificación do Goberno de España e que os produtos do mar teñan o mesmo tratamento fiscal que se aplica a outros alimentos básicos. A medida non só contribuíría a consumir máis peixes e mariscos e as súas conservas, senón que contribuíría tamén a apoiar un sector —como dixen— que está a sufrir o impacto da crise de prezos e o impacto das decisións moi cuestionables da Unión Europea, sen que o Goberno de España fóra quen de frealas, como é, por exemplo, o caso do veto á pesca de fondo, entre outras decisións.

As últimas estatísticas indican que no conxunto de España o gasto medio en produtos pesqueiros é de dezaoto euros ao mes. Son as familias con rendas máis modestas ou en situación de vulnerabilidade, moitas delas con menores a cargo, as que menos produtos pesqueiros consomen. Polo que renunciar ao IVE sobre os produtos pesqueiros, deixándoo incluso nun cero por cento —ese sería o obxectivo—, sería unha política preventiva en favor da alimentación saudable. En sanidade, por cada euro que se inviste en prevención afórranse seis euros en tratamentos médicos.

Ademais de ser un agravio comparativo con respecto a outros alimentos básicos, esta situación de discriminación tamén se produce con respecto a outros países da nosa contorna europea, onde os produtos pesqueiros non están gravados ao dez por cento como en España, senón que están ao seis por cento, ao 5,5 por cento ou incluso excluídos do IVE. De feito, o Grupo Parlamentario Popular vén defendendo a necesidade desta rebaixa impositiva desde hai tempo, e vostedes sábeno tamén, ademais con iniciativas aquí aprobadas por unanimidade nesta mesma Cámara.

Sobre a decisión do Goberno central de baixar o IVE dos produtos básicos e deixar fóra o peixe e a carne, nós sacamos tres conclusións ou podemos facer tres afirmacións:

En primeiro lugar, que estamos ante unha medida totalmente discriminatoria co sector primario. Carece de sentido manter inalterado o IVE dos produtos do mar e da carne cando baixa o doutros produtos como o aceite ou a pasta. Como dixen antes, supón unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo, porque esta é unha decisión que se pode tomar xa mañá mesmo.

Sempre defendemos que os produtos básicos como os pesqueiros ou a carne deberían considerarse alimentos de primeira necesidade e acadar o IVE máis baixo. É outras das decisións que saíron ademais xa antes da covid, antes desta decisión desta propia Cámara. E trátase dunha medida que apoian tamén o Parlamento Europeo e a Comisión Europea e que levamos pedindo xa moitos anos ao Goberno central.

Polo tanto, a redución ou eliminación deste imposto aumentaría o consumo dos produtos do mar e do agro, cos conseguintes beneficios para a saúde dos consumidores e tamén económicos para o sector.



Precisamente, antes da alerta sanitaria, no Parlamento de Galicia aprobáronse en distintas ocasións iniciativas que foron remitidas ao Goberno central e nas que solicitabamos a rebaixa deste imposto do dez ao catro por cento, para igualalo ao que aplican —como dixeran antes— outros países da Unión Europea, dos que logo porei máis exemplos concretos.

Desde Galicia nós seguiremos desde o Grupo Parlamentario Popular con insistencia nesta demanda e na defensa do papel esencial do sector primario; tamén, por suposto, desde a Xunta de Galicia. Como dixo o presidente na súa comparecencia esta mañá, esta rebaixa estimulará a demanda interna e mellorará as previsións de crecemento da economía. Non temos que apostar só por unha alimentación saudable, senón que temos que apostar tamén por apoiar o sector primario —insisto—, tanto o sector da carne, neste caso, como o sector do peixe.

E no sector do mar non tiran a toalla, xa solicitaron unha reunión directamente con Pedro Sánchez hai escasos días. Queren que el mesmo lles explique as razóns polas que non se rebaixa o IVE do peixe, pese ao seu papel esencial nunha dieta equilibrada, como moitas veces tamén podemos ler nos slogans do propio Goberno de España. ¿E por que si baixan neste caso xa todo o do pan, o leite, os ovos, o queixo, os legumes, os cereais, o aceite, a pasta, as verduras e a froita? ¿Por que a carne e o peixe non? Quizais sería moito máis interesante baixar o IVE da carne e do peixe, que teñen un custo máis elevado, que o doutros produtos que xa de por si non son tan caros ou non teñen os prezos tan elevados.

No sector da pesca teñen argumentos científicos, sociais e ambientais para xustificar esta baixada ao catro por cento. Non é ningún capricho de ninguén, é unha conclusión á que todos os representantes do sector pesqueiro chegan despois de facer estudos e de ademais intentar que a poboación española teña unha alimentación moito máis saudable.

E os produtos pesqueiros nas súas diferentes presentacións —refrixerados, conxelados, en conserva, afumados ou salgados, e incluso, por suposto, fresco— piden que o Goberno se sume á «fiscalidade saudable» —eles mesmos chámanlle así— da que xa se está falando en Europa.

Como dixeran, países europeos, para poñerlles exemplos concretos: en Irlanda e Malta xa non se aplica o imposto ao peixe; en Luxemburgo, un 3 por cento; en Hungría, un 5 por cento; en Francia, un 5,5 por cento; e en Portugal e Bélxica, aplican o 6 por cento.

Polo tanto, eu creo que non sei a que está esperando o Goberno de España para facer esta baixada do IVE na carne e no peixe. E, sobre todo, parécenos un agravio e incluso un insulto que faga a baixada dunha cantidade e dunha listaxe de alimentos e que non inclúa o que nós consideramos básicos e fundamentais para unha dieta saudable, ademais fundamentais para manter o sector primario, como pode ser a carne e o peixe.

Pola miña banda, nesta primeira quenda, nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.



Señoras e señores deputados.

Acabamos de escoitar a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia nesta sesión de control. E nun momento no que a economía galega segue tendo unha inflación que ten un diferencial á alza co conxunto de España, nun momento no que os informes de previsión de crecemento económico para a economía galega deste ano amosan que Galicia vai ter un crecemento que vai estar na cola do conxunto das comunidades autónomas, nun momento no que os prezos soben e as hipotecas tamén, nun momento no que os alimentos crecen en Galicia arredor do dezaseis por cento de crecemento dos prezos, acumulando trece anos de subidas consecutivas, nun momento no que o 52 por cento das familias galegas pasan apuros para chegar a fin de mes, en que os salarios crecen menos que os prezos e que os traballadores galegos perden en termos medios 720 euros en poder adquisitivo en 2022, o Goberno da Xunta de Galicia, que ten competencias en materia económica, comercial e industrial, segue sendo un goberno ausente.

Un presidente da Xunta que vén ao Parlamento de Galicia confrontar e non solucionar, manter a tensión e non facer unha proposta, que non ten unha resposta que darlle ao país nun momento de tantas dificultades, e un goberno que está tan ausente na praxe como na presenza física neste hemiciclo, onde non hai ningún presidente nin conselleiro do Goberno da Xunta neste momento, reflicten a importancia que lle dan á economía do país.

E, claro está, se o señor Rueda decidiu ser o epílogo do señor Feijóo, un presidente ausente en materia económica que non toma iniciativas, que non toma medidas, que carece dunha soa medida de relevancia para as familias, para as industrias, para as empresas do país, e que preferiu converter a política económica da Xunta de Galicia coa medida estrela na política de alianza cos grandes patrimonios de Galicia, cunha rebaixa fiscal que está na historia da fiscalidade galega por ir máis aló de onde foi o señor Feijóo en trece anos de goberno, ao rebaixar en 35 millóns de euros a recadación para beneficiar os grandes patrimonios, ese goberno de ausencia de medidas en política económica erra para Galicia, erra porque non toma medidas.

E á sombra de Rueda está tamén o Grupo Parlamentario Popular, que utiliza o hemiciclo para poñelo á disposición do señor Feijóo e da estratexia de confrontación do Partido Popular contra o Goberno de España, en vez de traballar a carón e de dar solucións aos galegos e ás galegas. E é por iso que, dende logo, nós queremos dicirle unha vez máis ao Partido Popular que queremos que traia iniciativas de apoio á economía galega no ámbito das súas competencias. Plantexar iniciativas, proposicións non de lei, que teñen como principal motivo buscar a presión e a tensión —como o recolle explicitamente o texto desta iniciativa—, que lle di ao Goberno da Xunta que se dedique a presionar, a tensionar, non en beneficio dos galegos e das galegas, en beneficio do Partido Popular.

¿E por que dicimos isto? Porque os seus feitos os reflicten. Porque onte no Congreso dos Deputados votouse un terceiro paquete contra a crise no que se rebaixou o IVE de forma importantísima a tantos produtos do noso país. ¿E que fixo o Partido Popular? Non o apoiou. Ese é o cinismo do Partido Popular, que vén ao Parlamento de Galicia dicindo que hai que presionar para confrontar co Goberno de España, pero que cando ten que votar no Congreso



dos Deputados para baixar o IVE a tantos produtos básicos e de primeira necesidade, o Partido Popular ponse de perfil e non respalda esas medidas. *(Aplausos.)*

É por iso que nós lle queremos dicir ao Partido Popular que é necesario que mude a súa estratexia de acción na economía galega e na sociedade galega; que o señor Rueda —ausente neste hemicycle, pero ausente da política económica e das solucións ao país— non pode manter o ano e medio que lle queda á fronte do Goberno da Xunta de Galicia cun folio en branco. Non pode ser que a política económica do Goberno da Xunta de Galicia do señor Rueda sexa esta. *(O señor Caballero Míguez amósalles aos membros da Cámara un folio en branco.)* A política económica do Partido Popular en Galicia é a política do folio en branco, é a política de converter o Goberno de Galicia nun goberno ausente. Un goberno á disposición do PP de Feijóo na súa estratexia contra o Goberno de España, pero sen tomar ningunha medida.

E claro que é distinto cando goberna o Partido Socialista e o Partido Popular, porque nós no Goberno de España tomamos medidas económicas transcendentais para o día a día dos galegos e das galegas, e vostedes están en contra.

Porque nesta mesma semana setecentos mil pensionistas galegos, oitocentos mil incorporando todos os sectores, acaban de ver revalorizar as súas pensións nun 8,5 por cento. A pensión media subía co Partido Popular en dous euros cada mes, e co Goberno do Partido Socialista, co goberno progresista, a pensión media sobe en 108 euros ao mes. Mil cincocentos euros máis de media para cada pensionista galego. Unha paga extraordinaria máis, que é o dereito para recuperar poder adquisitivo fronte ao crecemento dos prezos. E o Partido Popular queda á marxe e ponse en contra.

Polo tanto, nós temos que respaldar que se tomen medidas importantes, e o Partido Popular sempre en contra. Rebaixas de impostos de electricidade e o gas, e o PP en contra; por certo, recorden cando falan de baixar o IVE que foi o señor Rajoy o que subiu o imposto de valor engadido da electricidade ao 21 por cento. Cando pomos un límite ao dous por cento da actualización dos alquileres, vostedes en contra. Cando suspendemos as posibilidades de desafiuzamentos en Galicia, vostedes en contra. Cando se prohiben os cortes de subministracións esenciais, vostedes en contra. Cando hai un Bono social eléctrico para as familias máis vulnerables, vostedes en contra. Cando aumenta o quince por cento o ingreso mínimo vital, o PP en contra. Cando aumentan o quince por cento as pensións non contributivas, o PP en contra. Cando temos a bonificación do combustible para transportistas, agricultores, navieiras, pescadores —tamén navieiras e pescadores—, vostedes en contra. Cando se rebaixa o trinta por cento no transporte público urbano e interurbano, onde o Goberno autonómico e municipal o complementan ata o cincuenta por cento e, probablemente, o que sexa máis importante en Galicia, a gratuidade dos abonos de Renfe, que serven para que tantos galegos se movan sen custo día a día, vostedes en contra. E ademais cando pomos un cheque dende o Goberno de España de 200 euros para todas as familias con rendas inferiores a 27.000 euros, vostedes en contra. Cando hai axudas aos agricultores, vostedes en contra. E cando tamén eliminamos ou baixamos o IVE, o Partido Popular non respalda e non apoia o Goberno de España. *(Aplausos.)*



¿Como imos ser cómplices deste Partido Popular sen sensibilidade, sen empatía, sen capacidade de conectar cos galegos e coas galegas, que utiliza o Parlamento de Galicia na estratexia de confrontación co Goberno de España? Cando queiran dar solucións póñanse a sumar. Porque si eliminamos o IVE para alimentos de primeira necesidade do catro por cento ao cero por cento, en ámbitos como as froitas, as verduras, as hortalizas, os legumes, as patatas, os cereais. E porque baixa o IVE tamén do dez por cento ao cinco por cento en aceites e en pastas.

E hai que estudar cal é a relación que existe entre bens substitutivos e complementarios con outros sectores. E, dende logo, que tamén cremos que é positivo estudar en todas as súas variables a posibilidade de rebaixar o IVE en produtos que consideramos tamén fundamentais, como a carne e o peixe. Pero que esteamos nesa liña de responsabilidade fronte á irresponsabilidade do Partido Popular non nos vai facer cómplices de que lle veñamos aplaudir cando vostedes no que están é nunha estratexia distinta, e Galicia merece algo máis.

¿Como van ser vostedes cribles se onte se abstiveron ante unhas medidas do terceiro decreto ante a crise, que supón unha baixada de impostos que suporá un aforro para as familias de 611 millóns de euros, e o PP non o apoia? ¿Como imos poder estar ao lado do cinismo do Partido Popular, que quere rebaixar impostos para debilitar o Estado do benestar en vez de para buscar calquera medida? Vostedes están no populismo, no electoralismo vago e van. E é por iso que tamén me chirría que poñan na súa iniciativa que o Goberno de España baixe o IVE ou o elimine é unha medida electoralista, cando vostedes din que estaban de acordo e piden que o fagamos máis. Se o facemos, ¿será máis electoralismo?

O problema que ten Galicia é que temos un goberno ausente, que non cre nunha fiscalidade xusta e que non é crible nas súas decisións. Porque o Partido Popular non ten credibilidade para facer fronte ás crises económicas. Non ten credibilidade porque xestionaron unha crise anteriormente que foi pagada pola xente do común, e vostedes non tomaron medidas para respaldar as dificultades. E o Partido Popular non ten credibilidade en tantos ámbitos porque deixaron de ser un partido con responsabilidade no conxunto do Estado.

E quérollelo dicir: as medidas que plantexa o Partido Popular fronte á crise económica son tan pouco cribles como cando o señor Feijóo fala de que governe a lista máis votada. Porque en España no ano 2019 os cidadáns decidiron que o partido máis votado fora o Partido Socialista, e o Partido Popular nunca permitiu a investidura da lista máis votada no conxunto do Estado. O Partido Popular nunca apoiou ao longo destes máis de tres anos de lexislatura as decisións do goberno elixido como lista máis votada no Congreso dos Deputados.

¿Esa lista máis votada da que vostedes falan é a lista máis votada que goberna hoxe en Ourense co voto do Partido Popular, que preferiu colocar a Jácome á fronte da alcaldía antes que permitir que gobernase a lista máis votada na cidade? (Aplausos.) ¿É a credibilidade dese Partido Popular, o Partido Popular que preferiu pactar con Ciudadanos e con Vox en Madrid para que non gobernara Ángel Gabilondo, que gañou as eleccións, e para colocar a Ayuso? ¿É a credibilidade do Partido Popular a mesma que ten cando mantén na cidade de Madrid a Almeida, que non ten maioría e que non foi a lista máis votada?



Esa credibilidade da lista máis votada claro que ten que ver coa falla de coherencia, coa hipocrísia, co cinismo do Partido Popular. E é por iso que lle dicimos que muden, que muden de criterio. Porque se vostedes queren falar de que governe a lista máis votada, posibiliten as medidas que o Goberno que goberna España, que foi o máis votado no Estado, apoie a cidadanía, respalde o Estado do benestar, rebaixe o IVE, elimine o IVE para produtos tamén fundamentais, e fágao coa corresponsabilidade do Partido Popular, que prefire pórse de perfil, boicotear todo o que supón positivo para a cidadanía.

Un goberno da lista máis votada en España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...e que quere utilizar o Parlamento de Galicia non para contribuír a dar solucións dende o DOG, senón para utilizar este Parlamento na estratexia irresponsable dun Partido Popular que quere confrontar e non dar solucións.

Señores do Partido Popular, o Grupo Parlamentario Socialista sempre estará ao carón dos sectores produtivos do país, na carne, no peixe e nas conservas. E respaldaremos todo aquilo que dentro dunha fiscalidade xusta sexa viable polo ben de Galicia e polo ben dos galegos e das galegas. Pero á vez que sempre respaldemos todas esas medidas que favorezan o país, tamén lles queremos dicir que temos, sempre que poidamos falar neste Parlamento, que amosar que temos un goberno da Xunta ausente, irresponsable e que Galicia merece algo mellor.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Houbo un tempo non moi arredado en que os lobiños, o bocio, facían estragos na poboación do rural no interior, e non foi soamente o uso do sal iodado o que acabou con este endemismo. O consumo de peixe fresco, levado por aquelas furgonetas que pasaban pola porta unha ou dúas veces por semana, foi esencial na súa erradicación. Velaí un dos múltiples beneficios que os produtos do mar achegan á poboación. Nunha dieta equilibrada estes produtos son imprescindibles, omega 3... Mais o seu consumo reduciuse nos últimos anos un vinte e cinco por cento desde 2008; neste último ano, un 14,7 por cento.

Resultan ser unhas porcentaxes serias como para termos en conta os servidores públicos, e enténdaseme ben, fazedores e fazedoras de leis e mais gobernos, saber que os prezos de venda ao público de peixe e marisco sufriron incrementos que os fai prohibitivos para as



clases populares, esas que non dan chegado a fin de mes. E, polo tanto, temos un problema nós, que fomos e somos un país de mar, virados ao mar, cunha boa parte da súa poboación con auga salgada nas veas.

Eu non sei, presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Temos unha sala aí para poder falar. ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ademais, é que ti sempre metes a zoca, ¡caramba! ¡Que bárbaro!

O señor PRESIDENTE: Un pouco de tranquilidade.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor RIVAS CRUZ: ¡Que bárbaro, home!

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, por favor, silencio.

(Protestas.)

Se lle molesta ten dereito a explicar, que se lle molesta o murmurio ten dereito a explicalo e nada máis. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Esa é a cuestión. *(Murmurios.)*

Esa é a cuestión de todos vostedes. A quen está no uso da palabra pode molestarlle o murmurio, e ten dereito a expresalo.

O señor RIVAS CRUZ: O murmurio, non; falar en alto...

O señor PRESIDENTE: Ten dereito a expresalo. Por iso eu pido a colaboración de todos vostedes. Cando falan de aquí respecten aí e cando falan de aí respecten alí, isto é o lóxico. Vamos entendernos todos.

Prosiga cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Será ben que nos entendamos.

En fin, ¿que dicir da carne? Na miña nenez —créanme, non hai tantos anos— poñíase en boca do prestixioso doutor Marañoñ o dito de que levaba salvado máis vidas o consumo de carne que a penicilina, e era certo. E o paulatino aumento no consumo de carne e peixe, xunto con outros factores, trouxo consigo unha mellora no aspecto e na saúde alimentaria da poboación. E o pan noso de cada día deixou de ser a base da alimentación e pasou a segundo termo, dando lugar a unha dieta máis variada, máis rica e máis equilibrada.

Pero as crises sucesivas deixan estatísticas moi preocupantes desde o 2008, e non digamos nos últimos dous anos. Soamente entre outubro do 2021 e outubro do pasado 2022 a caída



de consumo en peixe é dun 16 por cento, en polo un 14 por cento, en porco un 10 por cento e en vacún un 15 por cento. E non é de estrañar, pois as subidas sucesivas de prezos, mesmo das carnes máis consumidas, fai que baixe a súa demanda, o mesmo que o peixe. Realmente é preocupante pola alimentación da poboación e pola saúde dos sectores produtivos destes alimentos. E baixo o Goberno do Estado e nas medidas tomadas estes días pasados exclúense carnes e peixes das rebaixas do IVE. Non se comprende esta exclusión.

Imos pois, señorías, votar unha vez máis a favor da rebaixa do IVE da carne e do peixe. Digo unha vez máis porque xa o fixemos e xa o fixeron tamén por petición do BNG. Pero o BNG fala do IVE cero para estes alimentos, cremos que non abonda co catro por cento. Pois así no IVE cero para a carne e o peixe estimularíase o consumo en beneficio da saúde da poboación e para fortalecer os sectores produtores dos mesmos.

Mais nese argumentario seu, señora Egerique, hai erros, omisións e mentiras manifestas. Fala de discriminación do sector gandeiro español por parte do Goberno do Estado, produción alimentaria de calidade a prol do medio ambiente, do benestar animal, da recuperación da terra agraria. ¿Vostedes son goberno, non si? Axudas covid-19: excluídas as pequenas explotacións de carne de vacún, máis de dez mil explotacións. Axudas ao sector da carne pola guerra en Ucraína, primeiro, exclúen os xatos nas explotacións en extensivo e agora, antonte, modifican a promesa e fano por tramos, de xeito que para ilustrar temos: no tramo de 4 a 10 cabezas, unha axuda de 740 euros; o de catro cabezas recibe 185 euros por xato e o de dez cabezas recibe 74 euros por xato. Todo un exemplo de arbitrariedade ou un desleixo para o sector.

¿E que dicir da gandería en ecolóxico? ¿Sabe de que lle falo? Das barbaridades sucesivas dos últimos atentados cometidos polo PP na resolución das axudas imprescindibles para a pervivencia do sector. Eses 2,6 millóns de euros que cunha tacañería sen precedentes se negan a sacar de fondos propios para dar cobertura ás axudas de conversión e mantemento que quedaron ao pairo; máis do cincuenta e cinco por cento dos solicitantes. ¡Vostedes que prometeran o ouro e o mouro! Este é sector da carne.

Prezos ao produtor ou produtora de carne de vacún en convencional, e temos que aludir a custos de produción e vulneración sistemática e consentida da Lei da cadea alimentaria pola industria e a distribución. ¿Sábase algo da AICA, esa axencia galega anunciada con moito bombo? Si, esa axencia que debería poñer orde nos contratos abusivos e que vostedes non dan sacado adiante porque son pura propaganda.

Falando de propaganda, ¿saben onde quedou a exención das taxas portuarias do ano 2022 prometida a bombo e prato polo daquela presidente da Xunta? Lémbrolles: axudas temporais, directas e urxentes que complementen as aprobadas polo Goberno español no Real decreto 6/2022 e minimicen as consecuencias derivadas da crise actual. ¿Sábase algo ou aínda non? O 26 de abril do pasado ano aprobouse por unanimidade unha iniciativa do BNG na que se pedía a posta en marcha de axudas directas á pesca para paliar as consecuencias da crise. Nada sabemos delas, nada, ¡abril do ano pasado!

Sería bo facer unha reflexión de calado, señorías, e preguntármonos se a suba de prezos dos alimentos, en concreto, da carne e do peixe, é o resultado directo do aumento dos custos de



produción ou, pola contra, débese nunha gran parte a manobras especulativas. Preguntámonos tamén que armas teñen o poder lexislativo e o poder político para poñer couto aos abusos manifestos por parte de corporacións mafiosas que orientan os mercados ao seu antollo e extorsionan tanto a consumidores como a produtores. Porque, en realidade, debatemos sobre miudezas.

¿Imos ao miolo do asunto? Será outro día.

En fin, señorías, votemos logo a favor desta rebaixa, que debe ser de supresión temporal do IVE. Pero a vaquiña polo que vale, e nunca mellor dito, pois queremos ver esa disposición favorable cara aos sectores da pesca e da carne non só de parte do Goberno do Estado, o Goberno da Xunta ten traballo tamén a facer e non pouco.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señor Caballero, baixar o IVE da carne e do peixe non beneficia ao PP. Vostede dixo aquí que iso é un beneficio para o Partido Popular. É un beneficio para todos os galegos, é un beneficio tamén para todos os españois. Hoxe aquí, pois nós estamos defendendo tamén, á parte dos consumidores, o propio sector primario. E como dixen, ademais, para tanta xente que vive deste sector.

Vostede aquí fixo hoxe un mitin; falou de moitas cousas. Dixo coma sempre que o PP somos os malos malísimos, sempre somos os malos malísimos. Pero ¿por que baixaron o IVE doutros alimentos e excluiron o peixe e a carne? Esa é a pregunta que lle facemos ao Goberno de España. Tamén lle preguntamos: ¿cre vostede que é necesario baixar o IVE do peixe e da carne? Si. Entón, ¿por que ten que enrevesar tanto o seu discurso?, ¿por que ten que facer aquí un mitin?, ¿por que ten vostede que falar aquí de cousas que quizais non pode falar noutros lugares, e non centrarse no tema que lle compete, que é o tema, neste caso, da baixada do IVE da carne e do peixe?

Mire, un apuntamento: falou vostede tamén neste caso das pensións, e as pensións soben como sabe vostede en función tamén da inflación. E nese caso, que vostede sabe mellor ca min, ten que tomar nota tamén e profundar un pouco nese tema, porque non están vostedes para falar.

Outro apuntamento: o responsable económico do Partido Popular de España quixo falar co Grupo Parlamentario do Partido Socialista, co propio goberno, para falar do Plan de medidas que se aprobou onte, e non o recibiron, nin sequera quixeron falar con eles. Nós dicimos que son medidas electoralistas o que fixo Sánchez co IVE porque levámolo pedindo moito tempo. E non lle quedou máis remedio que facelo, porque despois de poñer un montón de excusas:



de que era Europa, de que non se podía, de que non era necesario, de que había outras medidas, ao final non lle quedou máis remedio que baixar o IVE dos alimentos básicos. E nós pedimos dende aquí que baixe tamén o IVE da carne e do peixe, porque si é profundamente discriminatorio.

Teño que recoñecer a súa habilidade, como dixeran antes, para elaborar un mitin en dez minutos, contando o malos que somos os do Partido Popular, mesturando, ademais, aquí moitas cousas que sabe vostede que non teñen que vir a conto e falando da lista máis votada. E dun caso concreto, ademais, que é para pararnos porque aquí en Galicia sabemos moi ben como son e como funcionou todo iso. Acaba vostede falando da lista máis votada e acaba vostede falando de Feijóo. ¡Por suposto que vai ser o próximo presidente do Goberno de España! E poñen como exemplo Ourense. Claro, vostedes non queren que se elixa a lista máis votada cando non é socialista, porque sabe vostede que se gobernara a lista máis votada, nese caso tería que gobernar tamén a lista máis votada naquel momento na Deputación de Ourense, e a lista máis votada naquel momento en tantos e tantos concellos de Galicia, onde a lista máis votada foi a lista do Partido Popular. E normalmente é o que pasa. *(Aplausos.)* E vostede adiantase ao primeiro que vén pola porta para non deixar gobernar ao Partido Popular.

Señor Rivas Cruz, vostede acúsanos a nós de manipulación, de mentir, de especulación. De verdade, nada novo escoitando os seus discursos. Primeiro, non é novo pero non é certo. E segundo, ¿é necesario baixar o IVE da carne e do peixe? Si, é necesario baixar o IVE da carne e do peixe; ademais, é fundamental nun contexto no que baixa o IVE de tantos alimentos e exclúen a carne e o peixe. A verdade é para indignarse.

Miren: a asociación asinante da petición que falei antes e as asociacións asinantes do sector pesqueiro, que queren unha reunión con Pedro Sánchez, demandan unha política social de apoio ao alimento saudable como é o peixe, porque forma parte substancial, como constatan numerosos estudos científicos, dunha dieta, para a promoción dun consumo saudable e para medidas acertadas e contundentes. A solicitude non a di soamente o Partido Popular, é reiterada e creo que compartida por toda a Cámara.

O contexto económico témolo claro, señor Caballero. Tamén falou vostede do contexto económico, esa é unha petición que a facemos igualmente. E o IPC na variación anual dos alimentos, dígolle: no peixe e marisco, por exemplo, comezou en xaneiro cun incremento do 4,4 por cento do IPC, pero en xuño tiñamos un 10,3 por cento, e rematou o ano cun incremento dun 10,2 por cento, tendo un 11,8 por cento de incremento en novembro. En canto ao peixe fresco e conxelado, en xaneiro tiñamos un 5,5 por cento e rematamos cun 8,1 por cento, pero tivemos 11,2 por cento en outubro de incremento. Isto diminuíu moito o consumo de peixe fresco e conxelado. E así tamén igual cos moluscos, cos preparados como dixeran antes e con todo tipo de conservas e todo tipo de peixes elaborados.

Resumindo, carece de sentido manter inalterado o IVE dos produtos do mar cando baixa outro tipo de produtos, tantos alimentos que xa citei aquí. Polo tanto, supón unha desvantaxe competitiva —segurémolo dicindo— e un prexuízo directo. Entón, estamos ante unha medida totalmente discriminatoria. E os tres grupos imos apoiar hoxe por unanimidade unha vez máis que se baixe o IVE da carne e do peixe. Polo tanto, non sei se vostede ou outro in-



terlocutor do Partido Socialista de Galicia que lle diga a Pedro Sánchez e ao Goberno de coalicón ese que temos en España ten que baixar o IVE, se non teremos que esperar a novembro ou decembro a que sexa Alberto Núñez Feijóo presidente e poida baixalo por fin.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Balseiro. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno español en relación coa alta velocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada, por unanimidade, esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no seu punto segundo como engádegala.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa pobreza e a exclusión social das mulleres.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para axilizar a xestión das axudas para a dependencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular como engádega. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? Non hai acordo, non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos provocados polas riadas en diferentes concellos galegos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Teresa Egerique.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Candia López e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a defensa dos sectores gandeiro e marítimo-pesqueiro de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Agora vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos tras o acordo sobre a conmemoración anual do Día en Memoria das Vítimas do Holocausto, e que di:

«O 1 de novembro de 2005, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa cuadraxésima segunda sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinadas, sexa sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuizos.

E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro en recordo da liberación polas tropas soviéticas aliadas do campo do exterminio Auschwitz-Birkenau o día 27 de xaneiro de 1945 como Día internacional da conmemoración anual en memoria das vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se encontran tamén galegas e galegos.

O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio levado a cabo polo nazismo, que asasinou a máis de seis millóns de persoas. Tivo a súa orixe no intento da eliminación da disidencia política e ideolóxica e o racismo, e derivou nun xenocidio que contou coa colaboración da ditadura franquista, que perseguíu miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República en 1939 e tras a instauración dun réxime fascista, o que provocou, de acordo coas fontes historiográficas, a deportación aos campos de traballo e exterminio nazis de dez mil republicanos españois, dos que preto de douscentos eran orixinarios de Galicia. A maioría deles morreron alí ou, de sobrevivir, nunca puideron retornar ao seu país de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas na que rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico e condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas —teñan lugar onde teñan lugar—, e chama á Xunta de Galicia a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia, antisemitismo e outras discriminacións baseadas na orixe étnica ou nas crenzas



relixiosas, ou en calquera outra circunstancia; e aos cidadáns e as súas organizacións a permaneceren vixiantes para nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentar entre nós nin en ningún lugar do mundo.» *(Apróbase por asentimento.)*

(Forte aplauso.)

E continuamos agora coa orde do día.

Neste caso, xa pasamos ao punto 4, que son interpelacións.

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a situación macroeconómica de principios de 2023

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos a e a todas.

Bo día, señor Corgos. Espero que veña cun espírito cun pouco máis de honestidade que o que tivo o señor presidente da Xunta cando deu os datos hoxe á primeira hora.

En todo caso, como este é o primeiro pleno de 2023, traemos esta interpelación, señor Corgos, porque, ante un goberno que se evade absolutamente da realidade, nos parece fundamental poñer no foco neste momento o que é a principal preocupación dos galegos e galegas, que é a situación económica.

Somos conscientes de que comeza un ano que apunta difícil e queremos saber cal é a valoración do Goberno galego respecto das perspectivas económicas e, sobre todo, que cambios vai impulsar na súa errática política económica, que non está nin a servir para paliar as consecuencias sobre as persoas que peor o están pasando nin tampouco para anticiparse a todos os efectos que está tendo unha crise que se alonga no tempo —que cada vez é máis profunda e que deixa cada vez máis persoas ao bordo do precipicio—.

Hai unha cuestión na que podemos estar máis ou menos de acordo, que é a complexidade do contexto. Somos conscientes de que os acontecementos mundiais dos últimos dous ou tres anos pois converteron o verbo «predicir» nun verbo difícil de conxugar en termos económicos. Somos conscientes de que hoxe xuntar predición e situación económica pois é un oxímoro á altura daqueles que en poesía xuntan a noite co branco ou o xeo co abrasador. E recoñecemos —insisto unha vez máis— que a situación é complexa, pero que a situación sexa complexa non os exime a vostedes, señor Corgos, de responsabilidade. Nós recoñecemos que a situación é complexa pero vostedes teñen que recoñecer que se están equivocando, que non están acertando e que teñen que rectificar as súas políticas económicas. E non están acertando porque están instalados no «canto peor mellor» pensando que iso vai beneficiar a campaña electoral do señor expresidente da Xunta. Non están acertando porque varios meses despois do relevo no Goberno vostedes seguen en piloto automático, absolutamente



esgotados, desnortados e tamén ocupados no único que lles preocupa, que é salvarse a vostedes mesmos mentres deixan tirados milleiros de galegos e galegas.

Neste contexto pois a situación é a seguinte: hoxe o contexto económico mundial vén marcado polas permanentes taxas de inflación nas principais economías do planeta; a suba de tipos de xuros tamén nos bancos centrais; a prolongación da guerra de Ucraína, novas tensións xeopolíticas que non sabemos como se van desenvolver —como a dos Estados Unidos e China— e tamén guerras máis ou menos soterradas polo control dos recursos enerxéticos estratéxicos nun contexto no que estamos nun cambio de paradigma.

En resumidas contas, hai múltiples factores que o que deixan é unha conclusión que si é clara: que hai unha evidente ralentización nas principais economías do mundo e tamén na española e na galega. Precisamente, no Estado español viamos como a finais de ano, a finais do 2022, o propio Banco de España rebaixaba as perspectivas de crecemento para o ano 2023; mesmo non descartaba unha recesión técnica —é certo que rebaixaba a hipótese nese sentido—, como tamén recentemente a AIREF ou o propio FMI.

Pero nós queremos poñer o foco en que, precisamente, que esa hipótese se conxele ou de momento se prevexa que non vai acontecer, non quere dicir que o terreo que estamos pisando non estea tamén inzado de lama e que o chan que estamos pisando sexa firme e non estea exento de socavóns e de dificultades evidentes. Porque está claro que se ralentiza a economía e que iso vai traer dificultades importantes —máis aínda vendo os últimos indicadores—. A incógnita —por así dicilo— será a intensidade, pero sabemos que con toda seguridade este freo económico pois provocará, por exemplo, que o Estado español siga a ser un dos tres da eurozona incapaces de acadar os niveis de produción anteriores á pandemia e que iso vai ter repercusión nos galegos e galegas, xa que ademais sabemos que a economía española ten unha serie de déficits estruturais que veñen de vello, dos que o Partido Popular —que existiu nalgún momento antes da existencia do actual Goberno do Estado e que participou deses déficits estruturais, como o dun endebedamento público absolutamente brutal— pois é corresponsable.

E se pensamos o que pasa en Galiza, o que pasa co noso país en concreto —e tamén, precisamente, pensando na débeda—, non están vostedes para falar. A cuestión é que a situación dos galegos e das galegas neste momento pois non está exenta de gravidade. E temos dous factores que fan que os nosos programas empeoren. Un é a falta de autogoberno e de capacidade política —primeiro, pola súa desidia, pero tamén polo marco político— para decidir sobre asuntos que son moi relevantes para o noso día a día. Asuntos que deciden por nós, como, por exemplo, o groso das medidas fiscais. Acabamos de ter un debate sobre a cuestión do IVE, un ámbito no que Galiza non ten capacidade de decisión.

E tamén sufrimos máis os galegos e galegas polas súas políticas, polas políticas do Partido Popular, que, en suma, son as que están detrás da explicación de que en numerosos indicadores sexamos os galegos e as galegas as que estamos nunha peor situación. Por exemplo, nesta crise de prezos podemos repasar como é a evolución do IPC no noso país. Co último dato para decembro do 2022 vemos como outra vez temos un aumento superior ao do Estado: Galiza, un 6,4 %; o Estado, sete décimas menos. E insistimos unha vez máis na nosa preo-



cupación polo que está a acontecer coa inflación subxacente. Foi dun 7,8 %, nove décimas máis que a rexistrada en novembro e oito décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado. E onte precisamente —aínda que lles molesta a vostedes moito que o citeamos— pois coñeciamos o último informe do Foro Económico Galego —nada sospeitoso de ser o voceiro do Bloque Nacionalista Galego—, e o titular era claro: «A economía galega frea a súa actividade económica», ¡a economía galega frea a súa actividade económica! E supoño que vostede non nos responderá ante iso que estamos vandalizando os supermercados. Porque, claro, aquí traemos un informe obxectivo dun foro económico do que onte saíu o seu voceiro e dixo literalmente que «a economía galega frea a súa actividade económica» e vostedes pois intentan crear aquí unha imaxe de que no Bloque Nacionalista Galego, non sei, estamos enfundados e indo atracar supermercados, ou algo polo estilo.

Pero, mire, é que ese informe di máis cousas que son datos obxectivos: «O PIB galego ralentízase significativamente no terceiro trimestre»; «Os diferentes agregados presentan unha peor evolución que no conxunto do Estado»; «O sector primario e a industria amosan unha contracción da produción»; «Galiza mantense entre as comunidades con taxas máis reducidas de ocupación e actividade», etc. E nós preguntámonos, señor Corgos: algunha responsabilidade terán vostedes en que en Galiza haxa peores indicadores que no resto do Estado, ¿non? Polo tanto, hoxe esperamos que traia respostas e que, desde logo, miren un pouco máis para o que acontece e o que deciden vostedes dentro de San Cateano e deixen de estar menos ocupados en buscar culpables externos.

Porque, mire, as conclusións son evidentes. Primeiro, todo fai ver que volveron fallar na planificación. Galiza vai seguir a ter un comportamento, tamén no seu produto interior bruto, peor que a media do Estado —iso xa aconteceu ao longo do 2022 e é previsible que siga a acontecer—. E vemos tamén nos últimos datos da inflación como temos peores indicadores. Pero podemos ir a outros ámbitos, como o índice de produción industrial, que tamén é moi preocupante coa última caída do 1,5 % —sobre todo se o comparamos con como era a situación antes de 2008, con 30 puntos máis—. Sabemos que Galiza aínda non se recuperou nos niveis de actividade anteriores á gran recesión, e vostedes ante iso o único que fan é, unha e outra vez, trasladar aquí un discurso conformista e de que iso vai acontecer no seguinte trimestre. E vemos tamén como hai unha fonda crise industrial. Este informe afonda precisamente nun dos problemas económicos que temos neste país, que é a terciarización da economía cando temos sectores estratéxicos no ámbito enerxético e industrial. Pero vostedes non fan o posible para que iso se traduza en maior valor engadido nunha economía autocentrada e menos dependente de factores exógenos.

Polo tanto, a conclusión é clara: vostedes fallan. Hai un mes aprobaron uns orzamentos para o 2023 que xa nacían desfasados pero que a estas alturas están obsoletos, obsoletos canto á previsión de ingresos e obsoletos canto á prioridade dos gastos que precisa este país. E neste contexto Galiza o que fai é sufrir as consecuencias máis graves e máis intensas polas súas políticas. Sobran os exemplos miremos o ámbito que miremos.

Vou poñer un; por exemplo, a vivenda. O de vivenda é un dos ámbitos nos que máis estrepitosamente fracasa o seu goberno, en execución e en acción, porque non impulsan políticas activas e funcionais para a vivenda. Sabe que a exclusión residencial é hoxe o principal factor



de empobrecemento dos galegos e das galegas, que xa antes da pandemia afectaba a un 35 % da poboación, case un millón de persoas. A pandemia e a crise de prezos só fixeron empeorar a situación. E vostedes non fan nada. Esta semana coñecemos os datos actualizados do Ministerio. Vemos que Galiza anota unha vez máis o valor máis alto da vivenda nunha década, que os galegos e galegas gastan un 25 % do seu salario precisamente na vivenda.

E ¿que acontece se imos aos salarios? Se imos aos salarios pois vemos tamén como a capacidade salarial dos galegos e galegas non está para botar foguetes, os incrementos non están a servir para capear esta crise. Sabemos que 2 de cada 10 asalariados gañan menos de 1.000 euros en Galiza e que iso afecta a máis de 170.000 persoas, que é como xuntar a poboación das cidades de Ourense, de Vilagarcía e de Lalín. Isto ¿que significa? Que neste país non é en absoluto certo que ter un traballo signifique non ser pobre ou non estar empobrecido ou empobrecida, porque a iso nos levou a precariedade laboral. Esa precariedade sabemos que tamén se estende nas pensións, que non só as temos das máis baixas senón que vostedes renuncian, por exemplo, ao autogoberno para incrementar de forma suficiente as pensións non contributivas. E tamén sabemos que esta situación a quen máis afecta é ás galegas, porque hai unha fenda de xénero importantísima tamén no ámbito das pensións. Se xa en Galiza unha muller ten unha pensión un 25,7 % menor que a dun home, se as comparamos coas do Estado, as pensións das galegas son de ata 1.400 euros menos que as da media do Estado.

Esta é a realidade, señor conselleiro. Galiza hoxe é un país máis empobrecido e con menos capacidade de resistencia á crise de prezos polas súas políticas económicas. Porque as políticas económicas do Partido Popular o que fan é deixar un país con peores indicadores que os do resto do Estado. Ante isto non serven nin a propaganda nin as medidas timoratas. E que o contexto sexa complexo —insistimos— non os exime a vostedes de responsabilidade.

Polo tanto, hoxe preguntámoslle: ¿que valoración fai da situación económica? Pero, sobre todo, ¿que rectificacións económicas van facer para que os galegos e galegas non sigan indo máis cara ao precipicio grazas ás súas políticas, señor Corgos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señoría, señora presidenta.

Pregúntame vostede pola valoración do Goberno galego sobre a situación da economía logo de facer unha serie de consideracións e de facer referencia ao documento do Foro Económico de Galicia, que eu leo con atención —como todos os informes de prospectiva económica que se emiten sobre a nosa comunidade autónoma—. Pero tamén lle direi que prefiro ir á fonte limpa na que tamén se basea este informe, que son os datos do IGE. E, como todos os infor-



mes económicos, diríalle que ten unha serie de conclusións que son as que temos que ter en conta, non os parágrafos illados que contén ese informe.

E o que di nas conclusións é que a economía galega conta cun diferencial na recuperación do PIB respecto da crise de 1,4 puntos co do Estado, e que retomará os niveis de crecemento previos á pandemia moito antes. En particular, podo dicirlle e podo afirmarlle que xa estamos agora mesmo superando os niveis de crecemento de decembro do ano 2019, anteriores á pandemia.

En relación con isto, en relación coa conxuntura económica, a verdade é que a situación non mudou especialmente respecto dos debates que tivemos hai dous meses co gallo da presentación dos orzamentos da Comunidade Autónoma, nin sequera do que tivemos hai un mes respecto da situación macroeconómica no que vostede mesma preguntaba as mesmas cuestións. E como non mudou en nada no alcance e intensidade dos problemas que ten a economía galega e europea, a situación segue sendo a mesma. Hoxe en día aprécianse máis luces que sombras respecto de hai dous meses, é certo, pero as medidas que contiñan os orzamentos, que estaban ben enfocadas e serán efectivas para facer fronte a esta situación, seguen mantendo toda a súa vixencia. O que temos que facer agora é executar ese orzamento con dilixencia, e por iso xa comezamos a lanzar as principais liñas de acción no que atinxe á dinamización económica, como as que se refiren aos autónomos, que a semana pasada, como se soubo na prensa, sacou a Consellería de Emprego.

Por tanto, o primeiro que quero dicir é que a principal ferramenta política, como ben sabe, coa que conta a Comunidade Autónoma para afrontar calquera situación económica neste intre —que é bastante complicada—, é o orzamento; un orzamento que xa está en vigor dende o 1 de xaneiro grazas á estabilidade institucional e política de Galicia, que nos permite aprobar unhas contas con normalidade. Isto é algo esencial porque facilita a transición exercicio a exercicio dando continuidade ao peche de ano e porque pode poñer en marcha, como dicía, esas medidas ben enfocadas fronte á ralentización da nosa economía. Porque eses principais problemas da nosa economía seguen a ser os mesmos —insisto— que había hai dous meses: o incremento dos prezos, os prezos altos, e a ralentización da economía. Desta forma achegamos certezas ás familias e empresas no momento en que máis as precisan.

Ademais, e a pesar das dificultades, algúns dos principais indicadores económicos de Galicia seguen a ser positivos. Como lle dicía antes, respecto ao PIB, malia crecer no terceiro trimestre un 2,5 % por debaixo da media de España, si que nos impulsará ata recuperar o nivel de PIB prepandemia do ano 2019. E os indicadores adiantados do IGE indican que estaremos en crecemento positivo tanto no último trimestre do ano 2022 como neste primeiro trimestre do ano 2021. Polo tanto, é unha perspectiva lixeiramente máis positiva incluso que o cadro macro do orzamento.

E desde a pandemia, trimestre a trimestre, seguimos a constatar que a economía galega está a comportarse mellor ca española. A economía decreceu 2 puntos menos no ano 2020 e creceu 1 décima por riba no ano 2021. Polo tanto, iso é o que nos permitirá saír antes e nos está permitindo recuperar antes ese nivel de crecemento no que xa estamos hoxe, como dicía.



En canto á taxa de paro, os datos do INE correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2022 sitúana no 10,8 %, polo que continúa a ser mellor que a da media do Estado, cun diferencial de case 2 puntos. Ademais, Galicia é a terceira comunidade autónoma, tamén segundo os datos INE, con maior caída do paro no último trimestre en termos absolutos. E o crecemento na ocupación é maior que o da media das comunidades autónomas.

Tamén o emprego é de maior calidade, pois crecen os asalariados indefinidos e a mellor e maior ritmo que no resto do Estado. A porcentaxe de indefinidos é maior en Galicia ca no Estado. Se collemos o paro rexistrado, o último dato do INE correspondente ao mes pasado indica que o número de persoas desempregadas na nosa comunidade autónoma é de 142.222, a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica nun mes de decembro. En canto ás afiliacións á Seguridade Social, seguen a estar ben por riba do millón de cotizantes, segundo os datos do INE. Subiron case un punto no último ano, cunha tendencia ascendente que non cesa dende o ano 2014 —soamente interrompida pola covid no ano 2020—.

En exportacións, das que tamén se falou esta mesma mañá, á falla de coñecer os datos do mes de decembro, xa podemos dicir que no ano 2022 marcaron un novo récord histórico e superaron por vez primeira os 27.000 millóns de euros. En concreto, os datos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo indican que de xaneiro a novembro se exportaron 27.483 millóns de euros, que son 2.213 millóns máis que en todo o ano 2021. Isto significa que, por sexto ano consecutivo, superaremos a barreira dos 20.000 millóns de euros en exportacións. Seguimos, por tanto, a vivir o noso mellor ciclo exportador, o que reforza a visión da competitividade da nosa economía.

En canto á débeda pública, á que tamén facía referencia, os últimos datos do Banco de España sinalan que Galicia reduciu un 2,8 % a débeda pública no terceiro trimestre —324 millóns de euros—. Os datos oficiais ratifican que somos a comunidade autónoma con menor aumento de débeda dende 2009. Un dato non é información se non se compara co seu entorno, e os datos oficiais o que ratifican é que somos a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende 2009.

Señoría, como pode apreciar, todos estes indicadores amosan unha evolución positiva dentro deste contexto de desaceleración ao que eu me refería ao inicio da miña intervención.

Vaiamos agora analizar a evolución dos prezos. Este é sen dúbida un dos maiores problemas actuais, e reitérolle que este Goberno está non só preocupado senón ocupado en implementar medidas para loitar con esta situación de altos prezos. A mellor proba diso son os orzamentos e as medidas incluídas neles para contrarrestar os efectos da inflación —sobre todo para os máis vulnerables—. As contas en vigor inclúen 500 millóns de euros adicionais para reforzar e implantar programas novos nas cinco liñas prioritarias de actuación marcadas cando presentamos os orzamentos: apoio e protección ás familias e ás persoas máis vulnerables, aforro e eficiencia enerxética —unha das principais fontes deste incremento de prezos—, dinamización económica, protección do medio ambiente, loita contra a seca e o cambio climático e fortalecemento dos servizos públicos autonómicos.

E estes orzamentos tamén inclúen medidas fiscais de alivio: as rebaixas fiscais no primeiro tramo do IRPF e a deflación dos tres primeiros tramos do IRPF, que tamén se centran con



maior intensidade nas rendas máis baixas. É a cuarta vez que rebaixamos o IRPF nos últimos nove anos, logo de facelo no 2014, no 2016 e no 2022. E ademais adoptamos unha serie de medidas xa con efectos do 1 de xaneiro do 2022 rebaixando, como ben sabe, o primeiro tramo do IRPF, deflactando un 4,3 % a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos e rebaixando os mínimos persoal e familiar. Con estas rebaixas de IRPF un contribuínte galego aforrará de media na vindeira declaración, dentro de dous meses, 476 euros en relación co que pagaba no ano 2009.

Todas estas medidas quero lembrar que contaron co seu voto negativo, tanto os reforzos de carácter social como as rebaixas fiscais. Pero tamén quero salientar que non esperamos a estes orzamentos para tomar medidas, senón que xa se estaban a tomar o pasado ano. Estas medidas seguro que contribuíron a moderar o IPC na nosa comunidade autónoma, que en xuño estaba no 11 % e que pechou o ano nun 6,4 % —practicamente catro puntos menos—. E para o ano 2023 agardamos que os prezos se moderen aínda máis a partir do vindeiro mes de marzo e que o IPC en Galicia evolucione na liña da media do Estado.

Señoría, todo isto lévanos a manter o cadro macroeconómico do actual orzamento. En efecto, nun contexto caracterizado por unha extraordinaria incerteza e pola concorrência simultánea de múltiples perturbacións adversas, a actividade económica global está a amosar nos últimos meses un nivel de resiliencia apreciable. A iso contribuíu, entre outros factores, o dinamismo dos mercados de traballo en moitas das principais economías mundiais —e na nosa tamén— e as medidas de política fiscal despregadas polas diferentes administracións para facer fronte á crise enerxética e á repunta dos prezos.

A ralentización da actividade económica mundial favoreceu nos últimos meses tamén unha certa debilitación destas presións inflacionistas. Malia unha perspectiva máis optimista, os cambios son marxinais e todos en liña coas previsións do cadro macroeconómico dos orzamentos da Comunidade Autónoma. Así, o Banco de España aumenta a previsión de crecemento nun 0,1 % —ata o 4,6 %— no 2022 e báixaa tamén nun punto, ata o 1,3 %... Tamén baixa con máis alcance a previsión de prezos —0,3 puntos no 2022 e 0,7 puntos no 2023—, ata o 4,9 % de media, polas recentes sorpresas á baixa nos datos observados. O resto dos institutos de prospectiva tamén revisaron as súas previsións en positivo, en especial os nacionais AIReF, BBVA e Funcas, que soben os informes nacionais non só para 2022 senón tamén as previsións de crecemento para 2023.

Todas estas revisións marxinais e con moitas incertezas —remato xa— reforzan, insisto, a solvencia da previsión do cadro macro do orzamento da Comunidade Autónoma e, o que é o máis importante, da volta a un crecemento consistente na segunda metade deste ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Corgos.

Antes de dar a quenda á señora Presas, saudamos os alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP Península da Paz, de San Cibrao, Cervo. Dámoslles a benvida ao Parlamento de Galicia aos alumnos, ás alumnas e a todo o persoal docente. Benvidos.



Ten agora a palabra dona Noa Presas Bergantiños por tempo de cinco minutos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Corgos, di vostede que a situación non mudou substancialmente desde a última vez que debatemos. Eu teño unha mala noticia, e é que, en canto non muden as súas políticas ou non mude este goberno, imos seguir tendo este debate, porque nós ao que aspiramos é a que vostedes corrixa aquilo no que nós insistimos en que están vostedes equivocándose.

Mire, vaíamos a varias cuestións ás que apuntou vostede. Primeiro, preocúpanos que sigan asentados nunha lectura absolutamente conformista do que está acontecendo, ata o punto de que, se hai uns meses insistían vostedes en que a respecto da evolución do IPC a Xunta de Galiza non podía facer nada, hoxe xa se vangloria vostede de que axudaron as súas políticas a moderar o IPC. Supoño que nalgún momento, cando se consolide arredor do 5 %, será grazas absolutamente á Xunta de Galiza e non a ningún outro factor. Non como cando hai problemas, que si que aí a responsabilidade da Xunta de Galiza é ningunha. Non deixa de ser sorprendente o seu fundamento argumental.

Mire, nós insistimos en que o que puxemos enriba da mesa son cuestións que vén de anunciar e nas que vén de insistir o propio Foro Económico. E se niso xa non somos quen de poñernos de acordo, de verdade, os que se están agarrando a un dato como a un cravo ardendo son vostedes, señor Corgo, e sábeo perfectamente. Porque insiste o informe no diferencial galego —que é no que queremos insistir neste debate— en múltiples aspectos. Incluso o propio Foro Económico insiste niso. Nós levamos moitos meses insistindo na cuestión da inflación, pero é que hai máis datos enriba da mesa, como que Galiza se mantéña entre as comunidades con taxa de ocupación e actividade máis reducidas, como que se indique que, dentro do que é a análise dos diferentes comportamentos da demanda, os diferentes sectores agregados recollidos presentan unha peor evolución en Galiza que no conxunto do Estado. E, sobre todo, hai aspectos que tam pouco son novos no debate político con esta forza política, como esa preocupante terciarización da economía.

E tamén quero aproveitar para continuar co que se introducía noutro debate respecto das exportacións. Mire, sabe vostede que as cifras as podemos perverter calquera como sexa. Eu podería centrarme aquí en que, atendendo ao segundo trimestre do 2022, estaban nun 8,5 % e no seguinte trimestre nun 8,1 %. E tamén podería recrearme aquí en que o Estado vai no 18 % ou ver datos de 2021, que eran máis altos. Pero é que a cuestión é que tamén no que insiste o Foro Económico e no que insistía onte o expresidente Laxe —que tampouco é do BNG aínda que tamén queira unha tarifa eléctrica galega ou algo semellante— é nos problemas crónicos estruturais que teñen as exportacións do noso país. E sabe vostede perfectamente cales sons. Sabe que dependen fundamentalmente de dous sectores económicos: do téxtil e do da automoción. Sabe vostede que un cincuenta e pico por cento están concentrados en cinco países e que iso tamén é un risco a medio e longo prazo. E sabe vostede tamén cales son os seus problemas crónicos: que dependen de dous xigantes empresariais e que non están vinculadas ao tecido do valor engadido.



De feito, onte tamén, cando se presentaba este informe, se insistía moito niso. Voulle ler: «Laxe criticou que o investimento público se reduciu no terceiro trimestre en Galiza nun momento en que se debería impulsar a reactivación». ¿De quen depende que se reduza o investimento público no terceiro trimestre de 2022? Pois depende do Goberno da Xunta de Galiza. «E avisou de que non se pode cortar de forma radical e abrupta ese apoio nos momentos de desaceleración. Precisamente considera clave reforzar políticas industriais e fomentar a innovación, e fala de que o mercado exterior segue concentrado na automoción e no téxtil. Outro problema crónico é que a produtividade segue por debaixo da media española, cuestión achacada a un menor investimento en I+D+i».

Polo tanto, señor Corgos, a conclusión é clara. Vostedes fallaron non só nos últimos orzamentos. Nos anteriores tamén. Fallaron na lectura dos cambios económicos que había que impulsar despois de 2020, despois do gran parón da pandemia. Porque o que necesitamos é un cambio de modelo económico de fondo, pero necesitamos tamén medidas no inmediato que axuden as persoas que peor o están pasando. E eu púñalle na miña primeira intervención o exemplo das mulleres. Esa situación ¡vaia se cambiou! Cando vostede di que non cambiou substancialmente a situación está pensando nas décimas do produto interior bruto. Pero, cando baixamos das décimas do produto interior bruto á realidade da xente, o que vemos é que si cambiou. Eu púñalle o exemplo da fenda de xénero nas pensións, pero podemos ir máis alá, podemos ver cal é a realidade do empobrecemento das mulleres desde o final da pandemia. Hoxe temos 8.000 mulleres pobres máis que no ano 2020. Sabemos que máis dun 50 % de familias monoparentais está en risco de pobreza. Sabemos que a taxa de pobreza das mulleres é superior á media e superior á taxa dos homes (un 20,9 %). Sabemos que aumentou a taxa de pobreza severa das mulleres e sabemos que vostedes seguen facendo o que levan facendo desde o minuto un: votar en contra. Fala vostede de debates repetidos pero é que onte se debateu nesta Cámara sobre o empobrecemento das mulleres e votaron en contra das cinco medidas que se propuñan: unha é recuperar unha medida que vostedes quitaron, como a Tarxeta Básica; outra, cumprir unha lei que vostedes aprobaron, e unha medida que aprobaron en dúas leis diferentes, Lei de familia e Lei de despoboamento, e que incumpriron —ese é o nivel, señor Corgos—; e tamén onte votaron en contra de mellorar a situación das residencias, que é un debate recorrente desde 2020.

Entón, insistimos, este país encadeou as consecuencias da crise financeira coas consecuencias da pandemia e coas consecuencias dunha crise de prezos demoledora. E o máis demoledor é que, grazas á súa política económica, Galiza ten peores indicadores que o Estado. Polo tanto, apelamos a que teñen que rectificar, teñen que facer unha lectura adecuada e realista do contexto económico e teñen que iniciar un cambio de rumbo en dous sentidos: primeiro, de reorientación do modelo económico, e, segundo, de atención ás emerxencias sociais que están desatendendo. Polo tanto, defraudadas unha vez máis...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...co resultado das súas respostas, traeremos ao próximo pleno unha batería de medidas para que realmente volvan sopesar se este país merece dar un cambio de rumbo ou se vostedes teñen que seguir mirando para o seu propio embigo en



San Caetano, ocupados en salvarse a vostedes mesmos en lugar de salvar os galegos e galegas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten a palabra novamente o señor conselleiro de Facenda, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas.

Señorías, este Goberno ten claras tanto as prioridades neste momento como a folia de ruta estratéxica ata o ano 2030, porque boa parte das observacións que acaba de facer vostede, señora Presas, teñen que ver coa estrutura económica da comunidade autónoma. E a estrutura económica dunha comunidade autónoma non se muda en doce meses nin en vinte e catro nin en trinta e seis, senón que é un cambio a longo prazo.

A diversificación da base das empresas exportadoras da comunidade autónoma é un obxectivo, como debería saber, do Plan estratéxico de Galicia 2020-2030, e por iso todos os anos nos orzamentos da Comunidade Autónoma incluímos numerosas medidas de fomento para impulsar as empresas galegas a exportar e non só os grandes xigantes multinacionais que residen na nosa comunidade autónoma. E tamén por iso mesmo existen diferentes liñas estratéxicas de cara a aumentar o peso das industrias galegas, que están excesivamente concentradas nas micropemes e que teñen moi pouca capacidade de exportación, como tamén sabe vostede de sobra.

O mesmo acontece no gasto en I+D. Este incremento, esta mellora cuantitativa do investimento apoiada no coñecemento, tamén está recollida no Plan estratéxico de Galicia, e un dos seus fundamentos é ser impulsada ano a ano. De feito, como ben sabe, o peso sobre o gasto non financeiro no orzamento do 2023 do gasto de I+D é do 2 %, o dobre do peso que os seus últimos orzamentos recollían no ano 2009.

Este Goberno, polo tanto, ten claras as prioridades a curto prazo ante as urxencias máis perentorias da conxuntura económica que acabamos de describir antes, centradas na ralentización económica e no incremento dos prezos, así como a folia de ruta estratéxica para Galicia e para os anos 2020-2030. Reitero que, ante esta conxuntura marcada polos altos prezos e a ralentización, quixemos aprobar uns orzamentos de impulso que contribúan á dinamización económica para que as políticas públicas que promovemos proporcionen certezas aos axentes económicos e ás familias. Temos un dobre obxectivo: por unha banda, dotar de estabilidade as decisións de consumo, aforro, investimento e produción; e, por outra, fixar un marco que contribúa a garantir un crecemento sostido, que minimize os efectos económicos e sociais adversos desta conxuntura e focalizando nos máis vulnerables as medidas de maior calado. E, insisto, as medidas tomadas por este Goberno —non só para os orzamentos do 2023 senón dende hai un ano— están a axudar a moderar a inflación e os seus efectos en Galicia nos últimos meses. Aínda que temos uns prezos moi altos, demasiados altos, en seis meses pasamos de ter un IPC por riba do 11 % a pechar o ano nun 6,4 %. É unha cifra, por suposto, alta e teremos que seguir contribuíndo a reducila, pero, como ben



sabe tamén vostede, as principais competencias no que atinxe ao control dos prezos radican na política monetaria que reside en Europa, no Banco Central Europeo, e no Goberno de España, que fixa as bases da actividade económica. Nós tamén colaboramos a este control dos prezos; polo tanto, non me arrego para min mesmo esta mellora na evolución dos prezos e somos moi conscientes de que só podemos axudar a mitigar esta tendencia e aplicar medidas paliativas, como así fixemos recollendo nos orzamentos da Comunidade Autónoma o incremento en porcentaxe máis importante nos últimos dez anos das políticas sociais, con máis dun 11 % de incremento de recursos financeiros.

As previsións do IGE apuntan a que o IPC se moderará aínda máis a partir do mes de marzo, como dicía, e que se situará en cifras semellantes á media de España. Pero hoxe quero volver reafirmar no Parlamento que a Xunta seguirá a executar as medidas previstas no orzamento para axudar a mitigar os efectos da alza de prezos a empresas e familias con medidas de reforzo social e de alivio fiscal centradas nos sectores máis vulnerables.

A pesar desta conxuntura adversa, a economía galega está comportándose mellor que a española dende a crise prepandémica e, como dicía antes, xa agora mesmo recuperamos o nivel de crecemento prepandemia. Mantemos unha axeitada evolución en termos de actividade, emprego e exportacións, cos datos positivos que acabo de sinalar. De feito, todos eses indicadores e as predicións coñecidas dende o debate dos orzamentos hai dous meses reafirmámonos nestas previsións.

Señoría, as previsións contidas nos orzamentos son prudentes e estamos convencidos de que se poden cumprir, tanto ao peche do ano 2022 como na estimación para o presente exercicio. Reitírolle que as revisións levadas a cabo nas últimas semanas polos principais organismos, tanto nacionais como estatais, están na liña das recollidas no noso cadro macroeconómico do orzamento galego para o 2023, o que reforza as nosas estimacións e a vixencia das nosas medidas. Polo tanto, as solucións incluídas nos orzamentos para afrontar esta conxuntura seguen vixentes e ademais son anuais, non como as do Goberno central, que son temporais e teñen que renovarse cada «x» tempo mediante decreto lei.

Ademais, os últimos datos coñecidos confírmannos que xa, como dicía antes, recuperamos ese nivel de riqueza prepandemia e que o faremos con varios trimestres de antelación sobre a media de España, algo que nos debería alegrar a todos.

Igualmente, co último dato feito público polo Instituto Nacional de Estatística, correspondente ao ano 2021, o PIB per cápita creceu, como ben sabe, ata 23.499 euros, e xa chega ao 92,2 % da media nacional, o que supón un avance de catro puntos respecto do ano 2009 —tamén outra boa nova—. Queremos seguir por este camiño, e que estes orzamentos favorezan o crecemento económico e a senda positiva e inclusiva de converxencia. Por iso —remato xa—, coas contas do 2023 buscamos contribuír a un impulso necesario na política económica ao servizo da dinamización económica, que centrará os nosos esforzos, como dicía, en mitigar os efectos da alza de prezos, recuperar o nivel de crecemento prepandemia, da actividade económica, mobilizar os investimentos estruturais e reforzar e modernizar os servizos públicos fundamentais.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as axudas en materia de vivenda para a mocidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular esta interpelación ten a palabra dona Noelia Otero por un tempo de dez minutos.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Moi bo día, señora conselleira.

Quería comezar esta interpelación facendo unha reflexión, da que se está a falar moito nas últimas horas, na parte que afecta á situación que está a padecer a mocidade e arredor das mensaxes que estamos tamén a trasladarlle desde o ámbito das administracións públicas a esa mocidade. Ten que ver cun asunto do que se está a falar moito nas últimas horas, que, se ben é certo que quería poñer o foco na situación da falla de recursos para atender a saúde mental na sanidade pública, tamén nos deixaba unha reflexión arredor das mensaxes que estamos a trasladarlle á mocidade. Estou a falar desa carta que publicaba unha psicóloga nas cartas á directora no diario *El País*, unha psicóloga da sanidade privada en Madrid que era entrevistada a raíz da viralización desa carta onte na *Cadena Ser*, Belén Hernández. Falaba do caso dun mozo, para poñer cara e exemplo á situación da saúde mental que está a vivir a mocidade e á falla de recursos na sanidade, e contaba nesa carta, nesa entrevista —por se alguén perdeu este episodio, porque estabamos onte neste pleno—, que estaba atendendo de balde un mozo de 23 anos que, tras acudir ás urxencias na comunidade de Madrid cunha depresión moi forte e cunha situación de risco elevadísimo de suicidio, pois saíra cunha receita de ansiolíticos baixo o brazo e unha cita para a primeira atención psicolóxica para o ano 2024. Esta psicóloga contaba e lamentaba nesa carta que este mozo, a pesar de ter 23 anos e de traballar, estaba absolutamente desesperado e empobrecido. Decía que era unha realidade que se estaba a atopar, e moito.

E dicía que deixaba unha reflexión nesa entrevista, máis alá da sanidade pública, sobre a mensaxe que se lle está a trasladar á mocidade. Concluía —e se concluía tamén nestas últimas horas nos faladoiros— que a depresión é tamén política, que non é un fracaso individual. Está constatado que a situación económica e social incide directamente neses problemas de depresión, de saúde mental, que está afectando a mocidade.

E diso queremos falar nesta interpelación, porque dicía esta psicóloga que está na nosa man o que podemos facer, as políticas que practicamos e as mensaxes que trasladamos, porque esta é a primeira xeración que, por primeira vez, vai vivir peor que os seus pais, é a primeira xeración. E deixalo así é furtar absolutamente toda esperanza, toda ilusión, que debe ser algo intrínseco á mocidade. E disto vai esta interpelación, unha vez máis, e disto irá a moción que presentaremos en dúas semanas, señora conselleira, de medidas absolutamente tanxibles; medidas que, se antes eran necesarias, neste contexto de suba de prezos, de alugueiros



que se vén de constatar que quedaron absolutamente disparados ao peche do ano 2022, son agora urxentes ante esa necesidade de poñer medidas sobre a mesa para unha mocidade galega que xa partía dunha situación máis precarizada no plano laboral e tamén á hora de emanciparse.

Vostedes gobernan, nin máis nin menos, dende o ano 2009 —case catorce anos— e teñen agora na man neste momento poñer un punto de inflexión ante esta incerteza económica, poñer eses recursos sobre a mesa, planificar de xeito transversal no emprego, na vivenda, como pediamos tamén no pasado mes de decembro, e non obviar a capacidade que teñen como administración e como comunidade autónoma con competencias nesta materia e esa obriga para non seguir furtando esa esperanza a unha xeración capacitada, formada, pero que está padecendo peores cifras de emancipación, peores taxas de desemprego, peor poder adquisitivo, que no conxunto do Estado. Polo tanto, enfrontamos esta crise nunha situación de partida moito peor.

Eu pediría que non faga como a conselleira de Emprego en resposta a unha interpelación sobre emprego, vivenda e mocidade —tamén sobre a crise demográfica— do pasado mes de decembro, que, cando achegabamos os datos do Foro Económico, das distintas universidades, da enquisa de poboación activa, do Instituto Galego de Estatística ou do Instituto Galego de Vivenda e Solo sobre vivenda ou sobre emancipación, nos chamaba catastrofistas por pedir medidas concretas. Tal e como trasladabamos nese momento, a situación é tan delicada que non só estamos falando dunha mocidade absolutamente empobrecida, senón que isto redunda directamente na crise, na fonda crise demográfica, que está a atravesar esta comunidade. Cada vez somos menos galegas, menos galegos, máis vellas e máis vellos. E as proxeccións que está dando o Instituto Nacional de Estatística están a advertir que somos das poucas comunidades autónomas que seguiremos nos vindeiros dez, vinte e cincuenta anos perdendo poboación. E, como non, se o problema de emancipación que teñen os mozos e mozas é que aínda cun traballo non se poden emancipar na nosa comunidade, ¿como van pensar en facer non só unha vida independente senón en poñer algún tipo de punto de inflexión a esa crise demográfica? Vimos de pechar o ano co peor saldo vexetativo dende que hai rexistros. De todas estas cousas estamos a falar, señora conselleira.

A señora conselleira de Emprego tamén nos dicía que non había que tirar da hemeroteca, que eramos uns catastrofistas, que ela non o tiña preparado e que podería traer novas tamén en positivo. E esta nova (*A señora Otero Lago amosa un documento.*) —xa estaba preparada esta interpelación— é de onte mesmo: «Os soldos baixos e o prezo da vivenda impiden emanciparse a 83.000 xoves con traballo aquí en Galicia. Un terzo dos galegos de 18 a 34 anos viven cos seus pais e cobran unha nómina durante todo o ano». Son datos tamén do Instituto Galego de Estatística de 2021. Máis de 250.000 mozas e mozos galegos non poden emanciparse, e naqueles que deciden independizarse o risco de pobreza aumenta para a mocidade galega ata o 21 por cento. Diso estabamos a falar.

Así que este titular é de onte mesmo, facendo o repaso á prensa onte neste pleno. E así contextualizamos —dicíamos— esta interpelación: máis de 250.000 mozos e mozas antes desta crise de prezos, insisto, con todos os datos, falando dun récord do aumento dos prezos do alugueiro o pasado ano, cunha ausencia absoluta —e aí están os rexistros do IGE tamén— de



políticas no impulso do parque público de vivenda —absolutamente deserto nesta última década— e cun rexistro único de demandantes de vivenda absolutamente colapsado. Esa foto fixa leva así máis dunha década: máis de 15.000 persoas demandando unha vivenda pública e accesible, e nun 80 por cento, ademais —como sabe vostede—, en réxime de alugueiro.

Eu pediríalle mesura e rigor porque onte neste Parlamento a escoitamos a vostede falar de vivenda, e despois de manter, por exemplo, recentemente, unha xuntanza co delegado do Goberno para falar de políticas de vivenda e de fondos, escoitámola poñer o acento en que a prioridade que ten vostede nesta consellería —e onte a señora Candía tamén rasgaba as vestiduras neste pleno falando nin máis nin menos que de montes veciñais— é a ocupación; di que esa é a prioridade. Pedía —dicía a señora Candía— un pouco de sensibilidade e empatía, e situaba a ocupación —dicía— no problema da sanidade pública desta comunidade, nin máis nin menos.

Nós, con toda esa sensibilidade e esa empatía, queremos lembrar aquí que a súa consellería financia con fondos públicos e subvenciona un teléfono antiocupación que recibe apenas trinta chamadas nun ano, e que se financia con fondos públicos da súa consellería. E di vostede con esta radiografía social e económica, non só da mocidade, que a súa prioridade é un informe pagado a unha responsable do Partido Popular, allea a esta comunidade, para que diga que a ocupación é o gran problema, é unha gran alarma social, cando o Consello do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal, a Memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os datos das forzas e corpos de seguridade están a dicir que representa o 0,1 por cento na nosa comunidade do cen por cento das ocupacións que se producen aquí —que para os que se producen, claro que si, toda a sensibilidade e empatía do traballo—. Pero fala vostede de prioridade, e na nosa comunidade practicamente a totalidade son vivendas desocupadas en mans de bancos da Sareb ou segunda vivenda, e para esas persoas, tamén toda a solidariedade.

Pero os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial son residuais. ¿Esa é, señora conselleira, a súa prioridade, con 83.000 mozos e mozas que cobran unha nómina e teñen que vivir cos seus pais, co problema demográfico que temos e cun rexistro único de demandantes de vivenda absolutamente colapsado? —preguntamos—. Non perdan o foco porque o teñen perdido, e desenfocado nesta última década. É absolutamente insoportable con esta situación —por iso pode que ese desenfoque sexa intencionado— que ano tras ano collamos a execución do orzamento da súa consellería en materia de programas de acceso á vivenda e que sexa unha auténtica vergoña. Datos do terceiro trimestre: liquidación do orzamento, programas de acceso á vivenda, partidas do ano pasado no medio desta crise económica, pouco máis do tres por cento.

Señora conselleira, nega vostede constantemente eses datos de execución. No ano 2021, a Xunta deixou, por exemplo, sen executar 300.000 euros dun total de 840.000 de axudas totais para menores de 35 anos, xa que falamos de mocidade, e así poderíamos seguir.

Diso estamos a falar nesta interpelación, señora Ángeles Vázquez. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, dona Ángeles Vázquez Mejuto, por un tempo de dez minutos,

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día a todos.

Señora Otero, efectivamente, a Xunta de Galicia está gobernada polo Partido Popular e por un equipo dende hai catorce anos, e durante estes catorce anos levamos aplicando unha completa política de vivenda que ten como obxectivo non deixar atrás a ninguén. Non deixar atrás a ninguén é atender os colectivos con máis dificultades, e un dos colectivos con máis dificultades, sen dúbida, son os mozos e as mozas do noso país.

Se en algo coincidimos, señora Otero —que eu creo que debe ser no único que coincidimos, e eu, ademais, agardo que sexa así—, é en que temos que lograr unha mellora nas cifras de emancipación dos nosos mozos e mozas galegos. E para iso debemos traballar, e niso nos estamos implicando.

Vou intentar focalizar e centrarme neses mozos e mozas galegos porque eu creo que vostede fixo un repaso aquí e falou da Consellería de Emprego, falou da señora Candia... Eu creo que é bo focalizar os temas e centrarnos nos temas en si, e por suposto que vou falar de vivenda.

Polo tanto, teñen atrancos os nosos mozos á hora de alquilar ou teñen atrancos os nosos mozos á hora de adquirir unha vivenda, e nós estamos poñendo todo o empeño para que eses atrancos sexan os menos posibles. E, polo tanto, todos os menores de 35 anos en Galicia teñen acceso a todas as axudas da Xunta de Galicia tanto en materia de vivenda, a través do acceso, como tamén a través da vivenda pública e do alugueiro. E ademais priorizámolos con programas específicos para eles no alugueiro e na compra.

¿Onde o facemos, señora Otero? Non o fai a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, senón que é participado, e é participado a través dun ente onde están todos representados, dende a poboación en xeral, a través dos usuarios, ata especialistas neste campo, que é a través do Pacto social, o Pacto social pola vivenda, que ten un tempo limitado dende o ano 2022 ao ano 2025, pero que é un pacto vivo, un pacto ao que vostedes tamén poden achegar as súas inquedanzas; iso si, sempre con datos concretos e a poder ser con solucións, porque nós queremos solucións enriba da mesa.

Eu o que lle podo avanzar é que nos últimos tres meses a Consellería de Medio Ambiente, a través do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, leva mobilizado 47 millóns de euros. E vostedes están empeñados aquí en dicir: fíxense, é que non somos capaces de executar. Eu creo que non se enteran absolutamente de nada. E digo que non se enteran absolutamente de nada porque, ao final, hai unhas contas que rendemos, e nesas contas que rendemos vén o tanto por cento de execución. Pero direilles que as políticas de vivenda non son políticas anuais; e, de feito, bueno, pois aí temos enriba da mesa o Plan estatal de vivenda, que non abrangue un ano, senón que abrangue catro ou cinco anos, e este é ampliable, pero tamén



temos os fondos europeos, que os temos ata o ano 2025. Porque falar de vivenda ou falar de construción pública de vivenda non é: collo e poño aquí (*A señora Vázquez Mejuto fai un aceno coa man.*) un edificio que está prefabricado e xa está. Non, hai máis; hai que ver o que tardan certos concellos en habilitar as licenzas e, polo tanto, que poidamos poñernos mans á obra.

Independentemente disto, como lle dicía, nos últimos tres meses mobilizáronse 47 millóns de euros. E, ademais, voulle dicir como foi esa mobilización: 22,8 millóns de euros para o Bono Alugueiro Mocidade —despois centrareime e explicarei como comezamos, como rematamos e se tiña razón a Xunta de Galicia ou se estaba equivocada—; 13,7 millóns de euros en axudas ao alugueiro ordinario, a onde tamén acceden os menores de 35 anos; 3,5 millóns de euros en axudas para a adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, e tamén nos centros históricos —porque queremos vertebrar e, polo tanto, queremos dar as mesmas posibilidades tanto no eido máis rural como tamén nas cidades—; 2 millóns de euros para adquisición de vivenda protexida —e aí tamén me centrarei e falarei dos xoves en si—; e 5 millóns de euros que acabamos de consignar para os avais na compra de vivenda para os xoves de menos de 35 anos, onde a Xunta de Galicia será aval do 20 por cento dos préstamos. Era un problema que viñan tendo os xoves porque lles faltaba esa contía determinada, que ou ben a poñían os seus pais ou se non eles non tiñan recursos, aforros.

Neste punto coído que son especialmente relevantes os eidos na adquisición de vivenda por parte da mocidade galega. E voulle dar un dato: en tres anos 600 mozos e mozas adquiriron vivendas no noso rural galego en concellos de menos de 10.000 habitantes. En concreto, voume centrar no ano 2022, onde 366 mozos e mozas adquiriron, nesta última convocatoria, unha vivenda, e esa convocatoria estivo dotada de 3,5 millóns de euros. Concedemos, ademais, señora Otero, 149 axudas para comprar vivenda en cascos históricos. E se se trata de xoves de menos de 35 anos, chegamos a este colectivo incrementando esa axuda en 2.000 euros.

Xunto con isto, tamén apoiamos os mozos e as mozas no eido da rehabilitación. E, polo tanto, aqueles mozos e mozas de menos de 36 anos teñen prioridade en todas aquelas rehabilitacións que estamos acometendo nos distintos cascos históricos a través do Plan Rexurbe.

Despois falaba vostede de emancipación —ou, polo menos, si que o poñía por escrito—, e eu teño que dicir que se deben de reinterpretar os datos, pero con lóxica. E cando digo lóxica... É que vostede falaba de catastrofismo. A vostedes gústalles moito ir pola parte mala, e aquí hai que analizar a mala e, polo tanto, temos que traballar para mellorala, pero tampouco podemos deixar de contar as partes boas. Polo tanto, señora Otero, hai que entrar a estudar completamente as distintas estatísticas e hai que entrar a valorar tamén o que sae nos medios de comunicación e non quedar en datos que nos interesan a uns si e a outros non.

E eu quero clarificarllo. Para empezar, sabe ben que as cifras que vostede puxo na exposición de motivos —que agora non deu, pero eu creo que sería bo poñelas en valor— sobre capacidade adquisitiva e incremento de prezos se fan en relación co conxunto de España, non por comunidades autónomas. Onde si se entra a valorar sobre comunidades autónomas é na situación de Galicia no primeiro semestre do ano 2022. E no primeiro semestre do ano 2022 Galicia sitúase no grupo de comunidades cunha maior taxa de emancipación. Esta é a realidade. A min preguntame se estou contenta. Non estou contenta —eu son nai de fillos, e



algún deles tamén en breve debería emanciparse—. Así que no tramo de entre 16 e 29 anos, o 16,5 por cento dos mozos están emancipados; este é o dato parcial ao que facía referencia vostede na exposición de motivos, que —como digo— foi escrita. Pero o que non di vostede é que Galicia está por enriba da media española. A media española de emancipación nesta idade está nun 15,9 por cento. No caso de Galicia, estamos nun 16,5 por cento. ¿Hai que mellorar? Por suposto que hai que mellorar. Pero tamén lle terei que dicir que hai comunidades autónomas gobernadas polo PSOE que están nunha porcentaxe moi inferior do que está Galicia. A min gústame centrarme nas mellores, jeh!, non nas que están peor, pero tamén lle teño que dicir aquí as que están peor: é o caso de Asturias, Castela-A Mancha, Aragón, A Rioxa ou a Comunidade Valenciana, por exemplo.

Tamén inclúe esta estatística outros grupos de idade. E resulta que a taxa de emancipación dos mozos galegos é mellor no ano 2022, con diferenza, que no ano 2008. E dirán vostedes: ¿e hai que evolucionar? Efectivamente que hai que evolucionar, e iso foi o que estivemos facendo.

E agora céntrome noutro tramo de idade; en concreto, nos grupos de 30 a 34 anos e nos grupos de 25 a 29 anos, nos que, ademais, se concentra a meirande parte dos mozos en situación de poder emanciparse, xa que recoñecerá vostede que a gran maioría dos mozos de entre 16 e 24 anos está estudando e, ademais, aínda que leven curso por ano, terían 22 anos e despois non teñen a capacidade para poder emanciparse. Polo tanto, a taxa de emancipación en Galicia é mellor agora que hai quince anos. E dígoo porque vostede di que levamos catorce anos gobernando. Efectivamente, estamos facendo as cousas mellor.

En 2022 emancipáronse o 35,1 por cento dos mozos de entre 25 e 29 anos, fronte ao 33,2 por cento que o fixeron no ano 2008. E o ano pasado deixaron o fogar familiar o 69,6 por cento dos mozos galegos de entre 30 e 34 anos, mentres que hai quince anos o fixeron o 63,7 por cento. Polo tanto, estamos seis puntos porcentuais por riba na situación actual respecto da situación de hai eses catorce anos dos que vostedes falaban.

En resumo, no ano 2008 eramos os últimos en emanciparnos e agora a taxa actual de emancipación é superior nos grupos de entre 25 e 29 anos e nos grupos de entre 30 e 34 anos. Iso supón que no primeiro grupo, de 25 a 29 anos, pasamos de estar no posto 11 pola cola a estar no posto 1. E nos outros dous grupos de idade Galicia deixa o último posto para situarse na metade da táboa. ¿E está ben? Por suposto que non, nós queremos ser dos primeiros, pero o avance foi substancial.

Ademais, direille que Galicia, Murcia e Cataluña son as tres únicas comunidades que teñen evolución positiva entre os anos 2021 e 2022 en todos os grupos de idade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Falamos de estatística e por suposto que non fuximos desas estatísticas; o único que facemos é estudar as estatísticas e, polo tanto, valoramos o que está ben e poñemos sobre a mesa o que está mal, para seguir avanzando.



Por suposto, ¿que dicirlles de como levamos a execución dos fondos? Só remato cun dato para despois seguir perfilando. A execución no ano 2021 dos fondos de vivenda foi dun 83,6 por cento. ¿E podía ser do cen por cento? Xa lle avanzo eu que non.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E no ano 2022 —son datos provisionais— é dun 79 por cento dos fondos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Por tempo de cinco minutos ten a palabra dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, señora conselleira, eu, en primeiro lugar, quero saudar positivamente que non negue os datos e que temos ante nós unha radiografía absolutamente preocupante en canto a datos de emancipación, como dicíamos. Pero, ¿de onde veñen? Porque dicía vostede que teñen problemas para se emancipar, pero eses datos non veñen absolutamente da nada. Nós xa levabamos tempo advertindo dende o Partido Socialista e pedindo que se presentase e que se aprobase un plan de emancipación para a mocidade, e o Partido Popular, o grupo maioritario, sempre votou en contra, sen ir máis lonxe insistía a propia conselleira de Emprego e Igualdade neste mesmo pleno no mes de decembro en que non era necesario ese plan de emancipación —que nós seguiremos defendendo ante as preocupantes cifras—. E estamos insistindo, son cifras que aínda non teñen en conta o impacto desta crise e desa suba de prezos dos alugueiros que, no caso das cidades, está a duplicar o prezo que se pagaba no ano 2014.

Eu falaba de onde veñen estes lodos, precisamente. E, claro, aí están eses datos do Instituto Galego de Estatística desta última década, nos que se ve cal é a cifra de construción de vivenda pública na nosa comunidade, cal é a porcentaxe de vivenda pública en relación coa porcentaxe de media estatal por habitante desta comunidade. Estamos —sábeo vostede— á cola do Estado. E nin comparemos a porcentaxe de vivenda pública que temos nesta comunidade nestes últimos anos —que foi baixando por habitante esa porcentaxe— cos países da nosa contorna europea. Claro que iso é responsabilidade e froito directo da ausencia absoluta de políticas públicas en materia de vivenda do Partido Popular.

E mire, señora conselleira, vostede agora vén falar de datos provisionais de execución en materia de vivenda. Eu fállolle de programas de acceso á vivenda, que seguen no día de hoxe con menos fondos dos que se consignaban no último exercicio en programas e axudas directas de acceso á vivenda no orzamento do ano 2009, nun goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Pero se non queremos ir tan lonxe, falemos e discutamos de execución, que temos presentado iniciativas neste Parlamento para que presenten un informe sobre a baixa execución, sobre cales son os motivos e sobre como corrixir esas eivas, porque eses informes



e eses datos non se presentan. E ese debate rigoroso e con datos sobre a mesa tampouco queren telo.

Insisto, en plena crise de prezos, de emancipación, cunhas taxas de desemprego para a mocidade galega que están por riba da media estatal, cuns salarios absolutamente máis baixos, nin políticas públicas de emprego efectivas para a mocidade, nin políticas públicas de vivenda para a mocidade, señora conselleira.

E fagamos contas: máis de 15.000 demandas —insistimos— para acceder a unha vivenda de protección, fundamentalmente en réxime de alugueiro —un 80 por cento pide un alugueiro público—; o parque público de vivenda, o parque inmobiliario, non chega ás 4.000 vivendas, que ademais xa están ocupadas, como sabe vostede, e temos que dar saída a eses máis de 80.000 mozos e mozas que aínda traballando teñen que vivir cos seus pais e a máis de 250.000 que estarían en idade de emanciparse e non poden facelo; ademais das persoas en risco de exclusión social, vítimas de violencia... Faga vostede as contas.

E está moi ben que asinen, que vostede presente a bombo e prato a compra de 55 vivendas á banca e a compra de 46 vivendas á Sareb, pero faga vostede a conta de cal é a demanda que temos en Galicia, como dicíamos, esa foto fixa que está sen desatascar na última década.

Vostede empeza, ademais, criticando publicamente o Bono Alugueiro Mozo do Estado, logo di que é insuficiente, que está moi ben, pero que é insuficiente —esa foi a progresión no seu discurso—, e pasa logo a presentalo como propio a bombo e prato, e mesmo a poñer anuncios na prensa e a dar roldas de prensa cando se abren as convocatorias; unhas axudas que xestionan, axilizan, que chegan a cubrir o 50 por cento dos alugueiros, cun horizonte, ademais, a cinco anos. E nós o que pedimos e volveremos pedir neste pleno é que complementen e completen con fondos propios, ademais de executar —que non o están a facer— os que chegan, os que están transferidos do Estado, e que ademais tamén artellen programas e medidas para eses estudantes que non poden acceder a ese Bono de Alugueiro. Xa sabe vostede que co prezo dos alugueiros están absolutamente nunha situación precaria e desprazados das súas localidades para poder estudar. E tampouco hai medidas para esas estudantes e para esas mozas e mozos.

Segue vostede poñendo o acento, cada vez que presenta os orzamentos, nese aval —5 millóns de euros— que vai solucionar o problema da emancipación; 5 millóns de euros en avais bancarios para unha mocidade que, insistimos, está absolutamente empobrecida e precarizada. E tal e como están as hipotecas, ¿pensa vostede que a política da Xunta de Galicia para impulsar a emancipación da mocidade é avalar a compra cos bancos?, ¿é hipotecarse, señora conselleira? (*Aplausos.*)

Agradezo —igual o deixou para a última quenda— que collese o recado e, polo menos —aínda que distorsionando, xa que consideramos que son poucos datos—, falásemos de mocidade e de vivenda e non de ocupación. Non nos decepcione na última quenda, por favor. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Para o peche ten novamente a palabra a conselleira de Medio Ambiente, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señora Otero, está vostede empeñada en que eu fale de ocupación. Non era a miña intención, pero si é certo que eu aquí falo dun paquete de medidas.

Eu non me centrei única e exclusivamente neses avais. Eses avais son un recurso que nos estaban pedindo os mozos galegos, e somos, xunto con Murcia, as dúas comunidades autónomas que os temos posto enriba da mesa. Créanme que hai moitos mozos que están pendentes da concesión dese aval, e a iso nos debemos. Debémonos ao que nos pide a sociedade galega, porque estamos coa sociedade galega e porque falamos coa sociedade galega; non nos nutrimos única e exclusivamente de anuncios, nutrémonos de traballo.

E falando de traballo, eu creo que todos deberíamos facer aportacións. E cando falo de aportacións, dígolles que vostedes están moi preocupados pola vivenda, pero eu tamén estou moi preocupada pola vivenda. Sería bo que lles mandasen recado a aqueles do seu mesmo signo político. Eu esta mesma semana estaba en Ferrol. ¿Sabe vostede cantos edificios temos adquiridos en Ferrol? Dezanove, que estaban en ruínas. ¿Sabe cantas vivendas sairían no casco histórico? Trinta e oito vivendas. ¿Sabe cal é o resultado? Que levamos dous anos agardando por licenzas. ¿Sabe que ocorreu nestes dous anos? Que xa tiñamos adxudicado a promotores para que fixesen a rehabilitación e agora o promotor dínos: fíxense, non podemos acometer a obra porque pasaron dous anos e os prezos, efectivamente, subiron moito. Co cal, hai 38 xoves, por poñer un exemplo, en Ferrol que poderían estar nunha vivenda onde pagaban 80 euros de alugueiro, pero a incompetencia, neste caso do Concello, o único que fai é facer que se agarde a que se nos estean derribando as vivendas en Ferrol.

¿Sabe o que está ocorrendo, por exemplo, en Vigo? Que poderíamos estar construíndo 1.600 vivendas, pero, para aprobar un plan parcial, temos que agardar ata tres anos. ¿Sabe vostede o que está ocorrendo en Lugo? Que agardamos ata ano e medio por unha licenza de primeira ocupación e que temos edificios que están rematados e resulta que os xoves non poden entrar en réxime de alugueiro. Esa é a realidade. *(Aplausos.)* Polo tanto, o que temos que facer é traballar todos da man e así lograremos ter máis vivenda pública.

Temos unha folla de ruta, e nesa folla de ruta, antes de que acabe a lexislatura, á parte das 3.700 vivendas públicas que temos neste momento no territorio, temos en marcha —e xa saíron a licitación os proxectos— 1.200 vivendas a maiores. Agardemos que non perdamos os recursos, como vimos perdendo reiteradamente ano tras ano, 3,5 millóns de euros en Ferrol ou 8 millóns de euros en Vigo.

Por outro lado, eu tamén lle diría que os xoves están preocupados, efectivamente, pero hai outra preocupación, que é pagar eses recibos da luz; aquilo polo que vostedes tanto protestaban cando a luz subía uns mínimos e do que agora resulta que non están dicindo nada ao respecto. Pero tamén cando van á cesta da compra. Esa é a situación que vive Galicia, pero é a situación que vive toda España.



E cando vostedes din «non execución» e que presumimos dunhas cousas e doutras, eu dígolles que somos transparentes e que somos realistas. Polo tanto, hai un bono para a mocidade, e ese bono para a mocidade dixemos que ía chegar a un tanto por cento moi pequeno dos mozos e das mozas galegas. Porque o señor Sánchez saía dicindo case que era universal. E saíndo a dicir que case era universal, recibimos 15.000 solicitudes. E, ao final, ¿sabe cal é o resultado? Que pouco máis de catro mil xoves galegos teñen acceso a ese Bono Alugueiro. Esa é a realidade. Pero, aínda así, fomos das primeiras comunidades autónomas en sacar a convocatoria; aínda así, somos das primeiras comunidades autónomas en resolver; e aínda así os máis de catro mil xoves galegos percibirán a súa contía, que ten efectos retroactivos, se tiñan asinado o alugueiro dende xaneiro do ano 2022, no mes de febreiro. Ese é o traballo que fai a Xunta de Galicia. Pero non só fai ese traballo, é que din aquí: é que os recursos veñen do Goberno central. Mire, iso non é así, jeh! Temos un plan de vivenda no cal a Xunta de Galicia aporta un 30 por cento. ¿Pero sabe que ocorre? Que, encima, dásenos ordes e, dándosenos ordes, ou as acatamos ou perdemos o 70 por cento. ¿E que fixo a Xunta de Galicia? Pois presentou emendas, dialogou, sentou coa ministra. ¿E que pedía? Pois pedía que eses xoves que comparten piso, se un non cumpre porque se excede dos recursos e outro cumpre, ese que compartía piso puidese ter opción a ese recurso. ¿E sabe que contestou o Goberno central? Que iso non se podía facer. Polo tanto, temos xoves en Galicia que están compartindo piso con outros xoves aos cales o Goberno central lle vetou a posibilidade de acceder aos 250 euros. Esa é a realidade que temos enriba da mesa.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Pero, é máis, quen veta que non poidan acceder a esa axuda os estudantes tamén é o Goberno central. Esa é a realidade palpable. Independentemente diso, se de algo nos sentimos orgullosos é de que estamos traballando arreo, de que o facemos da man da sociedade e de que 600 xoves de menos de 35 anos optaron a unha vivenda nos últimos tres anos en municipios de menos de 10.000 habitantes.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

En relación con este debate e, dado que fun citada en repetidas ocasións na primeira intervención, como son xuíz e parte, reservareime para explicarllo persoalmente fóra da sesión, porque me parecen asuntos importantes.

O que si me vou permitir corrixirille é o apelido, que non son «Candía», que son Candia. Así para a próxima vez que me cite pois xa é máis doado.

Rematadas as interpelacións, continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificar o Código penal para derrogar o delito de sedición

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra, por un tempo de tres minutos, dona Paula Prado del Río.



A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señor vicepresidente.

Onte podíamos ler nos dixitais unha noticia que é o resumo da política dos intereses do Goberno do señor Pedro Sánchez: *«Junqueras pide su absolución al Supremo amparándose en la reforma de la sedición y la malversación. Los exconsejeros condenados, Raül Romeva, Dolrs Bassa, y la que fuera presidenta del Parlament, Carmen Forcadell, también han pedido su absolución en la futura revisión de condena.»*

Junqueras estaba condenado a trece anos de prisión e inhabilitación, pero o Partido Socialista prefere vender os intereses dos españois aos intereses dos seus socios. Esta noticia de onte poderíámola ler da man dalgunha outra coma esta de *El País*: *«El Congreso aprueba el tercer presupuesto de la legislatura, pese a la tensión política. El Gobierno saca su proyecto de cuentas públicas de nuevo con el apoyo de independentistas vascos y catalanes»*. E a seguinte de Radio Nacional de España: *«Rufián reconoce que Esquerra Republicana utilizó el voto en los presupuestos como palanca de fuerza para la eliminación de la sedición.»*

En Galicia hai moitas cousas que dependen dun goberno de España ao que non lle interesan os problemas dos galegos. O único que lle interesa é seguir sacando adiante, precisamente, ese goberno e poder durmir na Moncloa e viaxar en Falcon, custe o que custe. Temos un presidente do que os galegos e os españois non nos podemos fiar. O mesmo presidente que modificou o delito de malversación e eliminou a sedición dicía nunha declaración institucional despois da sentenza do *Procés* dende a Moncloa: *«Esta sentencia pone fin a un proceso judicial que se ha desarrollado con plenas garantías y transparencia y, como corresponde a un estado social y democrático de derecho, el acatamiento de la misma significa su cumplimiento; reitero, significa su íntegro cumplimiento.»* Ese íntegro cumprimento pasou aos indultos e a rematar xogada con esta modificación do Código penal á carta dos seus socios independentistas.

E mentres en Galicia, pois mire, temos unha autovía cortada por un derrube dende hai sete meses; seguimos sen trens de alta velocidade; sufrimos unha nefasta xestión dos fondos europeos que impide a creación de miles de postos de traballo, e, como exemplo, temos o proxecto de Altri, en Palas de Rei; aprobaron unha lei que pon en risco o sector mar-industria, tan importante para a nosa comunidade, ou o permanente enrocamento do señor Sánchez en non tomar ningunha decisión dentro das súas competencias. Por iso dende Galicia diremos e pediremos todas as veces que faga falta que necesitamos máis médicos de familia.

Polo tanto, parece que temos un goberno, como dicía, máis ocupado en seguir sendo o Goberno dos intereses reais dos galegos, e por iso, señor vicepresidente, queremos saber que opinión ten o Goberno galego desta modificación do Código penal para a derogación da sedición.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Para a resposta, ten a palabra, tamén por un tempo de tres minutos, o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías, a verdade é que é unha mágoa que o Goberno galego teña que vir a este Parlamento a falar dun dos maiores atropelos á democracia na historia recente. *(Risos.)* Provoca risas, supoño que provocará risas, aínda que debería de provocar outro tipo de cousas, como vergoña.

É unha mágoa porque eu son consciente de que os cidadáns esperan que veñamos aquí traballar e falar de cousas necesarias, pero tamén é unha obriga para nós. É unha obriga vir defender a democracia deste país, da que algúns parece que se están a rir continuamente. Daremos a nosa opinión. Loxicamente, mostraremos a nosa oposición a quen desde os últimos tempos, desde que chegou ao Goberno, se dedica a atacar unha comunidade autónoma e a quen, ademais, se dedica a atacar a unidade de España. E é que dende a chegada á Moncloa do señor Sánchez sempre tivo no horizonte atacar unha comunidade autónoma como é Galicia —dicíao ben a señora Prado—, supoño porque estaba gobernada polo Partido Popular e era exemplo para moitas outras comunidades.

A verdade é que eu lle teño que dar malas noticias aos seguidores de Sánchez dun e doutro lado que aplauden e rin con este tipo de preguntas e tamén ao señor Sánchez. Primeiro, porque esa comunidade que viña atacar Sánchez dende o principio da súa chegada á Moncloa hoxe viamos, nas preguntas ao presidente, que xa recuperou o nivel PIB de antes da pandemia e que segue crescendo e segue sendo un exemplo para moitas comunidades.

En segundo lugar, porque o presidente que estaba naquel momento e se cansaron de atacar vai ser o presidente que vai desalojar o señor Sánchez da Moncloa e o peor goberno da democracia en España. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, porque o presidente que atacan agora, o señor Rueda, a verdade é que esta fin de semana viamos que nunha recente enquisa era valorado, non só polos galegos senón tamén fóra de Galicia, como un dos presidentes mellor valorados de toda España. Polo tanto, todo este tipo de cousas tenas que ter claras.

Pero o señor Sánchez tiña un só obxectivo: aprobar os seus orzamentos contra vento e marea. Quería aprobar os orzamentos como fose e non dubidou nin un só minuto en poñer en risco todo o entramado social e democrata de España, única e exclusivamente defendendo as chantaxes dos independentistas.

Iso fíxoo constantemente, e este novo PSOE e os partidos que apoian o Partido Socialista sempre que teñen oportunidade para poder desfrutar dun sillón son tamén cómplices desta situación. Son cómplices porque saben que están dispostos a facer calquera cousa, señora Prado, con tal de permanecer un día máis na Moncloa. É o único obxectivo que teñen: per-



manecer un día máis na Moncloa. E o máis grave xa non é que gobernen con Podemos... Por certo, aqueles que escapaban na campaña electoral e prometían que nunca gobernarían con eles. Non, iso xa non é o máis grave, o máis grave é que lexislan á carta para os delincuentes, a pesar de que os delincuentes din que van ser reincidentes. Isto non pasa en ningunha democracia consolidada, occidental, en ningún sitio; só pasa..., xa non vou dicir noutro tipo de país, pero, dende logo, en Europa non pasa en ningún sitio. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro

Para a réplica, ten novamente a palabra dona Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, efectivamente, en Galicia temos un goberno serio, que defende os intereses dos cidadáns, fronte a unha oposición que, canto peor, mellor. Neste mesmo pleno escoitabamos o conselleiro de Sanidade, mesmo o presidente da Xunta, falar do incremento de programas de cribado de cancro, e a oposición pois ríase. Fronte a un goberno serio, a oposición rise. Unha oposición que sustenta un goberno que toma medidas de costas á cidadanía, medidas erradas, como estas modificacións do Código penal para os delitos de sedición e malversación ou a Lei do «solo sí es sí», da que neste Parlamento tampouco escoitamos nin unha soa palabra dos membros do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Seguen calados e agochados. E non sei se iso tamén lles vai dar para rir, como fan outras; tamén igual o seguinte é que rían. Nós queremos falar disto, queremos falar para dicirlles ás vítimas que estamos con elas, que estamos ao seu carón e que estas circunstancias que estamos vendo xa advertimos no seu día que se ían dar.

Onte houbo cinco delincuentes máis beneficiados pola lei aprobada polo Goberno do señor Sánchez, e apoiada polo Bloque Nacionalista Galego, na Coruña; o día anterior, un en Marín; e hoxe mesmo, un en Santiago. Poden rir se queren; tamén como riu a señora Pam. Son historias durísimas que poñen os pelos de punta. As súas vítimas, moitas delas, son menores, nenos e nenas, e teñen que ver como quen as debería estar protexendo as deixa desprotexidas. E mentres, insisto, o Goberno de España ríndose. A señora Pam non nos representa; polo menos ás miñas compañeiras como mulleres non nos representa, e ten que ser cesada de inmediato. *(Aplausos.)*

E mentres o Partido Socialista modifica o Código penal para introducir as modificacións da sedición, para eliminar a sedición e a malversación, están pendentes centos de modificacións lexislativas do Código penal, do Pacto de Estado do 2017. Traereinas a este Parlamento, a esta Cámara, para ver o que votan vostedes, porque aí é onde vostedes se teñen que retratar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Réplica do Goberno por tres minutos.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, señora Prado.

A verdade é que, efectivamente, pasa isto, señora Prado. Primeiro rin, e, cando se dan conta do que estamos a falar e da seriedade do que estamos a falar, fixan a vista nos papeis e non volven levantar a cabeza durante toda a pregunta. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Isto é o que está a pasar en España, e é un problema. Porque aquí hai autores da Lei do «si é si» que son incapaces de recoñecer que foi unha chapuza lexislativa, a pesar de que moita xente do seu ámbito o está a pedir. Pero o problema non é ese, o problema son os cómplices que en moitos parlamentos e nos partidos políticos son incapaces de dicirlle ao Goberno que as cousas se fixeron mal e que as hai que cambiar. Son incapaces de posicionarse en contra do cambio do delito de sedición e malversación, son incapaces de dicirlle ao Goberno que se equivocou. Iso si, cando vimos ao Parlamento, o primeiro que fan é rir, porque isto é unha graza, e cando te pos serio e empezas a dar argumentos, entón, baixan a vista. E isto é o que temos.

Nós, dende logo, no Goberno galego, imos defender esta situación, imos seguir a defender, como dicía antes, contra vento e marea, a Constitución e a unidade de España. Creo que merece a pena poñerse do lado das vítimas, que merece a pena pensar e dicirlle ao Goberno, sexa do partido que sexa, que se equivocou. (*Aplausos.*) E iso non é unha tarefa só do Goberno da Xunta de Galicia, é unha tarefa de todos os parlamentos por unanimidade e de todos os partidos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a entrada en funcionamento da nova estación de autobuses de Vigo o pasado día 17 de decembro

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra don Alberto Pazos Couñago.

Prégolles silencio, por favor, para poder escoitalo.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Conselleira, o pasado día 17 de decembro entrou en funcionamento a estación de autobuses intermodal de Urzáiz, en Vigo. A pesar de que as obras estaban xa finalizadas e foron xa recepciónadas no mes de xuño, a nova estación de autobuses non puido poñerse en funcionamento e ao servizo dos vigueses e de todos os cidadáns ata que o Concello de Vigo rematou a execución da parte dos accesos que lle correspondían.

A infraestrutura, que recibiu un investimento de máis de dezaioito millóns de euros da Administración autonómica, supón unha importante mellora para os usuarios do transporte público de Vigo e da súa comarca e tamén para os moitos turistas que se achegan a coñecer



os indubidables atractivos das Rías Baixas, xa que todos eles poden combinar á súa conveniencia os servizos de tren e de autobús interurbano en cuestión de escasos minutos.

Calquera goberno municipal de Galicia, polo menos calquera que antepoña os intereses da súa cidade e os dos seus veciños aos seus propios intereses partidistas, celebraría a apertura dunha infraestrutura imprescindible para mellorar significativamente o transporte público no seu territorio.

Porén, para calquera que non coñeza os antecedentes políticos do alcalde de Vigo, resultaría incomprensible a actitude obstrucionista que mantivo o Goberno local, que, lonxe de facilitar a integración da nova estación no sistema circulatorio da cidade olívica, se adicou a inventar trabas e adiar fórmulas para dificultar a súa posta en funcionamento. A tal punto chega a obsesión do señor Caballero polo boicot a calquera actuación na que non poida poñer o carteliño da Alcadía de Vigo que na véspera —¡na véspera!— de poñerse en servizo a nova estación de autobuses modificou *ad hoc* a sinalización que regula a circulación vial, colocando un novo sinal de tráfico á saída da estación para impedir que os autobuses fagan un xiro fundamental cara á rúa Cervantes en dirección ao sur.

Pola contra, para os que si coñecemos o *modus operandi* do señor Caballero, a sorpresa é mínima, pois estamos familiarizados co seu gusto pola bronca, polo conflito e pola confrontación institucional, especialmente cando de transporte público falamos.

E tamén compre recoñecer que cando se trata de torpedear investimentos alleos, a súa imaxinación é practicamente ilimitada, aínda que iso supoña engadir máis caos ao xa habitualmente complexo tráfico de Vigo.

Pero, por moito que moleste ao señor Caballero, a estación intermodal é unha infraestrutura estratéxica para a cidade de Vigo e para toda a súa área de influencia. E por iso os deputados do Grupo Parlamentario Popular, que si nos preocupamos polo transporte público de Vigo, queremos saber cal é a valoración que fai o Goberno galego da entrada en funcionamento da nova estación de autobuses de Vigo o pasado día 17 de decembro.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

Para a resposta ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Pois, señoría, como dicía vostede, o pasado 17 de decembro púxose en servizo a nova terminal de autobuses da estación intermodal de Vigo. A pesar de todos os atrancos que tivemos, a nosa valoración desa posta en servizo é, dende logo, moi positiva. A un mes da súa entrada en funcionamento xa pasaron por esa estación de autobuses intermodal cen mil viaxeiros e realizáronse máis de cinco mil expedicións. O certo é que máis da metade desas expedicións



se fixeron a través dos accesos da AP-9. A nosa previsión anual é que sexan dous millóns de viaxeiros os que pasen por esa terminal de autobuses.

O certo é que foi un importante esforzo técnico, pero tamén orzamentario. Estamos a falar de 15,5 millóns de euros para a estación de autobuses; pero, ademais, 3,4 millóns de euros para eses accesos na propia terminal de autobuses. É unha obra, a da terminal, que forma parte do complexo intermodal —estación ferroviaria, centro Vialia, terminal de autobuses— e que foi posible grazas á Xunta de Galicia, con esa Lei 3/2016 para resolver o escollo urbanístico. Polo tanto, foi un fito importante que fixo posible a Xunta de Galicia, porque o Concello de Vigo non tiña PXOM e, lamentablemente, segue sen plan xeral. Nese sentido houbo esforzo técnico, económico e tamén administrativo para executar esta infraestrutura.

Foi necesaria, dende logo, a coordinación e a sincronización entre as tres administracións, e teño que dicir que con actos de moita xenerosidade por parte da Xunta de Galicia e tamén polos técnicos da Xunta de Galicia, e moita paciencia. Porque non todas as administracións tiveron a mesma responsabilidade, seriedade e respecto institucional con todos os acordos que iamos tendo. Dende logo, hai quen pensa que o conflito lle dá popularidade.

E nese sentido, a pesar dos atrancos para que se atrasase a posta en servizo, conseguimos poñela en servizo. Conta cun funcionamento que supón unha notable mellora para os usuarios, que gañan comodidade, tanto na parte de usuarios como no edificio de viaxeiros, nos accesos para os viaxeiros e tamén no que é o servizo público a través da AP-9. Polo tanto, estamos moi satisfeitos por esta posta en servizo da nova estación intermodal en Vigo, que facilita unha intermodalidade cómoda e segura. É unha infraestrutura máis moderna, máis céntrica, máis funcional e máis adaptada á mobilidade. E o certo é que é unha mágoa o deses atrancos que pretendían que esta estación intermodal non se puxese en servizo, pero conseguímolos.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica ten novamente a palabra, por un tempo de dous minutos, don Alberto Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.

Conselleira, os que formamos parte da área metropolitana de Vigo hai moito tempo que coñecemos a obsesión do alcalde da cidade olívica con calquera iniciativa que pretenda mellorar o transporte público na súa cidade. Para o señor Caballero, o transporte público non é un servizo básico que sirva para comunicar as persoas, senón unha escusa constante para forzar a confrontación entre institucións. Calquera persoa, calquera que se achegase a Vigo durante o pasado Nadal, puido comprobar os gravísimos problemas de circulación que sufriu a cidade durante semanas; un auténtico colapso circulatorio que chegou a poñer en serias dificultades a actuación das ambulancias, dos bombeiros e da policía.

«Non é posible atender unha emerxencia. Recemos por que non pase nada grave; de facelo, non podemos garantir a resposta» —non son declaracións do Partido Popular, senón do má-



ximo responsable do Sindicato Unificado de Policía—. A resposta do señor Caballero a esta denuncia da policía foron estas declaracións: «O dispositivo de tráfico funcionou á perfección». Señorías, negar a realidade non vai solucionar os problemas de tráfico de Vigo, pero apostar decididamente polo transporte público si podería aliviar parte deses problemas.

Vigo é a única cidade que boicotea o Plan de transporte metropolitano de Galicia; o mesmo —exactamente o mesmo— plan que asinaron os alcaldes socialistas de Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo, porque é positivo para a mobilidade nas súas respectivas cidades. Non se poden tampouco negar bonificacións de transporte a certos usuarios simplemente porque non sexan votantes potenciais do señor Caballero; primeiro, porque é unha ilegalidade e, segundo, porque é negativo para o tráfico da cidade. E, por último, señorías, non se pode boicotear a posta en marcha dunha estación intermodal, como tampouco se debería boicotear a posta en marcha dun hospital público nin boicotear a creación da área metropolitana nin boicotear o Camiño de Santiago. Simplemente, porque non é de recibo, por moito que se rían. Afortunadamente, o tempo e —hai que dicilo— o empeño da Xunta de Galicia amosaron que boicotear o progreso é imposible ata para Abel Caballero. Por iso, parabéns, conselleira, porque conseguiron sacar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas, señor Pazos.

Peche da pregunta. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo é que a cualificación que teñen algunhas actitudes é de incomprensibles. As obras da estación intermodal de Vigo foron rematadas, recepcionadas o 10 de xuño, e pretendíamos poñelas en servizo o 1 de agosto, e para as cales foron todo atrancos. Despois de moitos máis atrancos, conseguimos poñelas en servizo o 17 de decembro.

Unha infraestrutura destas características, estratéxica e moderna, o certo é que debería ser un motivo de celebración para o concello onde se implanta, como o concello de Vigo. E o que vimos, incomprensiblemente, non foi así, senón que houbo afirmacións peregrinas e diversas razóns e xustificacións sen fundamento para atrasar intencionadamente a posta en servizo. O Concello de Vigo incumpriu todos os prazos pactados na comisión de seguimento. Tamén deu a calada por resposta a todos os nosos requirimentos de solicitude de información para poder realizar a posta en servizo.

E hai datos moi concretos e afirmacións moi concretas. Os accesos da AP-9 da estación intermodal de Vigo son utilizados polo sesenta e cinco por cento das expedicións dos autobuses na estación intermodal. Iso pon de manifesto a relevancia deste acceso a través da AP-9. O alcalde de Vigo insistía continuamente, con falsidade, indicando que se podía abrir a estación



intermodal sen eses accesos da AP-9 e que eran insignificantes. E son uns accesos estratégicos de relevancia importantísima e que supoñen o sesenta e cinco por cento dos percorridos. Tamén, obviamente, o traslado dunha estación dun servizo público, como é o servizo de autobuses, ten complexidade e require tempo suficiente. E novamente volve trasladar falsidades sobre o procedemento para a tramitación administrativa e tamén técnica dese traslado e da posta en servizo dunha estación de autobuses, do traslado á nova estación. E o despropósito xa é ese sinal de prohibir o xiro á esquerda aos autobuses; é dicir, prohibir o xiro á esquerda pola rúa Cervantes a un servizo público —que é o servizo de autobús— pero permitir ese xiro á esquerda aos vehículos pesados de empresas privadas. Polo tanto, ese é un auténtico despropósito para rebentar un servizo público. A maiores, pois unilateralmente cambia o pactado para a construción do Halo. Impuxo unha modificación pese a ter acordadas outras cuestións para a construción do Halo. Estamos facilitando a súa construción pero, unha vez máis, unilateralmente fai modificacións.

Insisto, nós estamos orgullosos desa estación intermodal. Trátase dun gran nodo de comunicación que xa acolleu cen mil viaxeiros e cinco mil expedicións en só un mes.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia de atender as alegacións do Concello de Cambre respecto do trazado da vía Ártabra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Diciamos hai menos dun ano que dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza anularan a aprobación do proxecto e do estudo de impacto ambiental da vía Ártabra en Cambre. Por tanto, implicaba a anulación de parte do trazado da vía Ártabra. Esa anulación producíase por graves defectos xurídicos, porque o Consello da Xunta do 5 de decembro de 2018, do que a señora conselleira formaba parte e que aprobou o expediente, nin sequera analizou as alegacións efectuadas polos afectados.

Isto é unha manifestación máxima da súa arrogancia e prepotencia no manexo dos asuntos públicos. Neste tema vostede ten por costume botarlle a culpa ao Bipartito e ao Concello de Cambre. Pero iso non resiste unha mínima análise lóxica, porque o Bipartito rematou hai trece anos e o Concello de Cambre limitase a defender os dereitos dos veciños e veciñas e a gañar preitos que vostedes perden, poñendo de manifesto ilegalidades graves na súa xestión dun tema tan importante como o da vía Ártabra.

Vostede dicía o ano pasado que non se ía facer nin un centímetro máis da vía Ártabra ata que houbese garantías xurídicas. Agora o Tribunal Supremo non admite o seu recurso. Por tanto, confirma o que moitos xa dixemos reiteradamente neste Parlamento: que vostedes



actúan na ilegalidade, que a Xunta quere pasar o dereito polo arco do triunfo. E por iso levan vostedes uns revolcóns xudiciais enormes e teñen a desfachatez de botarlle a culpa ao Bipartito, cando se anulan actos do ano 2018 —só lle falta a vostede botarlle a culpa ao Tribunal Superior de Xustiza ou agora tamén ao Tribunal Supremo—. Pero a cuestión non é a quen lle botan vostedes a culpa, senón o que van facer vostedes para que avance a vía Ártabra. É unha obra fundamental para axilizar o tráfico na comarca da Coruña, que move a maior parte da riqueza de Galicia e que vostedes teñen, na práctica, case abandonada.

Tamén dicía vostede que non ía admitir imposicións, e parece que vostede, na súa soberbia, arrogancia e prepotencia, cando leva un revolcón xudicial, di: «pois agora non hai vía Ártabra». Porque iso é o que está transmitindo no fondo, aínda que tamén vostedes dixeron recentemente que non cambia a folla de ruta en canto a unha infraestrutura considerada estratéxica.

Pero o problema é que parece que a única folla de ruta que teñen vostedes é seguir atrasando unha obra que vostedes mesmos recoñecen como estratéxica e deixar no aire un investimento de corenta millóns de euros, que estaba previsto pero que parece que non se vai facer —polas últimas declaracións que fixeron vostedes—. A pesar do cal manteñen un trazado que non beneficia a comarca e que, no caso de manterse, será recorrido previsiblemente outra vez e a xustiza volverá tombar os seus actos. E a culpa será da súa arrogancia, prepotencia e desprezo polo dereito e pola comarca da Coruña. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, é vostede reincidente con cuestións da vía Ártabra. O certo é que eu creo que non procesou axeitadamente toda a información da que demos conta moitas veces neste Parlamento e toda a información tamén que recae nas propias sentenzas.

O certo é que as mentiras teñen as patas moi curtas e xa lles explicará vostede aos veciños da área metropolitana da Coruña a súa celebración como éxito —porque parece que para vostede é un éxito— que se paralice unha actuación estratéxica. Para nós é unha moi mala noticia, porque consideramos a vía Ártabra como vital e estratéxica para a competitividade da área metropolitana da Coruña, para regular o tráfico e desconxestionar, e para conseguir enlaces rápidos e seguros. E digo «seguros», por seguridade viaria, para que quede bastante claro e lle quede bastante claro a vostede.

Porque o certo é que estamos a falar dunha sentenza como consecuencia dunha ofensiva xudicial que está atrasando gravemente esta infraestrutura na que temos aí os investimentos, corenta millóns de euros. É unha infraestrutura que —insisto— incrementa a seguridade viaria ademais de reducir o tempo de percorrido. E isto é un prexuízo como consecuencia de caprichos xudiciais. Eu así o teño que dicir. E é un despropósito o que lle acabo de escoitar sobre todas as cuestións que trasladou, que de forma incomprensible tras-



lada. Porque eu insístolle e teño que dicirllo: o problema fundamental é que non se está cuestionando o trazado, é a forma. E o problema fundamental radica na aprobación de abril 2009. *(A señora Vázquez Mourelle amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Isto, ao que se fai referencia na sentenza. Déixollo aquí. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa llo explico, reiteradamente. A aprobación do ano 2009 —volvo insistirle— foi un trazado avalado polos técnicos do Bipartito, un trazado avalado polos técnicos de agora e pola consellería de agora, e avalado polos técnicos do ministerio daquel entón e polos técnicos do ministerio de agora mesmo.

Polo tanto, segue enfangando, e, sobre todo, sobre a sentenza. Eu a sentenza tamén a teño aquí: «*El contenido de la resolución recurrida... La aprobación definitiva del proyecto de trazado tuvo lugar en la resolución del 17 de marzo de 2009*» —DOG de abril de 2009—. E vén dicir o da incompetencia, porque tiña que ser elevado ao Consello da Xunta. Volvo dicir, a incompetencia foi en abril de 2009 ao ser aprobado este proxecto por parte do director xeral e pola Consellería e non elevalo ao Consello da Xunta. Polo tanto, é un error de forma que temos que lamentar, pero non un error sobre o trazado da vía Ártabra.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, dime que para min é un éxito que se paralice unha obra estratéxica. Pero non a paraliza eu, parálizaa vostede coa súa incompetencia e o seu desprezo polo dereito, a súa soberbia e o seu enrocamento en sostela e non emendala. Non mo explique vostede, por favor, que eu xa coñezo perfectamente o que di a sentenza. O que pasa é que vostede está terxiversando descaradamente o que din con claridade meridiana dúas sentenzas —non unha— do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que non se refiren ao ano 2009, que se refiren ao ano 2018, cando vostedes adoptaron un acordo para impulsar e aprobar un expediente sen nin sequera escoitar as alegacións dos afectados. Isto é unha auténtica aberración xurídica, e non a cometo eu, cométea vostede.

E —insisto— segue vostede coa soberbia e a arrogancia. Segue vostede botándolle a culpa ao Bipartito. ¡Que xa pasaron trece anos, señora conselleira! Impulse vostede a vía Ártabra en lugar de paralizala. Asuma vostede os erros. Asuma que o dereito está para cumprilo, non está de adorno. Non se enroque na soberbia. Insisto, non actúe basicamente como unha nena caprichosa que non tolera a frustración e rompe o xoguete, porque a vía Ártabra non é o seu xoguete, senón algo que vostedes mesmos recoñecen que é estratéxico. *(Murmurios.)* Acábaos de facer vostede, pero néganse pola vía dos feitos a impulsala.

A súa actitude é dunha obcecación tal que calquera diría que pretenden vostedes prexudicar unha comarca na que perden practicamente en todos os concellos sistematicamente as eleccións. A Coruña, señora conselleira, non pode ser refén da súa incompetencia, soberbia e arrogancia. A comarca da Coruña merece unhas infraestruturas que faciliten o seu dinamismo económico, porque o dinamismo económico coruñés vai en beneficio do conxunto



de Galicia. E desatascar a vía Ártabra é a súa responsabilidade. ¡Asúmaa! Deixe de botar balóns fóra ou deixe paso a quen o faga.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Sentenza. (A señora Vázquez Mourelle amósalles un documento aos membros da Cámara.) Aquí está a páxina da sentenza coa resolución de abril de 2009. Polo tanto, a min gustaríame que cambiase de estratexia, porque o certo é que non me parece coherente esa estratexia de insultos e dicir cousas que non son. Porque a sentenza está aí.

Eu vólvollo repetir. Explíqueillo e levamos meses dicíndoo. Están pretendendo impoñer un trazado político cando hai cuestións técnicas importantísimas, como é a seguridade viaria. E non falei de seguridade viaria na miña primeira intervención por capricho. Polo tanto, pediríalle que cambie de estratexia.

Nós imos concluír o enlace coa nacional VI. Imos cumprir a sentenza, pero hai que acabar o enlace da nacional VI, que non está afectado por esa sentenza. Executaremos ese enlace a tres niveis pola futura vía Ártabra. Na primavera estarán rematados. Rescindiremos o contrato coa empresa construtora e reiniciaremos todo o procedemento.

Moito tempo, moitos cartos perdidos, que é o que vostede quere traer aquí como éxito para atacar o Goberno galego. Pero eu voulle facer un espóiler: o trazado non vai mudar. A conexión da vía Ártabra non vai mudar —un espóiler, para que quede tranquilo—. O enlace en Catro Camiños non se vai executar; será no enlace da Gándara, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque así o dixeron os técnicos do Bipartito, a dirección xeral do Bipartito, os ministerios naquel momento e tamén os técnicos de agora e eu mesma. Porque coa seguridade viaria non se xoga.

E, dende logo, onde se conecta é un tema técnico. Nun despacho ou nun escano non me parece o lugar correcto para impoñer un trazado. Como dicía, estaban os técnicos do Bipartito e os técnicos de agora, porque é un proxecto aprobado polo Bipartito que ratificamos este ano 2018.

Eu, como usuaria da AP-9 —porque creo que non fai falta ser enxeñeiro nin ser soberbio nin soberbia—, pregunto: a vostede nesa bifurcación A Coruña-Ferrol na AP-9 ¿que lle parece como usuario —que seguro que somos todos usuarios— que se conecte e se pinche unha nova conexión, con eses trazados xa existentes, a menos dun quilómetro de onde vostedes están pedindo, en Catro Camiños? ¿Que lle parece a vostede, como usuario da AP-9? Reflexione. Pídolle que faga esa reflexión a próxima vez que vaia por esa bi-



furcación A Coruña-Ferrol. Estanme pedindo vostedes conectar aí, a menos dun quilómetro desa bifurcación.

Máis nada, moitas grazas, e vaia a seguridade viaria por diante.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María del Carmen Aira Díaz e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación dos recursos humanos establecida para o traslado e desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa, na cidade de Lugo

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Comezamos reseñando que é un motivo de celebración mellorar as instalacións sanitarias para a cidade de Lugo dotándoa dun centro de alta resolución, que esperemos que, efectivamente, sexa pioneiro en Galicia. Vaia isto por diante.

Despois de dez anos longos, por fin as instalacións que quedaron ociosas tras o traslado ao HULA van poñerse en funcionamento. Segundo sabemos pola prensa, neste primeiro trimestre de 2023 o centro de saúde da Milagrosa trasladarase ao renovado Materno Infantil para comezar obras no actual edificio, que, segundo di a prensa, tardarán un mínimo de vinte e oito meses; é dicir, moito tempo.

Todos estes cambios teñen implicacións variadas para o persoal e as súas usuarias e usuarios; ás veces é complicado separalas. A promoción na prensa non logrou darlles transparencia aos traballos, prazos ou condicións laborais nin tampouco á carteira de servizos sanitarios que se ofrecerá. Como dicíamos, vinte e oito meses é moito tempo para manter as incertezas.

Os e as profesionais nin coñecen nin participaron no deseño dos espazos, cando son os que mellor saben cales son as súas propias necesidades. De feito, non lle coñecen defectos ao edificio porque nunca foron visíto. E, como é recorrente cada vez que se inaugura unha estrutura sanitaria, os e as profesionais teñen moito que dicir. Pasou no HULA, pasou no Cunqueiro e pasará de novo neste edificio.

Hai falta de información sobre os criterios de escolla para elixir o destino, que debería xa estar resolto para que as persoas que vaian quedar nun sitio ou noutro poidan sabelo xa. Esta información tamén é interesante para os propios usuarios e usuarias. E aínda máis interesante e máis inmediato é saber se se vai prestar atención sanitaria no actual centro simultaneamente coas obras.

Outras zonas de sombra para o persoal son as relativas a como se van xestionar os equipos médica-enfermeira, no caso de que no seu momento exerzan opcións que os rompan, e como



afectará isto os doentes, ou como casa unha quenda deslizante cunha fixa cando non coinciden no mesmo equipo e como afecta as usuarias e usuarios.

Tampouco a poboación e os profesionais saben onde van quedar as prestacións farmacéuticas, pediátricas, odontolóxicas, o traballo social, a fisioterapia, a enfermería ou as obstétrico-xinecolóxicas. Non saben se van ter espazo no centro e cando irán a el ou ben se vai ser un persoal que preste servizos deslocalizados, como se está facendo actualmente.

Doentes que levan anos coa mesma médica e enfermeira, desenvolvendo relacións de confianza, poden ter que cambiar por cuestión de índole pragmática, como a cercanía ou o horario de atención. E isto, como é natural, cáusalles preocupación. Pero non só iso; tamén vai ser unha dificultade importante non ter onde aparcar cerca, e así sucesivamente.

Así que, por favor, explíquenos o que teñen previsto para solventar todas estas incertezas e o que motivou, ata o de agora, tanta ocultación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Inicialmente iamos falar de Moaña, un concello no que acabamos de cubrir dúas prazas por concurso de méritos —co voto en contra do Bloque— e de poñer en marcha unha infraestrutura de máis de nove millóns de euros —despois, iso si, de esperar dous anos polos terreos—. (*Murmurios.*) Parece ser que non, que teño que falar de Lugo —e fágoo encantado—, (*Aplausos.*) un sitio onde, neste caso, acabamos de cubrir tres prazas por concurso de méritos —e tamén votou en contra o Bloque— e temos investimentos en marcha por catorce millóns de euros —doce para o CIS, xa a piques de rematar, e 2,4 para a reforma da Milagrosa, que está en proxecto—.

Polo tanto, miren como está o desmantelamento da atención primaria galega. Pregunten por onde pregunten, hai novas prazas fixas e novos investimentos. Este é o suposto desmantelamento do que vostedes falan. (*Aplausos.*)

Pregúntame se imos dar información ao persoal sobre o CIS, sobre como vai ser o proceso de traslado a ese novo CIS e como vai funcionar a Milagrosa dende entón ata a súa reforma. Pois claro que si, claro que llela imos trasladar ao persoal e aos pacientes, porque estamos moi orgullosos das actuacións que estamos a facer polo seu ben. Non temos nada que ocultar, ao contrario. Ademais, mire, temos experiencia. Nestes anos levamos máis de cen centros novos e reformados, e cento vinte millóns de euros investidos. (*Aplausos.*)

A xerencia da Área Sanitaria de Lugo está a traballar no plan de apertura do novo centro, dado o avanzado das obras, e tamén falamos co responsable do centro de saúde da Milagrosa.



A formulación é comezar trasladando ao novo CIS as consultas de saúde bucodental e, posteriormente, doce dos dezaioito cupos de pacientes que ata agora están na Milagrosa, onde quedarían seis. A área está a estudar os criterios para a repartición, intentando non romper —como vostede dicía— os equipos de medicina e enfermería que atenden os nosos pacientes e tamén, na medida do posible, potenciando a proximidade ao domicilio. En todo caso, sempre cabe a posibilidade da libre elección de médico. Polo tanto, estamos traballando para que pacientes e profesionais teñan o mellor traslado e as mellores instalacións, tanto os que pasen ao novo CIS como os que queden na Milagrosa coa súa reforma.

Xa que fala de atención primaria en Lugo, avánzolle que nos gustaría tamén ter o mesmo compromiso, neste caso, cos pacientes do barrio do Sagrado Corazón. Pero lamentablemente o goberno do PSOE e do Bloque en Lugo é incapaz de conseguir unha parcela para construír un novo centro de saúde para eses profesionais e eses pacientes, igual que os da Milagrosa.

Nós seguiremos traballando para mellorar a atención primaria que recibe toda a veciñanza de Lugo. Agardo que dende o BNG se poñan as pilas nas institucións nas que gobernan para poder dicir o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Ben, señor conselleiro, menos mal que sabe cunha semana de anticipación de que se vai falar, por moito que se cambie de tema. Pasou corenta segundos falando de Moaña, cousa que lle agradecerán os usuarios e usuarias de Lugo e mais o persoal do centro de saúde afectado. (*Aplausos.*) Por outra banda, están traballando para eles pero sen eles, que é o que lle acabo de dicir eu na primeira parte. Trae todo tan preparado da casa que non sabe nin o que podo dicir, evidentemente.

Vou seguir a plantexarlle máis dúbidas para que queden no aire deste hemiciclo.

¿Cando se van trasladar a esas edificacións a base do 061 e o PAC de Lugo? ¿Van ter sitio no edificio cando este acolla o centro de saúde da Milagrosa ao completo ata que rematen as obras ou van —insisto— quedar os equipos convivindo coa reforma no vello centro? ¿Cando vai estar completa a dotación de persoal na Unidade de Laboratorio e Radioloxía para actuar como centro de alta resolución? ¿Que doentes de atención primaria van poder ser atendidos nos laboratorios de radioloxía? ¿De que centros? ¿En que máis vai consistir esa alta resolución?

Todas estas preguntas xorden, efectivamente, porque non houbo a información suficiente para os mandos intermedios e, por suposto, foi nula para o persoal e a poboación. É máis, o comité de primaria, lexitimísimamente representando o persoal, solicitou por escrito información sobre o asunto sen que tivese resposta. Nin tampouco as distintas organizacións sindicais por separado foron atendidas. Polo tanto, non estamos faltando á verdade se dici-



mos que nin as interesadas e interesados nin os seus representantes foron contestados nas súas coitas. Por iso lle reiteramos que corrixa estas mecánicas, que fagan as profesionais e a cidadanía partícipes das melloras que estas instalacións poidan supoñer na atención primaria e, nomeadamente, que ás traballadoras e traballadores non os deixen fóra das tomas de decisións, porque, digan o que digan, os están deixando completamente fóra e eles son os que máis poden aportar para que a mellora das instalacións se converta tamén na mellora da calidade asistencial. Non lles están dando esa oportunidade. É cuestión de poñerlle algo de bo trato e consideración, xa que, chovido o chovido, ben sabe vostede que tanto o persoal como a cidadanía vén gañado o teñen. Téñano en conta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas.

Señora Aira, non só imos falar co persoal do Centro de Saúde da Milagrosa un por un, é que imos facer con eles visitas ao novo CIS antes de que empece a funcionar, como facemos habitualmente, para que coñezan os espazos nos que van levar a cabo as súas funcións, e por suposto imos escoitar todas as súas achegas. *(Aplausos.)*

Ademais, como dicía, todos eles van utilizar estas instalacións —non sei se me escoitou—, por suposto, se se trasladan definitivamente, pero tamén o resto, pois serán trasladados provisionalmente a este CIS cando comecen as obras de reforma no centro da Milagrosa. O persoal xa coñece o plan funcional do proxecto que imos licitar para a reforma do actual centro. Presentáronse xa catro ofertas e, en canto as teñamos, verémolas co persoal e tamén recibiremos aquí as súas achegas. E, por suposto, todo iso será comunicado en tempo e forma tanto ás organizacións sindicais, aos representantes dos traballadores, como aos pacientes dese centro.

Señores do BNG, non enreden co tema da atención primaria na cidade de Lugo, porque teñen moi pouquiño que rascar. Dende o ano 2019, dentro do Plan de atención primaria, creamos e cubrimos 18 prazas novas de persoal da atención primaria da cidade; 4 prazas de medicina de familia e mais 1 de PAC; 9 prazas de enfermería, 5 delas de especialistas; 2 prazas de fisioterapeuta, 1 praza de traballador social e 1 praza de matrona. Destas prazas, a de traballo social, unha de enfermería especialista e unha de médico de familia, por concurso de méritos, de praza en propiedade —ao que votaron vostedes en contra—, son nese centro da Milagrosa. Son reforzos, polo tanto, como ven, cos votos en contra do BNG.

E, dentro dos máis de 160.000 euros que investimos para dotar de equipamento esa área sanitaria, esa cidade, preto de 30.000 foron para o centro da Milagrosa, neste caso, un espirómetro, un holter, un desfibrilador e un retinógrafo. Iso, os máis de 14 millóns para a construción do CIS e a reforma da Milagrosa son os feitos deste goberno coa atención primaria da cidade de Lugo. Infraestruturas e persoal. E, ¿cales son os do BNG? Pois seguen sen achegar esa parcela da que falaba para o Centro de Saúde do Sagrado Corazón. Este é o balance de cada un.



Non se obsesionen co traslado ao novo centro. É positivo para os profesionais e para os pacientes, e por moitas dificultades que queira buscarlle agora o BNG, non vai conseguir empañar esa realidade. Sei que lles gustaría, pero os feitos, neste caso, falan por si sós.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o suposto déficit de prazas MIR habilitadas polo Goberno central e a renuncia do Goberno galego a convocar a totalidade das que dispón

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Señor conselleiro, nesta época na que vostede abandonou xa os problemas de sanidade, na que os deixou por imposibles dende a súa consellería —ten moitos voluntariosos conselleiros de Sanidade aquí, parece ser—, neste momento no que vostedes baixaron os brazos, nós seguimos interesándonos polos problemas reais que ocorren. Iso si, son vostedes moi esforzados en botar culpas fóra: dos centros de saúde, a culpa téñena os concellos; das urxencias, os usuarios, que as usan mal; do problema dos recursos humanos, os profesionais, que son moi malos e protestan; e da falta de profesionais, o Ministerio. Teñen vostedes unha sopa fantástica para facer.

Miren, levan vostedes meses dicindo que o problema de atención primaria —como se fose un só— se soluciona con máis prazas MIR. Vostedes din que a solución para toda a sanidade é: máis prazas MIR; máis prazas MIR que lle piden ao Ministerio. Entón, imos falar de prazas MIR. Mire, en 2023, por non ir moi lonxe —xa sabe que este é o ano; dígoo porque, como ás veces non sabe que é conselleiro de Sanidade; eu intento lembrarllo—, Galicia tivo a maior habilitación da súa historia para prazas MIR. Quere dicir que tiña a posibilidade de convocar o maior número da súa historia.

Vostede, que moitas veces apelou incluso a que había intencionalidade política, debe saber —e sábeo— que o Ministerio lle habilitou a Galicia todas as prazas que pediu, ¡todas! E, ademais, é a comunidade autónoma que máis de longo viu habilitadas as súas prazas, máis do dobre que outras. Iso si, este dato é moi interesante: habilitando tantas, aínda está por debaixo da ratio das comunidades autónomas de España. ¡Mire de onde viñamos!

Pero, ¿que fixo este goberno con esa habilitación? Despois de pasar meses dicindo que o problema é de prazas MIR, deixou sen convocar máis de cen delas; de enfermeiras de primaria —que debe ser que non resollen o problema de primaria—, ¡29 sen convocar! Pero, en profesionais de saúde mental en todas as categorías temos a peor ratio de España; en oncoloxía, en anestesia ou en cirurxías non convocamos todas as prazas dos profesionais. Son vostedes



reincidentes. Hoxe non temos 180 médicos de primaria en Galicia porque vostedes decidiron durante a década pasada non convocalos; 180 que serían non os de hoxe —que tardan anos en estar—, senón os que xa se convocaran antes, que xa estarían formados e xa os teríamos hoxe. Son 180 médicos de primaria que non están porque vostedes non quixeron.

Vostede normalmente buscará culpables fóra, pero, mire, os datos deixan en evidencia este goberno. Pasan o día pedindo prazas MIR, pero, cando lle conceden a maior habilitación de prazas da historia —e aínda así estamos debaixo da media, porque viñamos dunha planificación horrenda—, somos os que máis porcentaxe de prazas deixamos sen convocar. E, ante todo isto, que vostede abandona a realidade, busca escusas, e as escusas vólvense en contra, a verdade é que, datos na man, quedan un pouco desnortados, e podería preguntarlle en varios idiomas, pero xa sabe que me gustar o cine: *Quo vadis*, conselleiro? (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para a resposta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Señor Torrado, vou comezar en castelán ou en galego, non en latín.

En primeiro lugar, voulle dar un par de datos que seguramente vostede vai negar, pero que se poden consultar publicamente: oferta de formación sanitaria especializada, ano 2023 —sí, ata o de agora sei en que ano vivo, señor Torrado; moitas grazas pola aclaración—, a maior oferta de prazas MIR da historia de Galicia, 620 prazas convocadas polo Goberno galego; o 85,6 das prazas habilitadas polo Ministerio. Oferta de formación do ano 2009: 360 prazas; o 80,4 das prazas acreditadas. *Quo vadis*, señor Torrado? (*Aplausos*.)

Polo tanto, hoxe vén vostede preguntar aquí a este goberno, que oferta 240 prazas máis —que é unha porcentaxe superior á que vostedes facían— de que imos. Pois, mire, seguramente isto o facemos así porque nos importa moito máis a formación sanitaria especializada que o que lles importaba a vostedes. Pero hai un factor que creo que o Partido Socialista necesita que se lle aclare: a necesidade que ten o sistema nacional de saúde nestes momentos é moi concreta, prazas de Medicina Familiar e Comunitaria. (*Aplausos*.)

Vouno expoñer doutro xeito sinxelo. Os especialistas de Farmacia Hospitalaria, de Análises Clínicas ou de Pneumoloxía que vostede pide formar non pasan as consultas nos puntos de atención continuada nin nos centros de saúde, señor Torrado. E a necesidade que temos está aí; é onde temos que cubrir as vacantes, porque, que quede claro, señores do PSOE, necesitamos máis médicos de familia; déixennos formar máis médicos de familia. (*Aplausos*.)

Vostede onte mesmo dicía que non fuxiramos de falar de atención primaria, que é onde están os problemas, e hoxe dime que por que non formamos máis oftalmólogos. Pois porque precisamente é aí onde non está o problema, na oftalmoloxía ou nas especialidades que vostede



acaba de comentar. O que necesita Galicia —e non só Galicia, senón todo o Estado— é formar máis médicos de familia, e por iso, nesa especialidade, Galicia cobre o cen por cento de todas as prazas que ten acreditadas. Porque, para que se faga unha idea, das 120 prazas desa especialidade que se amplían en todo o Estado, máis da metade son en Galicia, e ofertámolas todas. Iso si, un ano despois do que nos gustaría, porque as temos pedidas dende hai dous anos. E aínda, por se fose pouco, como digo, sete comunidades autónomas asinamos un manifesto onde dicíamos que había que flexibilizar estes criterios para poder formar máis médicos. O borrador que nos chegou antes, como como dicía tamén onte, pouco avanza.

Polo tanto, hai que seguir, como digo, traballando nestas prazas de Medicina Familiar e Comunitaria. Galicia está ofertando absolutamente todas e está facendo como xa dixeron no seu momento todas as comunidades autónomas no ano 2018. No ano 2018 todos os conselleiros de Sanidade das comunidades autónomas, incluídas as do PSOE, e o Ministerio chegaron a un acordo para formar máis médicos especialistas. Iso é, precisamente, o que está facendo Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, conselleiro.

Eu o latín a verdade é que o usei, pero case é o único que sei de latín. Iso si, o que si sei é —desculpe, Nerón— que non significa «¿de que vas?»; significa «¿a onde vas?». De feito, «¿de que vas?» é un pouco... De que vai este goberno xa o sabemos, pero o problema é saber a onde vai. (*Risos.*)

Mire, é que vostede me di: necesitamos máis médicos de familia porque non queremos oftalmólogos. Non lle falei de oftalmoloxía. Certo que lle falei dunha especialidade que non convocaron: Enfermería Familiar e Comunitaria, 29 prazas. E agora vostede dime: van dicirme que é mentira. Non, eu, fíxese, dígolle que todos os datos que deu vostede son verdade e entendendo que vostede non nega ningún dos que dei eu tampouco. Polo tanto, xa avanzamos algo. Compartimos os datos, agora imos interpretalos. Este ano deixamos de convocar 29 prazas de Enfermería Familiar e Comunitaria, de enfermeiras que están despois nos centros de saúde. ¿Non resolven nada en primaria?, ¿nada? Non son oftalmólogos, jeh!, señor conselleiro; son enfermeiras de Familiar e Comunitaria, nos centros de saúde; pois 29 sen convocar. ¿Por que? Porque non son oftalmólogos, son persoal de primaria. Vostedes miran só para os médicos, pero hai enfermeiras tamén, e debería haber moitos máis especialistas que non hai.

Pero xa que vostedes queren que formemos médicos de familia e din: «que nos dean máis», permítanme darlles dous datos —e creo que xa os dei antes; polo tanto, non mo discutiu, son certos—. Primeiro, Galicia ten todas as prazas que pediu. Vostede, ¿que quere?, ¿que o Ministerio lle faga a convocatoria e lle diga onde os teñen que formar?, ¿ou que lle dean prazas sen saber onde se van formar? Pidan acreditacións. Todas as que pediron foron conce-



didias, ¡todas! E é certo, pediron ultimamente moitas e todas están concedidas, e, aínda así, seguimos por debaixo da media do Estado na ratio. Polo tanto, viñamos de algo moi malo.

Pero, ademais, é que hai unha pregunta nítida. Vostede fálame do Bipartito, que lle gusta moito —ultimamente ten unha vocación de oposición ao Bipartito enorme—. Eu estaba na facultade, pero a min gustoume aquel goberno. Pero voulle preguntar por un dun pouco máis adiante, que tamén existiu: 180 médicos de familia que non temos hoxe porque vostedes decidiron que non os tiveramos. ¿Por que?...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Mire, señor Torrado, as prazas acreditadas para a formación significan tope máximo da capacidade formativa potencial dunha comunidade autónoma. Por iso, ningunha das dezasete comunidades autónomas cobre o cen por cento das súas prazas. Nós cubrimos o 85 por cento. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* E mente vostede, permítame que llo diga, porque non somos os últimos. *(Murmurios.)* Navarra e Cantabria sacan menos ca nós das acreditadas. *(O señor Torrado Quintela: As mesmas.)* Non, as mesmas, non; menos. Mire ben as táboas, señor Torrado. En todo caso, cinco puntos por riba do que facían vostedes.

O extraordinario é ter que utilizar o tope de capacidade formativa, estar ao cen por cento, como estamos en Medicina de Familia; por certo, tamén en Pediatría, Radiodiagnóstico, Medicina Interna ou Xeriatria. É por iso que pedimos crear aínda máis, porque chegamos ao tope e non é suficiente. E a estas alturas, señor Torrado, teño que explicarlle o que piden todas as comunidades autónomas, incluídas as do PSOE: non é formar coas regras de xogo actuais, senón mudar, flexibilizar —ano 2018— os criterios para formar máis. Terá vostede que documentarse mellor.

Das especialidades que vostede comenta, non temos déficit no sistema. Se se xubila alguén ou creamos algunha praza, como acabamos de crear este ano de Enfermería Especialista —que tanto lle preocupa—, non hai ningún problema, podemos tirar das listas; temos profesionais de sobra para cubrilas. Por certo, somos a comunidade autónoma que máis enfermeiras especialistas ten en toda España, coa categoría creada e con prazas en propiedade, xa en oposición. En Medicina de Familia non é así, e esta é a anomalía. Por iso, como dicía, no ano 2018 chegouse a un consenso para resolver esa anomalía, ata que chegou un goberno cun presidente que decidiu rompelo. Está claro que non podo culpar os conselleiros socialistas, que todos piden o mesmo, incluso non podo culpar tampouco os cinco ministros que pasaron por aquí, que van todos polo mesmo rego: non facer nada.

Pero hai un elemento común, hai unha decisión común, que é probablemente aí onde está o problema. Vostedes saberán por que —aínda que ao escoitalos aquí non é difícil saber por que está pasando—. O proxecto de regulación que, como dicía, nos chegou o luns, a verdade



é que é unha declaración de intencións. Continúa co veto de que non se poida formar se non hai catro médicos de familia. Esta situación que estamos a vivir de Familiar e Comunitaria ¿é tan grave para non permitírnos, por exemplo, formar residentes no Pereiro de Aguiar, en Mondoñedo ou en Abegondo? ¿A alguén lle cabe na cabeza que o Ministerio siga asfixiando así a capacidade formativa do Sistema Nacional de Saúde?

Fala vostede, señor Torrado, das prazas que deixamos sen cubrir. Mire, cando o PSOE —e vostede estaba na facultade, xa o dixo— gobernaba, só se cubría o 70 por cento das prazas. Deixáronse de cubrir nese período 150 prazas de Familiar e Comunitaria. Evidentemente, dende o 2009 foise subindo ata chegar á situación actual. Por iso, como digo, agora estamos a formar esas 207 prazas, que son o dobre dos 88 especialistas en Medicina Familiar dos que se formaban por aquel entón.

Polo tanto —como digo—, Galicia foi a comunidade que máis aumentou as prazas, un 14 por cento; a súa querida Asturias subiu un 2 por cento, por exemplo. E imos seguir pelexando e defendendo formar máis especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Bueno, pois non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

